


CORGA

REVISTA ANUAL DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

Nº 8 ANO 2021



centro de estudos do corgo

EDITA
Centro de Estudos do Corgo (C.E.C.)

CONSELLO EDITORIAL
M^a Consuelo Vázquez Castro
Mario Outeiro Iglesias
Xurxo Xosé Rodríguez Lozano
Josefa González Díaz
Manuel Fernández López “Lolo”
Roberto Rodríguez Páramo
Xosé Manuel Castro Castedo

DESEÑO E IMPRESIÓN
Grafinco

DEPÓSITO LEGAL
LU 149-210

ISSN
2171-6013

CORGA

REVISTA ANUAL DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO
Nº 8 ANO 2021

Agradecemento expreso ao Concello do Corgo porque sen a súa colaboración económica esta empresa non daría saído adiante.

EDITA

Centro de Estudos do Corgo (C.E.C.)

CONSELLO EDITORIAL (Xunta Directiva)
M^a Consuelo Vázquez Castro (Presidenta)
Mario Outeiro Iglesias (Vicepresidente)
Xurxo Xosé Rodríguez Lozano (Secretario)
Josefa González Díaz (Tesoureira)
Manuel Fernández López “Lolo”
Roberto Rodríguez Páramo
Xosé Manuel Castro Castedo (Vocais)

COMITÉ CIENTÍFICO

Felipe Arias Vilas
Javier Gómez Vila
Xosé Manuel Castro Castedo
Ruben Ruibal Armesto
Ana Cabana Iglesia
Emilio Carral Vilariño
Daniel López Vispo
Xoán Ramiro Cuba Rodríguez
Antonio Reigosa Carreiras
Xabier Bruña García
Felipe-Senén López Gómez
Manuel Lamas Castro
Adolfo de Abel Vilela

ASESORÍA LINGUÍSTICA

M^o Consuelo Vázquez Castro

ASESORÍA TIC

Mario Outeiro Iglesias

*Centro de Estudos do Corgo (C.E.C.)
Casa das Asociacións s/n
27.163 O Corgo (Lugo)
ocorgo@gmail.com
<http://ocorgo.blogspot.com>*

EDITORIAL

Hai un ano saía do prelo o nº 7 da revista Corga co obxectivo de recuperar unha regularidade perdida nos últimos anos. Tardou en presentarse por mor da pandemia, pero no verán espreguizámonos e presentámola en sociedade. Fixémolo no Centro Sociocultural do Corgo nun acto aberto e ao que puido asistir todo aquel que quixo, levando un exemplar de agasalho. Contamos coa presenza dos autores e puidemos saborear un pequeno resumo do seu contido.

Con moito esforzo de por medio estamos orgullosos de presentar un novo exemplar da revista. Conta cun artigo menos do que é habitual pero os catro que o conforman teñen entidade e extensión de abondo para completar un número que nos dará a coñecer moitos aspectos ignorados sobre o noso concello.

Con estes catro traballos damos a benvida a dous novos socios. Por unha banda, Marco Antonio García-Gabilán Sangil, secretario do concello e fiel seguidor da revista dende o número 1. A súa densa axenda fixo que a súa achega se demorase pero con esta estrea agardamos velo de novo no índice de futuras revistas. Marco fai unha descrición pormenorizada dun tema que lle trouxo moitos desvelos como funcionario municipal, o deslinde entre os concellos do Corgo e Lán cara. A outra novidade é Lois Ladra que está traballando arreo para recuperar a nosa memoria colectiva co proxecto Corgoral. Froito dese traballo, Lois

preséntanos a prensa escolar como fonte para recompilar a literatura oral, que no caso do noso concello está centrada no estudo das revistas dos colexios do Corgo e da Pobra de San Xiao.

Pero acompañando aos novos socios temos a Óscar González Murado que se estreou no número anterior cun artigo sobre os cregos do concello. Óscar tráenos neste un traballo sobre as capelanías e os capeláns que houbo no concello, un traballo minucioso de investigación que sorprenderá a moita xente con datos ben curiosos. E acompañando a Óscar temos a un veterano da revista Corga, Mario Outeiro Iglesias, que nos trae no seu quinto estudo un artigo sobre o románico do Corgo. A través dunha ruta (ou tres se as facemos a pé) o autor vainos guiando por dez sinxelas pero interesantes igrexas románicas do concello.

A todos eles moitas grazas por seguir aportando coñecemento sobre o Corgo. Agradecementos que queremos estender á administración local, ó Concello, que financia integramente a revista deixando claro que a investigación do que fomos, o que somos e o que seremos é unha prioridade clara. Por último, grazas a vós, lectores e lectoras que amosades interese por este noso concello. Vémonos no número 9!

O CONSELLO EDITORIAL

ÍNDICE

Marco Antonio GARCÍA-GABILÁN SANGIL	
O deslinde municipal entre os concellos do Corgo e Láncara	06
Lois LADRA	
O proxecto CORGORAL e a prensa escolar como fonte para a recompilación da literatura popular no Corgo	22
Óscar GONZÁLEZ MURADO	
Capelanías e capeláns do Corgo	32
Mario OUTEIRO IGLESIAS	
O románico do Corgo	54
MEMORIA DE ACTIVIDADES DA A.C. ARUMES DO CORGO E CEC	68
DOCUMENTACIÓN PARA INSCRICIÓN COMO SOCIO/A DO CEC	73
NORMAS DE PUBLICACIÓN	80

O DESLINDE MUNICIPAL ENTRE OS CONCELLOS DO CORGO E LÁNCARA

García-Gabilán Sangil, Marco A.

Licenciado en Dereito. Funcionario da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.

Secretario do Concello de O Corgo

Correo electrónico: garciagabilan@gmail.com

AGRADECEMENTOS

A meu pai, quen se atopa no derradeiro tramo do seu camiño, e xa non pode comprender esta historia. A miña nai a quen boto moito de menos.

RESUMO

Na década dos anos noventa do século pasado, o Concello de Láncara interpuxo un conflito de competencias diante da Dirección Xeral de Xustiza e Relacións coas Corporacións Locais, por mor dunha licenza urbanística concedida polo Corgo.

Este artigo pretende contar a historia do deslinde entrámbalas entidades locais desde as súas orixes ata o recoñecemento do límite municipal entre os fitos 1 (Carboeiro) ao 25 (monte San Marcos ou Cotón, xa en terras de Trasliste, Vilarello e Santalla do Alto) que tivo lugar entre 2013 e 2017.

PALABRAS CLAVE

Deslinde do termo municipal: operación realizada para definir a liña que define o ámbito territorial onde un concello exerce as competencias que lle atribúe a lei.


Fito, marco, mollón ou mouteira: pedra cravada no chan para sinalar os lindes dun terreo ou dun termo municipal.

Marcaxe: acción de fixar os marcos nun lugar concreto.

1. LIMIAR

O concello constitucional de O Corgo, tal como hoxe o coñecemos, constituíuse segundo a Circular da Xunta de Goberno provisoria da provincia de Lugo, do 9 de outubro de 1840¹, xa que o antecedente, creado polo Real Decreto do 23 de xuño de 1835,

denominado <<Puebla de Aday>>, tiña un termo municipal distinto ao actual². Con anterioridade a esta data, en concreto entre 1826 e 1829, o ilustrado afrancesado Sebastián Miñano Bedoya publicou o *Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal*, onde se inclúe a voz <<Puebla de Aday>>, como unha xurisdición de España, en Galicia, na provincia de Lugo, que abranguía freguesías do actual termo municipal, e algunhas dos contemporáneos municipios limítrofes de Láncara e Castroverde³.



Libro de actas do ano 1840 do concello constitucional da <<Villa y Puebla de Aday>>

¹BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO, Nº 88, de 18 de outubro de 1840, citado por José FARIÑA JAMARDO no seu libro "Os concellos galegos".

²Ao entón concello de Pobra de San Xiao pertencíanlle, entre outras, as parroquias seguintes: Castrillón, Cerceda, Lapio, Maceda, Abragán, Camoso, Cela e Escoureda; e ao de Lugo, as parroquias de Segovia e Vilachá (*ibid.*, nota anterior)

³MIÑANO Y BEDOYA, Sebastián. Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal publicado entre 1826 e 1829, con once volumes. As freguesías que conformaban a Xurisdición da <<Puebla de Aday >> eran: Santiago de Aday, Sta. Catarina de Anseán, San Paio de Arcos, San Fiz de Bergazo, Sta. Mariña de Cabreiros, San Xulián de Campelo, San Salvador de Castrillón, San Pedro de Cellán, Santo André de Chamoso, San Cristovo de Chamoso, San Xoán do Corgo, Santiago de Espasante, Santo Estevo de Farnadeiros, San Martiño de Folgosa, Santo Estevo de Folgosa, Sta. María de Franqueán, Santiago de Laxosa, San Cosme de Manán de abaixo, Santa María de Marei, Santiago de Miranda, Santa María de Moreira, Santo Estevo de Pademe, Santa María de Piñeiro, Sta. María de Queizán, Santalla de Quinte, Sta. María Magdalena de Sabarei, Santo Tomé de Souto de Torres e San Salvador de Soutomerille.

O alcalde constitucional segundo, Antonio Bande, nolo conta así, cando o 2 de outono de 1876 recoñece o selo da alcaldía diante do partido xudicial de Lugo: <<Llevando desde antiguo este distrito el nombre de jurisdicción de Aday, por la segregación de algunos pueblos, y la unión de otros a su término municipal, se le ha dado el nombre de Alcaldía del Corgo, por cuanto la parroquia de San Juan del Corgo, de que toma el nombre, se halla en el centro de su término. Es el único sello de Alcaldía que hace veinte y ocho años, poco más o menos, se viene usando>>⁴.

Non obstante, non se conservan no arquivo municipal de O Corgo, actas dos órganos de goberno da <<Villa y Puebla de Aday>> anteriores a 1840; o libro de actas máis antigo comprende as sesións celebradas entre 1840 e 1856, ambos inclusive, correspondendo as daquel ano a este concello⁵, e as restantes ao de O Corgo, en concreto, desde a acta da sesión do 7 de febreiro de 1841 en adiante.

Nas primeiras actas das sesións destas dúas entidades locais —<<Puebla de Aday>> e Corgo—, non atopamos ningún acordo relativo á liña divisoria do distrito destes municipios cos seus limítrofes. Tampouco consta nos ficheiros do arquivo municipal ningún expediente relativo a este asunto, agás o deslinde e marcaxe que tivo lugar entre 1889 e 1890 co Concello de Láncara.

A orixe deste deslinde débese ao gobernador civil da Provincia de Lugo, César Ordax-Avecilla quen, o 1 de outono de 1889, ditou a Circular nº 179, onde lembraba aos alcaldes —con apercibimento de multa de 25 pesetas— a obrigatoriedade de marcar e deslindar os termos municipais, tal como esixía o Art. 13º do Real Decreto de 30 de agosto de 1889, do Ministerio de Hacienda⁶, co que se pretendía adiantar as operacións para determinar as liñas divisorias dos concellos mediante a formación e medición dos planos perimetrais, coa

⁴Arquivo Histórico Nacional. Sinatura_Tinta_Lugo, 10 N, 16.

⁵ARQUIVO MUNICIPAL DE O CORGO. Libro de actas, caixa nº 75. As actas que se conservan da <<Villa y Puebla de Aday>> refírense ás sesións seguintes: 23 e 28 de febreiro; 8, 14, 18 e 28 de marzo; 4, 11, 18 de abril; 2, 11, 23 de maio; 26 de xuño; 14 de agosto; 4 e 9 de setembro; e 14 e 29 de novembro, todas de 1840.

⁶<< MINISTERIO DE HACIENDA>>. Real Decreto de 30 de agosto de 1889 asinado polo ministro, Venancio González, e a raiña rexente, Dª María Cristina, publicado no BOP de Lugo de 7 de setembro do citado ano.

derradeira finalidade de obter datos certos para <<discutir con los ayuntamientos y contribuyentes cual sea la verdadera riqueza imponible de su respectiva localidad>>. De feito este era o obxectivo que perseguía o proxecto de lei presentado nas Cortes o 25 de xuño daquel ano, polo ministro de Hacienda, o toledano Venancio González Fernández, membro do entón goberno liberal-fusionista de Práxedes Mateo-Sagasta e Escolar, que quedaría pendente de tramitación pola suspensión das sesións das Cortes.

O Corgo tomou razón destas disposicións na sesión do 29 de setembro de 1889⁷, e acordou que pola alcaldía <<usando de los medios que crea oportunos se explore el criterio de los Ayuntamientos limítrofes acerca del modo más económico y aun menos vejatorio que pueda emplearse para cumplir aquella disposición, convocando luego al Ayuntamiento a sesión a fin de llevar a cabo el nombramiento del personal y Comisión prevenidas>>.

Resultado deste real decreto é o deslinde e marcaxe a que nos referimos anteriormente, sendo o máis antigo que se coñece entrámbolos dous concellos. Porén, non podemos afirmar de xeito categórico que non se tivese realizado outro anterior, xa que dunha lectura atenta das actas levantadas con ocasión dos traballos de marcaxe e deslinde, obsérvase como os membros das comisións delimitadoras, e os lugareños que as asisten, identificaron certos elementos físicos como marcos ou fitos delimitadores entrambos distritos, como, por exemplo, nas seguintes descrições: <<... se procedió a colocar un mojón nuevo *junto al que en dicho monte y de antiguo se reconoce* y ha aceptado como punto límite de los tres distritos>> (Acta 1ª de 19 de novembro de 1890); <<...se hayó una peña con siete hoyos que los concurrentes manifestaron *era el punto de división entre ambos términos* y conocerse con el nombre de sete pías...>> (Acta 3ª mollón 11); <<se halló una piedra de canto, figura esférica, la cual según los concurrentes *es el mollón que divide ambos términos y como tal la reconocieron*...>>

⁷A ARQUIVO MUNICIPAL CORGO. CAJA nº 75. Libros de actas.

(Acta 5ª mollón 25); <<... se halló una peña plana con la superficie que descubre un metro de diámetro, en la que se reconoció una Cruz y según los concurrentes, es el punto de división de ambos términos municipales...>> (Acta 5ª mollón 29); <<...en el sitio próximo al Molino do Rizo de Abragán, llamado José Porto, se halló una piedra plana con la superficie también plana, la cual reconocieron los concurrentes, como mollón antiguo y se tuvo por nuevo para la división de ambos términos...>> (Acta 6ª, fito 62).

Mesmo pódese formular a idea de que para fixar a liña divisoria as comisións utilizaron fitos que de antigo servían para os ámbitos territoriais das parroquias limítrofes: <<... se halló un guijarro vulgo seixo, de figura irregular, aplanada, el cual se reconoció como mollón por los concurrentes y ser el que divide las parroquias de San Juan de Traslite de Láncara y Santa Eulalia en el Corgo...>> (Acta 4ª mollón 22).



A comisión delimitadora do Corgo nas "Sete Pías", o 28 de maio de 2013; fito nº 11 C=102 L, de dereita a esquerda: José Antonio Ferreiro, Marco A. García-Gabilán, Domingo Pérez Lidor, Marcos Trashorras e Felipe Labrada

2.- A NORMA SUBSTANTIVA: O REAL DECRETO DE 30 DE AGOSTO DE 1889

A proposta do ministro citado, a raíña rexente expediu⁸, en San Sebastián, o Real decreto de 30 de agosto de 1889. Nel establecíanse polo miúdo, as normas que debían observarse para a renovación dos fitos permanentes que determinarían a liña divisoria dos respectivos termos municipais.

⁸Conforme ao Art. 54 da Constitución de 1876 corresponde a El-Rei a expedición dos Decretos. Neste caso expídeo a raíña rexente, Dª María Cristina de Hasburgo, por mor da minoría de idade de El-Rei Alfonso XIII.

Como se deriva da redacción, a norma regula a renovación dos marcos, o que implica que deberían existir marcaxes anteriores á súa vixencia, pero como se indicou anteriormente, alomenos no termo de O Corgo, non atopamos ningunha documentación en que constasen estas operacións realizadas con anterioridade á data do real decreto, sen prexuízo do xa indicado referente ao recoñecemento de fitos preexistentes.

O real decreto ao que nos referimos, non presenta ningunha estrutura, é dicir, unha organización sistematizada das súas disposicións, en capítulos ou seccións, que ordenasen de xeito harmonioso as diferentes prescricións que debían observarse nas operacións para determinar a liña divisoria dos termos municipais. Non obstante, e co fin de clarificar do que imos a falar, organizaremos o seu contido da seguinte maneira:

2.1. ÁMBITO SUBXECTIVO

O real decreto obrigaba a tódolos concellos da Península, Illas Baleares e Canarias. Quedaban excluídas as provincias de Albacete, Cádiz, Córdoba, Xaén, Madrid, Málaga e Sevilla, xa que nestas o *Instituto Geográfico y Estadístico* tiña rematados os traballos de elaboración do mapa.

2.2. PROCEDIMENTO PREVIO ÁS OPERACIÓNS SOBRE O TERREO

Previamente á execución das operacións de renovación, os concellos tiñan que nomear unha comisión de tres individuos elixidos no seu seo, presidida polo alcalde, auxiliada polo secretario municipal e acompañada de dous peritos coñecedores do termo municipal con longa práctica nel. Os alcaldes debían dar parte aos gobernadores e delegados de hacienda do nomeamento e constitución desta comisión, do comezo das operacións e cada oito días, da marcha e adiantos dos traballos.

2.3 AS OPERACIÓNS MATERIAIS DE RENOVACIÓN DOS MARCOS QUE PERMITISEN DETERMINAR A LIÑA DE TERMO MUNICIPAL

Os traballos tiñan que ir precedidas de edictos e pregóns en cada localidade, facendoo saber aos alcaldes cunha antelación de tres días.

Os fitos colocaríanse de xeito que se puidese ver o anterior e o posterior, branqueándoos sempre que fose posible, co fin de que se puidesen albiscar desde lonxe. A súa construción faríase con materiais duradeiros que se atopasen nas proximidades, establecendo neles un sinal <<particular permanente que permita a súa comprobación en todo o tempo>>. Aínda que tamén poderían aproveitarse rochas ou pedras, que serían gravados con iniciais do distrito municipal respectivo na cara que mirase á poboación. No caso que a liña divisoria fose un camiño, cañada ou vereda, non se colocarían marcos ao longo do seu perímetro, pero si un en cada extremo que enlazase co resto da liña de delimitación.

As comisións tiñan que escoitar aos propietarios de terreos que fosen atravesados ou tocados pola liña divisoria, ou aos representantes de concellos cuxos distritos sexan colindantes, sempre que comparecesen ao acto, debendo examinar os documentos que se achegasen, co fin de esclarecer a correcta dirección da liña divisoria. Non obstante, a renovación dos fitos non afectaría xuricamente nin á posesión nin á propiedade.

As operacións de marcaxe recolleríanse nunha acta na que se debía describir polo miúdo os antecedentes que serviron de base para fixar a liña do perímetro municipal, describindo a súa dirección, forma e dimensións, a distancia entre un e outro marco, os materiais con que se construíron ou do que estivesen compostos, así como o sinal antes indicado.

As actas arquivaríanse na secretaría do concello, remitíndose dúas copias ao Goberno provincial e unha á “Delegación de Hacienda”.

2.4 MODO DE ACTUACIÓN NO SUPOSTO DE DISCREPANCIAS ENTRE AS COMISSIONS

Cando os concellos colindantes non estivesen conformes coa situación dalgún dos marcos que determinasen a liña divisoria, cada comisión establecería ou restablecería os que, segundo os antecedentes obrantes no seu arquivo respectivo e a declaración dos peritos, creese << corresponder

a la línea que su respectivo ayuntamiento mantenga, sin perjuicio de que en su día, y por los trámites legales y Autoridades competentes, se dirima la discordia y se determine la línea que en derecho corresponda>>. Se houberse conformidade, os mesmos marcos servirán para os dous termos, gravando na cara do marco o sinal especial que mire á poboación respectiva e o número que lle correspondese.

2.5 PERSOAL COLABORADOR E BAGAXES NECESARIOS

O personal auxiliar e bagaxes que as comisións precisasen para realizar os traballos se subministrarían por prestación veciñal, consonte á lei municipal vixente, e os custos serían sufragados polos concellos con cargo ao capítulo correspondente dos orzamentos ou ao de imprevistos.

3.- O DESLINDE ENTRE OS CONCELLOS DE LÁNCARA E O CORGO DO SÉCULO XIX

O documento en que se recollen as operacións de deslinde marcaxe, a que nos referimos, consérvase no arquivo municipal do Concello de O Corgo. Consta de vinte páxinas, escritas a man en castelán e sobre papel duns 31,60 cm de alto por 22,05 cm de largo. Componse de oito actas, todas cosidas por uns fíos na parte superior, medio e inferior. Comeza pola acta de 19 de novembro de 1889 e remata na acta de 2 de maio de 1890, nas que se describe con precisión cada fito e se indica a súa ubicación. Na operación recoñecéronse e establecéronse setenta e seis marcos que distan entre eles unhas distancias que van desde os vinte metros, a menor, e mil trescentos metros, a maior. As medicións realizáronse, case con seguridade, cunha cadea de agrimensor, e expresáronse no sistema métrico decimal⁹. A unión dos distintos fitos por unha longa comparecesen ao acto, debendo examinar os documentos que se achegasen, co fin de esclarecer a correcta

⁹O 19 de xullo de 1849, a raíña Isabel II sancionou a Lei de Pesos e Medidas, na que se estableceu para todo o reino de España o Sistema Métrico Decimal. Se ben non foi doado a súa posta en marcha, xa que aínda a comezos do século XX, se utilizaban as vellas unidades de medida, como a vara. A Real Orde de 9 de decembro de 1852 determinou as equivalencias entre as vellas unidades de medida e as establecidas no novo Sistema Métrico Decimal, que se baseaba no establecido na Asambleta Nacional Francesa de 1791.

dirección da liña imaxinaria define a liña poligonal divisoria entrambos termos municipais (Láncara e O Corgo).

Aínda que á primeira vista pódese concluír que o deslinde e marcaxe durou ao redor de cinco

meses, o certo é que os traballos desenvolvéronse en oito xornadas, das que se levantaron as oito actas xa citadas: a de 19 de novembro de 1889, e as levantadas os días 21, 22, 23, 28 de abril e 1 e 2 de maio de 1890, como se pode observar no seguinte resumo:

ACTA	DATA	LUGAR NO QUE SE CONSTITUEN AS COMISIÓNS MUNICIPAIS PARA INICIAR OS TRABALLOS	Nº DOS MARCOS RECOÑECIDOS OU ESTABLECIDOS		VECIÑOS QUE ASISTEN
			CORGO	LÁNCARA	
1	19-11-1889	Monte Castro Silva	1	92	Veciños de S. Pedro de Vilarello e S. Estevo de Folgosa e a comisión municipal de Neira de Xusá
2	21-04-1890	Monte Castro Silva	2 a 6	83 a 97	Veciños de S. Estevo de Folgosa, Sta. M ^a Franqueán, Santiago de Gomeán e S. Pedro de Vilarello
3	22-04-1890	Chao das Madorras	7 a 17	98 a 108	Veciños de Santiago de Gomeán e S. Pedro de Vilarello
4	23-04-1890	Monte Costa de Abaixo	18 a 24	109 a 115	Veciños de S. Pedro de Vilarello e Santalla do Alto
5	28-04-1890	Anobados de Santalla	25 a 38	116 a 129	Veciños de S. Xoán de Traslite e Santalla do Alto
6	30-04-1890	Xesteira (marxe esquerda do río Tórdea)	39 a 62	130 a 153	Veciños de Sta. M ^a de Marei e Sta. M ^a Madalena de Escoureda, S. Pedro de Bande e Sta. M ^a de Neira de Cabaleiros
7	01-05-1890	Acebedo	63 a 75	154 a 166	Veciños de Sta. M ^a de Neira de Cabaleiros, S. Xiao da Pobra e Sta. M ^a Madalena de Escoureda
8	02-05-1890	Porto dos Arrieiros	78	167	Veciños de Sta. M ^a Madalena de Escoureda e S. Xiao da Pobra, e a comisión municipal do Páramo

Como xa indicamos, non consta nos libros de actas da época ningún nomeamento dos membros da Comisión de O Corgo —nin dos prácticos que deberían auxiliala— para a colocación do primeiro fito. Aínda así, na acta primeira, levantada o 19 de novembro daquel ano, con ocasión desta operación, figuran como membros da comisión delimitadora deste concello: o alcalde Juan Fernández Sánchez e Antonio Díaz García e Tomás Sánchez Mora, asistidos polo licenciado Policarpo Tella¹⁰, secretario municipal interino, e como peritos José Pardo Pardo e Gerónimo Marey Quiroga. Máis adiante, na sesión de 13 de abril de 1890¹¹, o concello corgués nomea aos

membros da comisión delimitadora para realizar as sucesivas operacións, que continuarían os traballos iniciados a finais do ano anterior, acompañando a designada polo municipio veciño¹².

Ambas comisións actuaron simultaneamente, reflectindo as operacións de marcaxe e deslinde en cadansúa acta, coas mesmas datas, pero con distinta numeración¹³. Todas as que conserva

¹⁰Pai do xeneral Heli Rolando Tella Cantos.

¹¹ARQUIVO MUNICIPAL DE O CORGO.- Libro de actas de 1890. Caixa nº 76

¹²Forman parte deste órgano os seguintes señores: Antonio Díaz García, teniente de alcalde, José Fernández Vigo e Jacobo Rodríguez Díaz, concelleiros; peritos prácticos: Juan González, de San Cristovo de Chamoso, e Manuel Parajuá, de Marei. A Comisión estaba asistida polo secretario municipal, Camilo Gómez Fernández, veciño de Lugo.

Este substituíu ao que participara na colocación do primeiro fito, o secretario interino Policarpo Tella, quen renunciou ao seu cargo, do que se tomou razón na sesión de 24 de outubro de 1889.

¹³As actas de O Corgo comezan coa número 1; pola contra, as de Láncara comezan no número 10, no lugar de Monte de Silva, xa que as anteriores refírense á delimitación con outros concellos limítrofes con este.

O Corgo rematan coa conformidade dos participantes: <<sin que se hubiese formulado protesta ni reclamación alguna>> ou expresión similar; porén, como se comentará máis adiante, comparando a redacción das de cada comisión municipal obsérvanse pequenas discrepancias na descrición da ubicación dos marcos e incluso, nalgún caso, diferentes distancias entre eles, se ben pódese atribuír en erros de transcripción.

As actas do deslinde, documentos públicos auténticos, describen detidamente, en bastantes casos, o percorrido que se realizou desde o fito anterior ata o seguinte, utilizando a toponimia da zona, como por exemplo o seguinte: <<Número 26.- En dirección de Nor-Este al Sur-Oeste, bajando una pendiente del Castro de Vigo se atraviesa el camino de Cadavás que de Lán cara vá á Gomeán, junto á la Revolta de Juan Díaz Lopez de Traslite y al lado Oeste de la misma, y se pasa al Agro de Masaboy, de este se vá al Río de Álvar que también lo atraviesa y se sube otra pendiente por el monte y Pazos de Alvár hacia el Monte Castrillón, hasta llegar al leiro llamado do Castro de Manuel Díaz Lopez de Traslite, en el cual se halló un guijarro figura esférica y del lado Oeste del mismo se colocó un mojón de un metro cuarenta centímetros de altura, piedra pizarra, figura de prisma truncado, gravándole del lado Norte la inicial C y el nº 26 y del sur la letra L y el nº 117>>.

As actas pretenden reflectir moi polo miúdo os sitios onde se colocaban os fitos, servindo na actualidade dun bo instrumento de recompilación de topónimos, que podemos estruturar, de xeito enunciativo, da seguinte maneira: a) lugares: Espido, Campa de Cernadas, Novo dos Ramos, Chabanqueda, Cargaxeiro, Cabada do Monte...; b) camiños: Ameirós, Cadavás, o <<que conduce a Reboredo>>, <<carretera Real antigua al Puente de Lago>>, Porto dos Arrieiros...; c) construcións de enxeñaría: sumidoiro de Barbón e <<dos tres ollos>> (ambos nos termos de Veiga de Anzuelos), muiño do Rizo de Abrugán...; d) fincas: Espido, Agro de Masaboi, Campa de Cernadas, Carballeira dos Prados, Bouzallós, <<Juicia>>, Veiga de Lama Grande, Ponxide, Fonte do Plamil

(da Casa Franco de Ariz)...; e d) na utilización de orónimos: montes: Castro de Silva, Chao das Madorras, Vidueiro, Tras da Balumbeira, da Costa de Abaixo, San Marcos ou Cotón, Novo, Pazos de Albar, do Castro, das Condomiñas...; ríos e regos: Tórdea, rego de Ribada, de Barbón, de Ameirós, Palpeirán, ríos Neira e Sarria...

A pesar das descrições minuciosas dos lugares onde se ubicaban os marcos —quizabes pensando que para a súa localización nun futuro non farían falla as invocacións benéficas do grimorio de San Cipriano—, o transcorrer do tempo, o despoboamento, a construción de novas vías de comunicación, a desaparición de camiños por falla de uso ou mesmo a ampliación e reforma de trazado da antiga estrada de Castela, trouxo como consecuencia a desaparición de marcos colocados con esmero no século XIX.

Non obstante, e a pesares do mérito das descrições referidas, o Instituto Xeográfico Nacional, no informe proposta que logo se analizará, considera que a interpretación das actas referidas debe realizarse con cautela.



Acta primeira do deslinde entre O Corgo e Lán cara de 19 de novembro de 1889, redactada polo secretario do Corgo

4.- AS OPERACIÓNS DO SERVICIO GEOGRÁFICO DEL EJÉRCITO DE 1946 PARA RECOÑECER A LIÑA DE TERMO E SINALIZACIÓN DOS MARCOS COMÚNS DOS CONCELLOS DE LÁNCARA E O CORGO

Sete anos despois de rematada a guerra civil española, e co fin da formación do Catastro parcelario de España, o <<Jefe da Comisión Geográfica, número cuatro>> ordena realizar as operacións para recoñecer a liña do

termo municipal entre Lánacara e O Corgo, de conformidade ao establecido na <<Lei para a publicación do Mapa, de trinta de setembro de 1870>>, e na Lei sobre a formación do Catastro Inmobiliario de España.

Nestes traballos, dirixidos polo capitán topógrafo Manuel Agudo, participan representantes dos Concellos de O Corgo, Lánacara e O Páramo¹⁴. As operacións consígnanse nunha única acta, de seis folios, é dicir, doce páxinas, levantada o 19 de setembro de 1946, que se complementa cun caderno topográfico de campo de data posterior, xuño de 1948, <<no que se define

xeometricamente, mediante poligonais efectuadas en taquímetro e mira estatimétrica>> a situación dos marcos descritos naquela e unha larga franxa de terreo ao seu redor (aproximadamente uns 350 metros a cada marxe)¹⁵.

Estes documentos conserváanse na <<Sección de Documentación Gráfica del Instituto Geográfico Nacional>>¹⁶.

A diferenza da marcaxe e deslinde do século XIX, nesta operación só se sinalan 28 fitos, cuxa unión, a través dunha liña imaxinaria, configura o límite entrambos termos municipais.

Os fitos, paraxes onde están ubicados e distancias entre eles son as seguintes:

Nº de fito	Fito actas 1890 Lánacara	Distancia ao fito anterior
1	Veiga de Anzuelos (marxe dereita estrada Madrid-A Coruña)	0
2	Veiga de Anzuelos (km 490-491 da estrada Madrid-A Coruña)	250 m
3	Veiga de Anzuelos	520 m
4	Alboiro (marxe dereita do rego dos Trollos)	500 m
5	Veiga de Anzuelos	300 m
6	Monte das Madorras	500 m
7	Penas do Caldeiro	100 m
8	"Grova ¹⁷ do Lobo"	400 m
9	As Veigas	1000 m
10	Cotón (próximo á Grova Da Viúva.)	1000 m
11	Monte do Cotón (camiño do Pousadoiro)	300 m
12	Castrillón	1400 m
13	As Chousas	300 m
14	Veigas de Zocas	700 m
15	Castro (camiño Golás a Casanova)	700 m
16	Leiro do Souto	1200 m

¹⁴Polo Corgo: o oficial do concello Manuel San Gregorio, e José Miranda, comisionado; por Lánacara: o alcalde Manuel González López e o concelleiro Eliseo Fernández; e por Páramo: o médico titular Casto López López e José Pérez Teijeiro, industrial, comisionado.

¹⁵ARQUIVO MUNICIPAL DE O CORGO. Caixa P-1137. Extraído do informe proposta do Instituto Xeográfico Nacional, relativo ao expediente de deslinde entre os termos municipais de O Corgo e Lánacara, de 8 de febreiro 2016, subscrito por Juan Miguel García Lario, xefe do Servicio de Delimitaciones Territoriales; M^a de Bárbara Domingo Santos, enxeñeira topógrafa e a secretaria xeral, Mónica Groba López.

¹⁶Segundo o Informe referido anteriormente, Servicio de Delimitaciones Territoriales.

¹⁷Segundo o Dicionario da Real Academia Galega da Lingua, unha groba é un camiño fondo e estreito entre montañas. Tamén, pode ser unha depresión fonda e estreita do terreo.

17	Prado de Reboredo (esquerda do río Tórdea)	700 m
18	Lugar de Cortiña	100 m
19	Lugar de Cortiña	60 m
20	Lugar de Senra	60 m
21	Senra (lugar)	150 m
22	Prado da Ponte de Lago	150 m
23	Presas de Mourelo (eixe lonxitudinal das augas correntes do río Tórdea)	1000 m
24	Eixe das augas correntes do río Tórdea. Fito auxiliar: lugar de Acebedo (15 m marxe esquerda do río Tórdea, preto coa confluencia do rego Acebedo)	1000 m
25	Monte Acebedo (terreos comunais)	800 m
26	As Bouzas	1000 m
27	Intersección do eixe das augas correntes do río Neira coa normal baixada a dito eixe. Fito Auxiliar Agro de Escoureda marxe dereita camiño Escoureda a Ariz	600 m
28	Soutos de Caporal	1000 m



Acta de deslinde entre Corgo e Láncara

5. OS DIFERENTES CONFLICTOS XURDIDOS DESDE O DESLINDE DO SÉCULO XIX

A pesares de estar definida a liña divisora entrambos termos municipais desde finais do século XIX, ao longo do século XX e XXI producíronse os seguintes acontecementos, que concluíron coa definición do límite municipal polo Decreto 113/2017, do 9 de novembro, resolve o procedemento de deslindamento entre os marcos nº 1 ao 25 de O Corgo.

5.1. A <<USURPACIÓN>> DOS MONTES COMUNAIS “DA COSTA” E “COTÓN”

No primeiro de san xoán de 1985, tres veciños de Santalla do Alto presentaron no Concello de O Corgo un escrito no que denunciaban que algúns de Traslite e San Pedro de Vilarello <<usurpaban>> os montes comunais corgueses, coñecidos polos nomes de “Da Costa” e “Cotón”, mediante as plantacións de piñeiros e outras especies arbóreas, adentrándose en varios centos de metros dentro do termo de O Corgo. Para solucionar o problema propuxéron ao concello que se realizase un deslinde segundo establecía o Regulamento de poboación e demarcación territorial, suxerindo que para realizar tal labor interviñese o perito Lorenzo Ojea Pardo, veciño de Lugo, e os veciños, José Pérez Rodríguez e Domingo Antonio Aldegunde Rey, ambos de avanzada idade e coñecedores do lugar.

O concello corgués, na sesión do seu Pleno de 5 de xuño do mesmo ano, decide por unanimidade realizar a marcaxe e, no seu caso, o deslinde con Láncara, entre as parroquias de Santalla do Alto (O Corgo) e as de Traslite e San Pedro

de Vilarello (Láncara), designando os membros da Comisión Municipal¹⁸, o que se lle notifica ao limítrofe por medio de oficio do día 14, con número de rexistro de saída 203.

Non temos dúbida algunha de que o de Láncara era coñecedor destas disputas entre os veciños das citadas freguesías e os da corguesa de Santalla do Alto, como o demostra o feito de que na sesión do seu Pleno, celebrada o día 31 de maio, anterior a denuncia xa mencionada, trata deste asunto e decide o nomeamento dos membros da súa comisión municipal de deslinde¹⁹.

Póren, ambas entidades locais falan en distintos termos: o de Láncara pretende que se coloquen todos os marcos que definen toda a liña límite do termo municipal entre ambos concellos, segundo o deslinde feito no século XIX; en tanto que o de O Corgo pretendía a colocación dos fitos, que definían esta liña entre as parroquias citadas e, no caso de que fose necesario, a realización dun novo deslinde no citado tramo²⁰.

Agás os acordos citados adoptados por ambas entidades locais, non se realizou ningunha actuación material posterior, quedando sen resolver o problema denunciado polos veciños da parroquia corguesa de Santalla do Alto e, polo tanto, “vivo” o problema que denunciaran.

5.2. - AMPLIACIÓN DO HOSTAL PRADOS

Poucos anos máis tarde, o 16 de decembro de 1988, Salvador Rigueiro solicitou diante do Concello de O Corgo a autorización autonómica previa á licenza municipal para a ampliación do hostel Prados, sito na marxe dereita da estrada nacional VI, sentido Madrid-A Coruña. Durante a tramitación deste procedemento, Eladio Capón López, alcalde de Láncara, presentou unha alegación, na que solicitaba que non se tramitase

o procedemento iniciado xa que, na súa opinión, a zona de ampliación do establecemento citado está ubicada nos termos de Láncara e, en consecuencia, o Concello de O Corgo carecería de competencia para outorgar a licenza urbanística. Aínda así, o 30 de maio de 1989, a Comisión Provincial de Urbanismo autorizou a obra de ampliación solicitada “sen prexuízo de que a licenza sexa outorgada polo Concello que resulte competente unha vez resolto o conflito de competencias, previo, no seu caso, e regulado polo art. 50 da Lei reguladora das bases do réxime local, orixinado como consecuencia do deslinde dos termos municipais de Láncara e O Corgo”.

A pesares disto a Comisión de Goberno De O Corgo, en sesión de 11 de xullo de 1989, concede á licenza de obra, previa emisión dos correspondentes informes técnicos, baseándose no informe emitido polo perito, Ojea Pardo, quen tras analizar os deslindes de 1889 e o realizado en 1946 polo Servizo Xeográfico do Exército, conclúe:

<<En consecuencia de todo lo anterior, se puede afirmar sin lugar a dudas, que el edificio que se está construyendo en la actualidad, como ampliación del “HOSTAL PRADOS”, propiedad de D. Salvador Rigueiro González, se encuentra en su totalidad, en terrenos de la parroquia de Franqueán, del término municipal de O Corgo (Lugo)>>.

Ademais deste informe, o órgano corgués baséase no feito de que a finca na que se pretende realizar a obra de ampliación está inscrita no Rexistro da Propiedade de Lugo nos termos da parroquia de Franqueán, pertencente a O Corgo. Nembargantes, o informe de Ojea non contén ningunha definición analítica que respalde a súa conclusión.

O 18 de agosto de 1989, o Pleno lancares decide recurrir este acordo e promover un conflito de competencias, polas razóns antes expresadas.

Neste caso a discusión entre ambas entidades locais deriva da desaparición do marco nº 5 da acta de deslinde de O Corgo e Láncara do século

¹⁸Formaban parte da Comisión, o alcalde Darío Díaz-Castroverde Díaz, os concelleiros Manuel Quintela Silva, Alfredo Díaz Sal y Julio Mera Villar, asistidos polo secretario do concello, Manuel Vázquez Domínguez. Noméase perito a Lorenzo Ojea Pardo e designase como veciños coñecedores do terreo a José Pérez Rodríguez e Domingo Antonio Aldegunde Rey.

¹⁹Formaban parte desta Comisión: Eladio Capón López, alcalde; os concelleiros Manuel Vázquez Rivas y Ramón López Méndez, asistidos polo secretario municipal Manuel González Rodríguez. Designase perito a Mario Iglesias Sánchez, enxeñeiro de camiños.

Este acordo notificouse ao Corgo o 17 de xuño daquel ano.

²⁰Referíase a liña definida entre os fitos números 1 e 25 do deslinde do século XIX.

XIX, así como os anteriores, que servían de referencia para fixar a liña divisoria dos termos municipais, quizabes debido ás obras de cambio de trazado da estrada nacional VI ou ao paso do tempo. Este fito é fundamental para determinar se as obras que se pretendían estarían nun ou noutro concello.

O Pleno de O Corgo en sesión de 29 de novembro de 1989 acorda realizar o deslinde e marcaxe deste termo municipal co de Lánacara entre as parroquias de Franqueán, de O Corgo, e de San Pedro de Vilarello, na zona coñecida como Veiga de Anzuelos; e entre as de Santalla do Alto, desta municipalidade, e a antes citada de San Pedro de Vilarello e a de Traslite de Lánacara, ratificando un acordo plenario de 5 de xullo de 1985.

O 7 de xuño de 1990 a Dirección Xeral de Xustiza e Relacións coas Corporacións Locais ten por interposto o conflito de competencias, indicando que previamente á súa resolución procede a determinación exacta da liña divisoria entre ambos termos municipais a través do “correspondente expediente de marcaxe ou deslinde, no seu caso, de acordo coa normativa aplicable ao efecto”, o cal debería facerse conforme ao deslinde de 1890 (acta de 21 de abril), e non sendo posible deducir onde deberían colocarse os fitos, deberíase proceder a un novo deslinde²¹.

En base a esta resolución, o Pleno de 4 de xullo de 1990 acorda realizar a marcaxe e, no seu caso, deslinde, entrambos municipios, entre as parroquias de Franqueán, de O Corgo, e a de San Pedro de Vilarello, na zona coñecida como Veiga de Anzuelos, e ambas entidades locais designaron aos membros das respectivas comisións, acordando reunirse no lugar o 11 de setembro de 1990²² co fin de realizar as operacións de recoñecemento dos fitos. A acta que se levantou con ocasión desta reunión resulta que houbo conformidade coa ubicación

²¹ARQUIVO MUNICIPAL DO CORGO. Caixa P-1137

²²Acta conxunta das Comisións de Lánacara e Corgo de 11 de setembro de 1990. Os marcos aos que se refire correspóndense coa numeración da acta do século XIX do secretario municipal de Lánacara, e son os fitos números 3 e 4 da acta levantada na citada centuria polo secretario municipal do Corgo.

dos marcos nº 94 e 95 do deslinde de 1890, “agás a medición exacta que no seu momento proceda”; pero ao comprobar que o fito seguinte nº 96 — coñecido pola “alcantarilla de los tres ojos”—, atopábase soterrado, e sendo esencial a súa determinación exacta para a determinación do deslinde, acordaron suspender os traballos e proceder ao seu desenterramento, tan pronto como se dispuxese da autorización de Obras Públicas.

Non houbo máis actuacións despois desta data, agás a solicitude do Concello de O Corgo de 12 de setembro de 1990 para obter a autorización das obras referidas, do Xefe Provincial de Estradas do Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo, presentada o 12 de setembro de 1990, co que o problema quedou sen resolver.

5.3. APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE LÁNCARA

A tramitación dos Plans de Ordenación Municipal dos Concellos de Lánacara e O Corgo, redactados ao abeiro da Lei 9/2002, de 30 de decembro, coincidiu no tempo²³. Aproveitando esta ocasión, o Concello de O Corgo propuxo aos representantes de Lánacara fixar os fitos e aclarar definitivamente a liña de deslinde ata os lugares de conflito, e así reflectila nos planos de ambos instrumentos de planeamento municipal²⁴. Nembargantes, esta proposta, que puido aforrar custos e tramitacións innecesarias, nunca tivo boa acollida no municipio veciño, e trouxo como consecuencia que a consellería aprobase definitivamente o plan xeral de ordenación municipal cunha cartografía— (catastral)— que non se axustaba ao deslinde realizado no século XIX coa conformidade de

²³Lánacara aprobou inicialmente o seu plan xeral na sesión de 26 de novembro de 2004 e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, aprobouno definitivamente o 22 de febreiro de 2013 (DOG nº 48 de 8 de marzo). O Corgo aprobou inicialmente o seu plan xeral na sesión do Pleno de 30 de setembro de 2005, aprobándose definitivamente por ordes da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 19 de maio e de 11 de setembro de 2015 (DOGA nº 102 de 2 de xuño e DOGA nº 191, de 6 de outubro).

²⁴ARQUIVO MUNICIPAL DO CORGO. CAIXA Nº P-1137. O Concello do Corgo convocou, o día 25 de abril de 2005, aos representantes de Lánacara e a un técnico do equipo redactor dos Plan Xerais de Ordenación de ambas entidades locais, Sr. Palmeiro, para que acudisen ao lugar de Veiga de Anzuelos, en fronte do hostel Prados. Na acta desta reunión, levantada polo secretario do Concello do Corgo, consta que aos poucos minutos de comezar, os representantes do concello de Lánacara retiráronse evitando chegar a un acordo.

ambas entidades locais²⁵. Tras esta aprobación, e ante as alertas que o Concello de O Corgo puxo no seu coñecemento, a consellería aprobou unha corrección de erros materiais²⁶. O equipo redactor do plan lancares explicaba que houbo un erro cartográfico por utilizar os planos catastrais no canto dos oficiais da Xunta.

Nembargantes, o problema, que inicialmente formulou Láncara canda a ampliación do hostel Prados, seguía sen solucionar, xa que a única cartografía válida era e será a do Instituto Xeográfico Nacional.

6.- O DESLINDE ENTRE LÁNCARA E O CORGO ENTRE OS MARCOS 1 AO 25 REALIZADO ENTRE 2013 E 2016.

6.1.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

A normativa vixente nesta materia²⁷ establece que para realizar o deslinde e marcaxe dos termos municipais cómpre constituír unha comisión por cada concello, que será a encargada de realizar as operacións necesarias para concretar a liña de deslinde. Nestas operacións pode ocorrer que estas estean de acordo por onde pasa a liña delimitadora de ambos termos ou non. No primeiro caso, é dicir, no caso de que haxa conformidade, levantarán unha acta conxunta que o acredite, procedendo de común acordo á colocación dos marcos que sinalen os límites, remitíndoa á Comunidade Autónoma e ao Instituto Xeográfico Nacional. En caso de discrepancia, cada comisión elaborará cadansúa acta, que remitirán á consellería competente da Comunidade Autónoma quen, a súa vez, remitiraas ao citado organismo, para que estudie as propostas. No procedemento informarán á Deputación Provincial correspondente e á Comisión Galega de Delimitación Territorial. Finalmente, a Dirección Xeral de Administración Local elevará proposta ao Consello da Xunta quen,

²⁵Outro tanto sucedía coa planimetría que se utilizou para redactar o Plan xeral de ordenación municipal de O Corgo.

²⁶Orde do 8 de outubro de 2013 sobre a aprobación definitiva do documento de corrección de erros materiais ao Plan xeral de ordenación municipal de Láncara (DOG Nº 204, de 24 outubro)

²⁷Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia e o Real decreto 1690/1986, de 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcaxe territorial.

previo informe do Consello Consultivo de Galicia, resolverá definitivamente en vía administrativa o procedemento.

6.2 A CONSTITUCIÓN DAS COMISIÓNS DELIMITADORAS.

Á vista dos problemas xurdidos, explicados no epígrafe 5º, o Pleno de O Corgo, en sesión celebrada o 7 de marzo de 2013 decidiu retomar o procedemento de marcaxe e, no seu caso, de deslinde²⁸, para deixar perfectamente definida a liña entre os fitos 1 ao 25, notificándollelo a Láncara²⁹. Tamén este municipio constituíu a súa comisión e nomeou ao seu perito³⁰ para a identificación dos marcos.

Ambas comisións elevaron cadansúa proposta á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza quen, a súa vez, remitiu as actas e traballos técnicos de recoñecemento dos fitos ao Instituto Geográfico Nacional, e convocou dúas reunións que se celebraron con representantes daquelas e deste órgano estatal para analizar conxuntamente as propostas formuladas por ambas comisións.

6.3 AS REUNIÓNS DAS COMISIÓNS DE AMBOS CONCELLOS CON REPRESENTANTES DO IGN

As reunións tiveron lugar o día 5 de marzo e 20 de novembro de 2014, no Centro Sociocultural de O Corgo³¹. Na primeira acadáronse os seguintes acordos:

²⁸Neste acordo nomeouse aos membros da Comisión, integrada polos seguintes: José A. Ferreiro González, alcalde; Felipe Labrada Reija, José Luis Fernández López e Marcos Trashorras Reija, tenientes de alcalde e concelleiros; e Marco A. García-Gabilán Sangil, secretario municipal. Como perito: José A. González Gómez, técnico superior proxeccionista a quen se lle debe un magnífico traballo. Como veciños de Franqueán: Domingo Pérez Lidor, antigo concelleiro na corporación municipal do Corgo.

²⁹Os servizos municipais do Corgo notificaron este acordo ao de Láncara con máis de dous meses de antelación.

³⁰A Comisión de Láncara estaba integrada por: Eladio Capón López, alcalde; Carlos Fernández Díaz, Óscar Rodríguez Somoza, Carlos Santiago López Sierra, concelleiros; e José López Castro, secretario municipal. Como peritos actuaron: Marcos Vázquez Marey, técnico municipal, e Juan Manuel Sánchez arias da empresa Proyestegal de Lugo.

³¹ARQUIVO MUNICIPAL DE O CORGO: Acta de 5 de marzo de 2014. Asisten en representación do IGN, Juan Miguel García Lario, <<Jefe de Servicio de Delimitaciones Territoriales>>, Pablo Carballo Cruz, o director do Servicio Regional do ING en Galicia, José Antonio Asenjo, e o enxeñeiro técnico en topografía; o Xefe do Servizo de Xustiza e Administración Local de Lugo, Alejandro Fontella.

- As actas de deslinde e marcaxe do século XIX, xa comentadas, levantadas entre 1889 e 1890, serían o documento xurídico base para reformular o deslinde entrambos termos municipais.

- Recoñeceuse como marco divisorio entre Baralla (antes Neira de Jusá), Láncara e O Corgo, o que está situado no monte Castro da Silva, e que leva o nº 1 do Corgo, nº 92 de Láncara e nº 97 de Baralla, comprometéndose a asinar, xunto co de Baralla, unha acta de conformidade coas coordenadas, que o IGN facilitaría con precisión decimétrica, para posteriormente ratificala nos plenos respectivos³².

- O ámbito da marcaxe e deslinde entre os concellos de Láncara e O Corgo sería entre os fitos 1 ao 25 das actas de deslinde de O Corgo (nº 92 a 117 da acta de deslinde de Láncara)

- Celebrar unha segunda reunión para estudar a proposta que debería achegar Láncara entre os fitos 11 ao 25 de O Corgo (102 ao 116 de Láncara).

A segunda reunión tivo lugar no mesmo lugar que a primeira o 20 de novembro de 2014, onde se analiza a proposta lancaresa da liña límite entre os marcos citados. Como Láncara se apoia na determinación dos marcos na acta de deslinde de 1946 e caderno topográfico asociado de 1948, acórdase solicitar unha aclaración á Dirección Xeral de Administración Local³³.

6.3 O INFORME PRECEPTIVO DO INSTITUTO XEOGRÁFICO NACIONAL DE 8 DE FEBREIRO DE 2016

O informe proposta do IGN utiliza para obter as súas conclusións, as actas de deslinde de

³²A acta de ratificación de recoñecemento deste fito realizouse no lugar de Carboeiro —monte de Silva— 8 de abril de 2014, entre as comisións dos tres concellos, no que se determinan as coordenadas propostas polo IGN no sistema xeodésico de referencia ETRS89 e proxección UTM (HUSO 29): X= 634.691.7 m, Y= 4.753.484.7 m. Posteriormente, esta acta é ratificada en sesión de 28 e 30 de abril de 2014 polos plenos do Corgo e de Láncara respectivamente, e na sesión do Pleno do concello de Baralla de 18 de setembro do mesmo ano.

³³A Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia contestou, o 31 de xullo de 2015, o seguinte: "naqueles puntos onde a acta de 1890 non resulte clara ou non se poida identificar os puntos sobre o terreo, consideramos que non debe haber obstáculo algún para tomar como base o fundamento para fixación do punto ou puntos en conflito calesquera outros documentos obrantes no expediente (incluída a acta do Servicio Geográfico del Ejército de 19/09/1946) sempre e cando non supoña alteración dos establecidos de común acordo por ambos concellos na acta de 1890"

ambos concellos do século XIX; a do <<Servicio Geográfico del Ejército>> do 19 de setembro de 1942 e o seu caderno de campo 1946; as propostas de recoñecemento da liña, realizada polas comisións delimitadoras de cada un dos concellos; a ortofotografía do Plan Nacional de Ortografía Aérea (PNOA) do 2010, e as fotografías aéreas ortorectificadas da zona afectada procedentes do <<Vuelo de la Army Map Service estadounidense>> nos anos 1956-1957.

A proposta do Corgo baséase nunha interpretación das actas do século XIX, redactadas polo seu secretario municipal, aínda que utiliza o voo do exército americano de 1956-1957, especialmente para localizar o marco nº 5 de O Corgo (96 de Láncara). A de Láncara, se ben utiliza como base fundamental as actas do século XIX, redactadas polo seu secretario, apóiase para localizar determinados fitos nas actas do <<Servicio Geográfico del Ejército>> e o seu caderno de campo, servíndose, ademais, dalgún veciño coñecedor do lugar e do voo do exército americano. Tamén dispuxo da proposta da comisión corguesa e, polo tanto, das coordenadas onde esta propoñía situar os marcos (labor realizada con anterioridade as actuacións da comisión lancaresa).

O Instituto Xeográfico Nacional non lle deu tanta importancia ás medicións que se realizaron no século XIX para localizar os marcos, xa que as actas describen a súa ubicación polos nomes dos paraxes nos que se atopaban, con descrições <<con precisión dispar y rumbos aproximados>>. Ademais, entende que é difícil localizalos cando a liña de deslinde non é recta ou cando o ángulo que os une é obtuso, xa que se descoñece con exactitude o seu grao.

Aínda que, en materia de deslindes municipais, reiterada xurisprudencia do Tribunal Supremo sostén que se deben utilizar as actas máis antigas que tivesen a conformidade dos concellos, o Instituto Xeográfico Nacional servíuse da acta do <<Servicio Geográfico del Ejército>> cando as do século XIX, subscritas por Láncara e O Corgo, non tiñan suficientes datos par replantearse por si mesmas. Tamén utilizou as xeometrías

propostas por ambos concellos, cando non había discrepancia ou esta fose menor de 10 m.

Ao analizar as actas do século XIX e as do exército, o Instituto Xeográfico Nacional conclúe

que hai cinco marcos que coinciden e outros seis que se aproximan, que son os que se relacionan de seguido:

a) Marcos coincidentes:

Nomes de paraxes en Actas 1890	Fito acta 1890 O Corgo	Fito actas 1890 Láncara	Fito acta 1946
Monte do Castro da Silva	1C	92L	1
Monte Veiga de Anzuelos	2C	93L	2
Monte Chao das Madorras	6C	97L	6
Rego de Ameirós	11C	102L	7
Monte de San Marcos	23C	114L	11

b) Marcos que se aproximan:

Nomes de paraxes en Actas 1890	Fito acta 1890 O Corgo	Fito actas 1890 Láncara	Fito acta 1946
Sumidoiro Barbón	3C	94L	3
Preto do regato de Veiga de Anzuelos	4C	95L	4
Sumidoiro de tres ollos	5C	96L	5
Novo dos Ramos	13C	104L	8
<<Juicia>> da viuda de J.A.S.E.A.	17C	108L	9
Subida ao monte de San Marcos ou Cotón	20C	11L	10

Tras o estudo das correspondentes propostas o Instituto Xeográfico Nacional obtén as coordenadas absolutas sobre o terreo, utilizando un receptor GPS, marca Trimble, modelo R6, quen recibe correccións en tempo real da rede GNSS (Global Navigation Satellite System) GALNET, (www.cartogalicia.com), que permite que o citado

receptor se posicione con precisión centimétrica en tempo real no sistema ETRS89.

As Coordenadas UTM (huso 29) dos marcos que constitúen a liña proposta polo IGN, entre os fitos nº 1 ao 25 (93 ao 116 de Láncara) son os seguintes:

MOJÓN	X ETRS89	Y ETRS89	H (Ortométrica)	LÍNEA LÍMITE AL PUNTO ANTERIOR
1C=92L (*)	634691.7	4753484.7	584.2	
2C=93L	634445.3	4753554.1	558.8	Recta
3C=94L	633864.8	4753630.1	529.4	Recta
4C=95L	633411.8	4753775.8	503.9	Recta

5C=96L	633152.3	4753705.8	495.9	Recta
6C=97L	632940.7	4753489.5	—	Recta
9C=100L	632337.1	4753002.9	484.4	Recta
10C=101L	631997.3	4752852.4	463.4	Recta
11C=102L	631873.8	4752519.8	445.2-	Recta
12C=103L	631872.7	4752411.2	434.0	Recta
13C=104L	631697.6	4752.391.2	436.3	Recta
14C=105L	631669.4	4752323.4	448.2	Recta
15C=106L	631864.0	4752197.4	445.6	Recta
16C=107L	631924.5	4752102.6	457.1	Recta
17C=108L	632146.0	475'1931.0	478.2	Recta
18C=109L	632758.8	4751824.5	523.7	Recta
M10(1946)	632846.4	4751526.8	580.6	Recta
23C=114L	632637.0	4751234.9	600.7	Recta
24C=115L	632451.1	4751120.2	600.8	Recta
25C=116L	632331.6	4751116.5	599.6	Recta

O citado organismo non determina os marcos nº 7, 8, 19, 20, 21, e 22 (nº 98, 99, 110, 11, 112 e 113 de Lán cara), xa que nas actas non hai descrições precisas nin indicios sobre o terreo, substituíndoos por dúas liñas rectas, unha que vai desde o fito nº 6 ao nº 9 (nº 97 ao 100 de Lán cara), e outra que une o fito nº 18 (nº 109 de Lán cara) —pasando polo nº 10 da acta de 1946 do <<Servicio Xeográfico del Ejército>>—, co fito nº 23 (nº 114 de Lán cara) da acta de 1890. O fito nº 6 obteno por cálculos analíticos, segundo o caderno de campo de 1948, xa que onde se ubica está construída a fábrica de Leite Río.

Segundo isto, a interpretación das actas de deslindamento de ambos os dous concellos pódense clasificar en tres categorías:

a) Marcos sobre os que existe un acordo sobre a súa situación actual entre os concellos e o Instituto Xeográfico Nacional: 1C=92L, 2C=93L, 3C=94L, 10C=101L, 16C=107L, 17C=108L, 23C=114L e 24C=115L

b) Marcos onde a proposta do Instituto Xeográfico Nacional coincide con só un dos concellos:

b.1) Marcos propostos por O Corgo cuxa localización defire da proposta do Instituto Xeográfico Nacional:

-Marcos nº 4C=95L, nº 9C=100L, nº 11C=102L, nº 12C=103L, nº 13C=104L, nº 14C=105L, onde as diferenzas son de poucos metros e coincide na xeometría do trazado.

-Marcos nº 5C=96L: A proposta do técnico de O Corgo axústase a distancia das actas de 1890, secasí o Instituto Xeográfico rexeita esta proposta —que dista 49 m da proposta de Lán cara— en base a que as distancias entre os marcos non son determinantes, se non existe unha certeza sobre o ángulo que forman cada un dos tramos sucesivos desde o primeiro marco. Por outra banda, a comisión de Lán cara atopou un sumidoiro soterrado na antiga estrada de Castela de características iguais ás descritas na acta de 1890, e aínda que non descarta que puidese existir outro, parécelle pouco probable.



Sumidoiro dos tres ollos atopado pola comisión de Láncara (Veiga de Anzuelos, mojón nº 5C=96L)

- Marco nº 25C=116L: o Instituto rexeita a proposta de O Corgo, xa que na acta de 1890 a liña discorre de leste ao oeste e o ángulo anterior é obtuso.

b.2) Marcos propostos por Láncara que defiren da proposta do Instituto Xeográfico Nacional:

- Marco 15C=106L

c) Marcos que na actualidade non é posible localizalos e xeorreferenciarlos cos datos existentes nas actas do século XIX: nº 6 ao 9 (nº 97 ao 100 de Láncara) e os nº 7, 8, 19, 20, 21, e 22 (nº 98, 99, 110, 11, 112 e 113 de Láncara).

A proposta de O Corgo non cumpre cos ángulos ou dirección que marcan as actas do século XIX, e a de Láncara, se ben cumpre cos ángulos ou dirección, non cumpre coas distancias.


Tras dos correspondentes informes da Deputación Provincial de Lugo, a Comisión Galega de Delimitación Territorial aprobou, o 13 de xullo de 2017, por unanimidade o informe proposta da Dirección Xeral de Administración Local.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións e Xustiza, polo Decreto 113/2017, do 9 de novembro, resolve o procedemento de deslindamento entre os marcos nº 1 ao 25 de O Corgo (nº 92 ao 116 de Láncara), establecendo como liña límite xurisdiccional a que se recolle na acta levantada por ambos concellos o 19 de novembro de 1889, segundo a proposta realizada polo Instituto Xeográfico Nacional, antes descrita.


6.5 CONCLUSIÓN

Co deslinde realizado entre os marcos nº 1 (92L) ao 25 (116L) queda definitivamente aclarada a liña límite municipal e pode comprobarse que a cartografía do Catastro e da Xunta, a escala 1:5000, non se axustaban ao deslinde realizado de conformidade entrambos concellos no século XIX. Estas cartografías incluían no termo de Láncara as zonas onde xurdíu os conflitos comentados no apartado 5.

Nos planos seguintes pode compararse a liña límite municipal aprobada polo Decreto 113/2017, do 9 de novembro, da Xunta de Galicia, coa que figuraba no plano do Catastro e co plano da Xunta de Galicia, ambos a escala 1:5000.



Plano liña límite sobre cartografía catastral E1:5000



Plano liña límite sobre cartografía E1:5000

7 BIBLIOGRAFÍA

FARIÑA JAMARDO, José. *Os concellos galegos*.

ARQUIVO MUNICIPAL DO CORGO. *Libro I de Actas de 1840*. Caixa nº 75.

MIÑANO Y BEDOYA, Sebastián. *Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal*.

O PROXECTO CORGORAL E A PRENSA ESCOLAR COMO FONTE PARA A RECOMPILACIÓN DA LITERATURA POPULAR NO CORGO

Ladra, Lois

Proxecto CORGORAL

RESUMO

O Proxecto CORGORAL ten como un dos seus principais obxectivos recompilar a literatura popular de tradición oral no ámbito territorial municipal corgués. Nesta ambiciosa, complexa e polifacética angueira, a prensa escolar local ten revelado unha enorme potencialidade como elemento de referencia previa ao necesario e imprescindible proceso de recolla directa do Patrimonio Cultural Inmaterial.

PALABRAS CLAVE

O Corgo, prensa escolar, literatura popular de tradición oral, patrimonio cultural inmaterial, patrimonio etnolóxico.

1.- O PROXECTO CORGORAL: OBXECTIVOS E ACTIVIDADES A DESENVOLVER.

Partindo do principio de que a cultura e a súa transmisión interxeneracional é o principal referente obxectivo que nos diferencia das bestas e dos seus instintos animais, asumimos a idea de que, no ámbito máis vasto do Patrimonio Etnolóxico, o Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI) concíbese coma o máis salientable dos marcadores identitarios (Pereiro e Prado, 2021). Sendo así, a lingua, os coñecementos, os costumes e a tradición oral constitúen, sen calquera xénero de dúbidas, a argamasa que nos permite cementar a idea de formarmos parte dunha comunidade humana senlleira. É por iso que, perante os frenéticos procesos actuais de globalización e deshumanización, cómpre recuperar as bases que conforman as nosas raiceiras para podermos ser axentes conscientes e actores comprometidos co noso futuro, nun mundo que todas as persoas queremos que sexa mellor, máis xusto e máis solidario.

O concello do Corgo, a través do Proxecto CORGORAL, está a desenvolver todo un conxunto de actividades encamiñadas a recoller diversos aspectos do seu patrimonio etnolóxico. Ao longo do ano 2021 sentáronse as bases teórico-metodolóxicas para o correcto desenvolvemento deste proxecto (Ladra, 2021a), malia o feito de que as circunstancias derivadas da situación pandémica, da emerxencia sanitaria e do conseguinte estado de alarma condicionaron primeiramente e impediron posteriormente a súa execución práctica nos termos inicialmente previstos. As grandes limitacións impostas á mobilidade e á interacción social fixeron inviable o normal desenvolvemento das accións de recolla directa previamente programadas (Ladra, 2021b).

EL PROGRESO MARTES 26 DE ENERO DE 2021

O Concello do Corgo inicia o proxecto de recollida da súa literatura de tradición oral

► O antropólogo Lois Ladra encargárase da posta en marcha
► Será o alumnado quen faga entrevistas a persoas maiores

NEVES NEIRA
*comunicacion@progreso.es

LUGO. Case 200 aldeas, salpicadas en 18 parroquias. En cada unha, un acento distinto, un resposno, un romance, unha lenda. O Corgo ten unha gran tradición oral, si, coma moitos outros municipios de Galicia. Poem, faino excepcional o feito de ser un dos poucos, contados cos dedos da man, que conta cun proxecto de recolla de literatura de tradición oral e patrimonio cultural inmaterial impulsado polo Concello.

Esta iniciativa partiu dunha moción do BNG lada en catro anos, que fora aprobada por unanimidade pola necesidade de salvaguardar a memoria e os saberes dunha xeración que ás veces non atopamos máis novos para prenderse. «Estamos moi contentos co proxecto», indicou o alcalde, o popular Felipe Labrada. O concurso convocado no verán para seleccionar o perfil máis axeitado para o posto resolveuse en decembro, e obtivo a peza o antropólogo e arqueólogo Lois Ladra, que á súa vez vén de gañar en 2020 o premio Pedra do Destino dos Amigos dos Museos de Galicia.

O contexto da pandemia fíxo que, sen embargo, Lois Ladra tivese que reformular a fiela de ruta. Corgoral comenza este mes de febreiro no Ceip Phurillíngüe do Corgo. Para non esquecer as persoas

maiores, será o propio alumnado quen realice as entrevistas no contexto da unidade familiar e como parte dunha actividade extraescolar, conta Ladra. O mes de febreiro estará adicado aos centos; o de marzo, ás lendas; o de abril, ás cancias e o de maio, aos refráns e aduínas.

As entrevistas dos nenos e maiores serán gravadas, e posteriormente revisadas e penitizadas por Ladra, para concretar entrevistas con maior profundidade no futuro. Por outro lado, Ladra tamén está sondando en distintas institucións —como o Museo do Pobo Galego, a Real Academia Galega ou o Concello da Cultura Galega— a existencia de recollas realizadas no municipio, principalmente nas décadas dos 60 e dos 70.

BO FACER. Lois Ladra valorou esta iniciativa do Concello do Corgo, «por desgraza excepcional en Galicia». Este experto, que ten traballado moito en Portugal, destaca a existencia deste tipo de proxectos liderados por administracións locais no país veciño. «En Galicia, as recollas foron historicamente realizadas de maneira voluntaria, con fins académicos ou por parte de persoas cunha sensibilidade especial, e as institucións sempre o víron como algo individual», indicou.

Chamamento Unha riqueza compartida

O proxecto Corgoral atópase na súa primeira fase. Unha vez analizados os materiais, valorárase a elaboración dunha monografía ou a creación dunha páxina web para divulgar os saberes recollidos, que concernen á literatura de tradición oral e tamén ao coñecemento sobre distintos oficios.

Colaboración

As persoas interesadas en colaborar co proxecto poden escribir un correo electrónico ao enderezo proyecto.corgo-tal@gmail.com.

Noticia do Proxecto CORGORAL na prensa provincial.

Todas estas circunstancias coutaron de raíz a programación inicial do Proxecto CORGORAL, o cal provocou unha necesaria reorganización adaptativa perante a nova realidade conxuntural. Esta nova planificación consistiu basicamente en priorizar os labores de documentación (bibliográfica e arquivística), así como incentivar as recollas indirectas, aprazando para unha segunda fase a gravación sistemática e directa de testemuños vivos.

O Proxecto CORGORAL non xurde no medio do ermo, senón que é un paso máis na dirección certa de preservar os nosos sinais de identidade a través de sucesivas achegas. Así, teríamos que referir, como antecedentes máis remotos da recolla de etnotextos corgueses os que figuran nos *Contos populares da provincia de Lugo* (Carvalho, 1963), no *Cancioneiro popular galego* (Schubarth e Santamarina, 1984) e no *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral* (Vázquez Saco, 2003).



Primeira edición dos Contos Populares da Provincia de Lugo.

Outros precursores, aínda que máis recentes, serían a proposta de traballo sobre o Patrimonio Inmaterial (Outeiro, 2011) ou os estudos desenvolvidos sobre a lingua (Castro, 1986 e 2011), a microtoponimia (Ares, 2007; Pita, 2010), as crenzas relixiosas (Blanco Prado, 2011 e 2012; Garrosa, 2000) e a fraseoloxía local (Garrosa, 2011).

Verbo da complexidade dos traballos de recompilación e a súa demorada implementación (Ladra, 2021c), convén lembrar a título de exemplo que a única proposta previa para a recolla do PCI do Corgo dotada dun cronograma adxunto, propugnaba o esforzo sistemático dun mínimo de dez entrevistadores, distribuídos en cinco parellas, durante un período continuado de tempo non inferior a tres anos (Outeiro, 2011: 86-88).

Sexa como for, o certo é que, mentres non se recupera unha situación normalizada de seguranza sanitaria no que se refire á saúde pública, temos adoptado diversos mecanismos de documentación, rexistro e divulgación do Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI) corgués, que convén dar a coñecer, aínda que sexa moi brevemente.

En primeiro lugar, os traballos de recompilación de materiais inéditos e publicados até agora atópanse nun estado moi avanzado. Para isto foi preciso un minucioso traballo de pesquisa bibliográfica e arquivística, así coma o necesario contacto con diversas institucións culturais que colaboraron logo co noso proxecto: Centro de Estudos do Corgo, Museo do Pobo Galego, Real Academia Galega, Instituto da Lingua Galega, Biblioteca Pública Provincial de Lugo, Biblioteca do Seminario Diocesano... Tamén foron moitos os investigadores, particulares, asociacións e outros bos coñecedores do medio local, aos que consultamos numerosos aspectos do patrimonio inmaterial corgués.

Por outra banda, o Proxecto CORGORAL foi presentado nos centros de ensino primario e secundario (CEIP Plurilingüe do Corgo e CPI

Ramón Piñeiro), establecéndose protocolos de recolla voluntaria do PCI a desenvolver polo alumnado. Un dos froitos desta colaboración escolar ten sido o concurso de ideas que rematou coa escolla do logotipo oficial do proxecto.



Logotipo oficial do Proxecto CORGORAL.

O Proxecto CORGORAL quérese aberto e participativo, aínda que tamén conta con un comité científico de asesoramento externo, integrado por recoñecidos especialistas de ámbito internacional, vencellados á universidades de Santiago de Compostela, Vigo e Fernando Pessoa do Porto, así como ao Instituto Politécnico de Bragança (Portugal).

Asemade, unha compoñente a salientar neste proceso recompilador foi a iniciativa de implementar unha pestana específica sobre a memoria do Corgo na web municipal: <https://www.concellodocorgo.com/index.php/corgoral.html>


Neste portal dixital estanse a disponibilizar diversos recursos patrimoniais en formatos audio, vídeo, texto e imaxe: fotografías e documentos antigos, gravacións de cantigas, documentais, artigos soltos, publicacións periódicas, libros e monografías... Até o final do ano 2021 está previsto que sexan accesibles mais de medio cento de elementos, ao mesmo tempo que se está a configurar un pormenorizado “Mapa do Patrimonio Cultural Corgués”, elaborado por parroquias a partir da aplicación de Google My Maps.

Para alén do xa referido, ao longo dos sete primeiros meses de implementación do Proxecto CORGORAL tamén se encetou unha pequena liña editorial, a xeito do que ben poderíamos denominar como “Cadernos CORGORAL”, con dous números publicados xa en versión impresa

e libremente disponibilizados en versión dixital na rede: as bases teóricas, éticas e metodolóxicas do proxecto (Ladra, 2021a) e a reedición dun estudo clásico sobre os nomes de lugar e a toponimia municipal (Ares, 2007).



Bases do Proxecto CORGORAL, editadas polo concello.



Estudo sobre a toponimia corguesa, reeditado polo concello.

En próximas datas está previsto retomar as entrevistas individualizadas e ao longo do primeiro semestre do ano 2022 pretendemos realizar o lanzamento dun adiviñanceiro popular corgués, elaborado localmente a mediados do século pasado e completado agora con novas achegas. Esta obra foi recentemente rescatada do esquecemento, grazas a intensos labores de documentación.

O carácter necesariamente aberto, comunitario e participativo do Proxecto CORGORAL complétase con un chamamento á colaboración dos veciños e das principais asociacións de ámbito municipal. Asemade, este chamamento fíxose extensivo a varias institucións, como poden ser o Museo do Pobo Galego, a Real Academia Galega, o Instituto da Lingua Galega, a Asociación de Escritores en Lingua Galega, a Hispanic Society... Por outra banda, tamén se está a incentivar a realización voluntaria de entrevistas por parte dos escolares no seu propio ámbito doméstico familiar, labor este que agardamos que se poda vir a ampliar. A idea é poder chegar a tecer redes colaborativas que nos axuden a recompilar o Patrimonio Cultural Inmaterial do Corgo. Por outra banda, nesta troca de ideas tamén se teñen producido diversas doazóns de publicacións que permitirán constituír no futuro un pequeno fondo bibliográfico para consulta pública.

As liñas de traballo encetadas son moitas e diversas, pero nesta achega para a revista Corga centrarémonos nas contribucións obtidas a partir da revisión sistemática da prensa escolar local, que se centrou na procura de etnotextos previamente recollidos polo alumnado local ao longo das cinco últimas décadas. Como poderemos comprobar de seguido, os resultados están a ser moi positivos.

2.- CABECEIRAS HISTÓRICAS DA PRENSA ESCOLAR NO CORGO.

A chamada “prensa alternativa” (Cal, 2018) integra as diversas revistas e xornais publicados case sempre de xeito artesanal e voluntarioso polo alumnado escolar ao longo dos últimos dous séculos. Durante a ditadura franquista non existiu

prensa escolar no termo municipal do Corgo, pero posteriormente, coa chegada da democracia e co recoñecemento do dereito á liberdade de expresión, comezou a dar timidamente os seus primeiros pasos.

Na década de 1980 existía no Corgo unha “Escola Nacional”, onde se editaron anualmente, entre 1981 e 1985, cinco números da revista escolar “Ecos del Corgo”. Retomando o espírito documentalista de Ricardo Carvalho Calero e Bernardino Graña, foi neste foro onde se publicaron varias das primeiras recollas de etnotextos locais efectuadas en tempos democráticos. Grazas a un protocolo de colaboración establecido entre o Proxecto CORGORAL e a Biblioteca Pública de Lugo, hoxe pódense consultar en formato dixitalizado de acceso libre: <https://www.concellodocorgo.com/index.php/corgoral/textos.html>

Codevalo do tempo, o “Colegio Nacional Comarcal” do Corgo foi reformulado e, actualmente, os rapaces e as raparigas que viven no termo municipal corgués acoden principalmente a dúas institucións de escolarización básica: o Centro de Ensino Infantil e Primario Plurilingüe “O Corgo” e o Centro Público Integrado “Ramón Piñeiro”, situado na Pobra de San Xiao (Láncara). No entanto, a capital lucense constitúe o destino por excelencia á hora de escoller un novo centro onde realizar ou proseguir os estudos, normalmente no Instituto de Ensino Secundario Sanxillao ou no Centro Integrado de Formación Profesional das Mercedes.

Máis aló de “Ecos del Corgo”, as principais cabeceiras da prensa escolar municipal son “Cousas da Escola”, “A Voz da Escola” e “Rapilán”. As dúas primeiras foron publicadas polo referido CEIP e a derradeira polo devandito CPI. Malia termos tentado arranxar un exemplar de todos e cada un dos números publicados ao longo das últimas décadas, este obxectivo non puido ser acadado, o cal non impide que teñamos consultado, de feito, a maior parte dos que foron editados. Grazas á axuda do persoal docente dos referidos centros¹ conseguimos arrexuntar mais de corenta números diferentes destas revistas, en

concreto trece de “Cousas da Escola”, dezaioito de “A Voz da Escola” e catorce de “Rapilán”. Por desgraza e malia todas as xestións realizadas, O Corgo aínda carece oficialmente de unha biblioteca pública municipal, a de Lánacara tan só posúe un número da “Rapilán”², a provincial de Lugo dous de “Cousas da Escola” e o Museo Pedagóxico de Galicia tres de “A Voz da Escola”³.

Sexa como for, cómpres salientar, como dato positivo e loable iniciativa, o feito de que na web do CPI “Ramón Piñeiro” si están disponibilizados en liña os números correspondentes aos cursos 2005/06 a 2009/10 e 2018/19 a 2020/21: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiramonpineirolancara/taxonomy/term/138>

O Centro de Ensino Infantil e Primario Plurilingüe “O CORGO” foi inaugurado nos anos oitenta do século pasado e acolle grande parte do alumnado residente no concello corgués, especialmente o das parroquias ao norte dos camiños de ferro. Ao longo das décadas de 1980, 1990 e 2000 publicou sucesivos números da revista “Cousas da Escola”, con depósito legal LU-1549. Esta cabeceira escolar soe identificarse na portada co ano natural da edición ou co curso académico, pois non adoita saír do prelo con numeración secuencial correlativa. Os números consultados corresponden a 1987, 1988, 1995, 2003, 2003/04, 2004/05, 2005/06, 2006/07, 2007/08, 2008/09, 2009/10, 2010/11 e 2012. A partir do curso 2008/09, a revista pasou a ser subvencionada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e os anos 2010/11 e 2012 foi coordinada polo Equipo de Dinamización da Lingua. Todos os números contan cun breve editorial. Normalmente, “Cousas da Escola” vía a luz no mes de Maio, co gallo de conmemorar o Día das Letras; as súas seccións variaban dun número para outro, aínda que resulta frecuente atopar apartados co título “contos populares”, “adiviñas”, “refrás”, “as nosas festas”, “o Entroido”, “o magosto”, “o Nadal”, “os oficios”, “os xogos tradicionais”, “o cuco”...

No relativo ao Centro Público Integrado “Ramón Piñeiro”, convén salientar que nel estudan alumnos oriúndos de varios concellos, principalmente Lánacara, O Corgo e O Páramo. Posúe un portal

na web⁴ e perfil propio na rede social *Facebook*⁵. A súa historia recúa até o ano 1974, cando foi construído, logo de teren pechado varias escolas unitarias. Inicialmente designado como “Colegio Nacional Comarcal Mixto Concepción Arenal”, pasou a denominarse “Colexio Público de E. X. B. Concepción Arenal” e logo “Colexio Público de E. X. B. Ramón Piñeiro”, para acabar por recibir a súa nomenclatura oficial actual no ano 1999. Ao longo das décadas de 1980, 1990 e 2000 publicou “A Voz da Escola”, que remataría por ser rebautizada como “RAPILAN” (acrónimo de RAMón PIñeiro de LÁNcara), aínda hoxe en activo. Carece de depósito legal e os exemplares editados identifícanse secuencialmente, desde o 1 ata o máis recente, o 56, que saíu do prelo no 2021.

Os números da revista “A Voz da Escola” que foron consultados corresponden aos anos 1980, 1986, 1987 (marzo e outono), 1988 (febreiro e nadal), 1989, 1990, 1991, 1992, 1999, 2000, 2001, 2003, 2004, 2005, 2006 e 2007. Temos constancia de que tamén foron publicados outros números en 1994, 1998 e 2002, que non conseguimos arranxar. A partir de 1989, a edición pasou a ser subvencionada pola Dirección Xeral de Política Lingüística. Os meses de saída desta revista variaban bastante, aínda que a partir do 1990 pasou sempre a coincidir en Maio, co gallo da celebración do Día das Letras. O número 45, correspondente ao ano 2008, saíu do prelo con erros de impresión e paxinación. Moitas entregas, aínda que non todas, contan con un editorial ou limiar e resulta frecuente atopar tanto pequenas obras de creación literaria (poesías, redaccións, adiviñas...) como recollas da tradición oral local (contos, cantigas, refrás...).

Os números consultados da revista RAPILAN corresponden aos anos 2008, 2009, 2010, 2011 e aos cursos 2011/12, 2012/13, 2013/14, 2014/15, 2015/16, 2016/17, 2017/18, 2018/19, 2019/20 e 2020/2021. Na secuencia de correlación editorial repetiuse por engano o número 51 nos exemplares dos cursos 2014/15 e 2015/16. Sexa como for, estamos perante unha das publicacións escolares máis lonxevas da provincia lucense e se cadra de toda Galiza.

3.- A LITERATURA POPULAR DE TRADICIÓN ORAL NA PRENSA ESCOLAR CORGUESA.

A consulta sistemática da referida prensa escolar permitiunos identificar a presenza de unha ampla serie de textos nos que a literatura popular de tradición oral se manifesta, tanto nas súas tipoloxías universais, como nas variantes locais das mesmas. Entre todas as amostras conferidas, realizouse unha primeira escolma atendendo aos criterios de variedade tipolóxica, de orixinalidade e de calidade literaria. Foron incluídos case todos os principais xéneros coñecidos: contos, lendas, cantigas, refráns, adiviñas e trabalinguas.

Posteriormente, editáronse os etnotextos coa maior fidelidade posible á fonte orixinal e procedeuse a realizar unha análise comparativa dos mesmos cos que figuran nos repertorios máis coñecidos para a nosa Literatura Popular de Tradición Oral (LPTO). De seguido, ofrecemos unha breve escolma, organizada por xéneros, e claramente ilustrativa do seu valor, con exemplos casuísticos do noso Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI).

Os **contos** son narracións breves, normalmente carentes dun marco xeográfico e temporal concreto, que procuran transmitir de xeito pedagóxico unha serie de ideas e valores propios da sociedade que os elaborou. En moitos casos teñen un carácter practicamente universal e pódense escoitar versións análogas en diferentes países, tal como acontece con esta mostra recompilada polos alumnos do CEIP corgués na revista *Cousas da Escola* do curso 2006/2007:

“Contan de dous labregos que, indo xuntos polo camiño, oíron cantar o cuco e entraron a discutir por cal dos dous cantara, poñendo por xuíz a un afiador de Ourense que por alí facía a súa faena. Como este era bastante avispado, contestou, a cada cal nun aparte, que daría un bo veredicto se tiñan con el algún detalle. Ao cabo de un par de días, unha vez recibidos xamóns e bolsas con cartos, o xuíz ditou o veredicto: o cuco cantara polo propio afiador”.

As **lendas** son narracións breves, dotadas dun carácter máis ou menos mítico e normalmente relacionadas con un lugar concreto, do que soen explicar diversos aspectos formais, etiolóxicos ou toponímicos. Así, por exemplo, un alumno corgués recolleu no número 37 de *A Voz da Escola*, a seguinte:

“Contan os máis vellos do lugar que pasaban polo cemiterio dous homes, que viñan dunha roxoada. Ían de esmorga e, de súpeto, aparecéuselles unha cabritiña que parecía estar perdida. Collérona para levala, pero a cabrita empezou a medrar e medrar, e medrar... de tal xeito que pesaba tanto que a tiveron que deixar. Os dous homes, abraidos, fuxiron a correr para as súas casas. Corrían canto podían, ata que se escoitou unha voz que dicía:

– Levádeme ao sitio onde me collestes, ou, pola contra, ídesvos arrepentir!

Con moito esforzo e tremendo de medo, voltaron aquela grande cabra ao cemiterio. Segundo souberon logo, a cabra non era outra cousa que o mesmo demo. Cando contaron o que lles pasara, ninguén lles daba creto e, en son de burla, empezaron a chamarlles os cabreiros. Así contan os vellos que foi a orixe do meu pobo: Cabreiros”.

As **cantigas** son composicións poéticas que, coma o seu propio nome indica, soen ser cantadas, moitas veces co acompañamento musical de diversa instrumentación. As súas orixes recúan no tempo ata varios séculos atrás, sendo universalmente coñecidas as que integran a lírica medieval galaico-portuguesa. Esta tradición mantívose ata hoxe e os alumnos do CPI “Ramón Piñeiro” recolleron, entre outras moitas, a seguinte cantiga, que foi publicada na revista “*A Voz da Escola*” no Outono do 1987:

“Santo que estás no caínzo,
tira castañas abaixo.
Tira desas grandañas,
que ás pequenas non me baixo”

Os **refráns** son breves aforismos ou paremias nos que fica condensada unha certa sabedoría, manifestamente útil na vida. No entanto, este aserto resulta problemático, pois case sempre podemos atopar un refrán que diga unha cousa e outro que afirme exactamente o contrario. Sexa como for, escollemos un exemplo de mensario aplicado polos alumnos do CEIP ao calendario que editaron durante o curso 2011/2012:

“Setembro: ou leva as pontes, ou seca as fontes”

“Polo Pilar, os nabos na terra e o viño a envasar”

“Bendito o mes que comeza con Santos e remata con San Andrés”

“En Nadal, inverno a fartar”

“No mes de xaneiro, pon os pés no braseiro”

“En febreiro, sete capas e un sombreiro”

“Marzo, marzán: pola mañá cara de rosa, pola tarde cara de can”

“En abril, augas mil”.

“Ata o corenta de maio, non quites o saio”.

“Auga de San Xoán: nin palla nin gran”.

As **adiviñas** son, xunto cos refráns, os tipos fraseolóxicos máis habitualmente recollidos na prensa escolar, especialmente por alumnos vencellados ao ciclo infantil (Cobas, 2014: 159-176). Como exemplo disto pódense citar estas dúas, a primeira relacionada coa protagonista universal do magosto (a castaña) e a segunda co mobiliario doméstico (a mesa). Foron recollidas, respectivamente, en “A Voz da Escola”, no número do Outono de 1987 e na “Rapilán” correspondente ao ano 2010:

“Alta me vexo
no meu capelexo.
E por unha risada
quedo sen nada”

“Teño patas
e non podo andar.
E teño comida encima
e non a podo probar”

Os **trabalinguas** constitúen recursos de aprendizaxe da lingua con un elevado carácter

lúdico, favorecendo a práctica reiterativa de expresións que requiren unha certa habilidade fonolóxica e logopédica. Como exemplo desta categoría formal reproducimos unha mostra recollida polo alumnado corgués que foi publicada no ano 1995 en “Cousas da Escola”:

“Sei da cova dunha papigara
con cinco papigariños.

¿Como farei para desenpapigara
a papigara dos cinco papigariños?”

4.- ALGUNHAS REFLEXIÓNS FINAIS.

Como xa referimos anteriormente, o recurso á consulta da prensa escolar como fonte para a documentación e o coñecemento do noso patrimonio cultural inmaterial non supón en si mesmo unha novidade, pois isto pódese observar, entre outros, nos traballos pioneiros de Ricardo Carvalho Calero e nos máis recentes de Antonio Reigosa ou Alexandre Parafita. No entanto, ao conferir longas series destas revistas constatamos varias realidades que convén considerar:

- Os textos publicados deben ser coidadosamente revisados, atendendo, entre outros, ao criterio de diferenciación entre as composicións orixinais do alumnado (case sempre froito da imaxinación) e as recollas efectuadas a terceiros (propias da tradición local). A maioría das veces un etnotexto popular acaba por ser máis ou menos “reelaborado” ou “versionado” libremente polos escolares.

- As clasificacións por tipos (contos, lendas, refráns...) aparecen de cote mesturadas e cómpre establecer criterios claros para a súa posterior clasificación, numeración e ordenación.

- A maior fidelidade posible á fonte orixinal deberá ser observada polo compilador, aínda que todos os textos precisen de unha coidadosa revisión, previa á súa posterior edición.

- Aínda que non se poida considerar como unha lei inmutable, si é certo que, normalmente, canto mais recuadas sexan as datas de

edición, maiores serán as posibilidades de atopar versións tradicionais recollidas no ámbito doméstico ou familiar local.

- A medida que avanza as décadas prodúcese unha mudanza de contidos e soportes na prensa escolar, con progresivo dominio da compoñente visual sobre a textual e do lóxico auxilio de medios informáticos sobre a creatividade inicial.

Sexa como for, convén non esquecer que a Literatura Popular de Tradición Oral non é algo fosilizado, estático ou pretérito, pois as súas formas e contidos evolucionan, adaptándose aos novos tempos.

Moitas das formas tradicionais da LPTO son habitualmente imitadas ou reinterpretadas polo alumnado, nun proceso creativo que fomenta a imaxinación dos escolares, especialmente no caso dos contos, lendas, cantigas e adiviñas. Tampouco faltan exemplos de casos claros de popularización de obras literarias de autores ben coñecidos que, coma Castelao, acaban por alimentar o corpus da LPTO ao sufriren procesos de apropiación e anonimización.

Asemade, na prensa escolar tamén son frecuentes as traducións máis ou menos directas ou claramente adaptadas de etnotextos oriúndos doutras linguas, especialmente do castelán. Exemplos disto ben poderían ser os refráns “O que a boa árbore se arrima, boa sombra lle mima”

ou “Año de neves, ano de bens”, recollidos nas “Cousas da Escola” do curso 2003/04 e nos que tamén se observan claramente fenómenos de interferencias lingüísticas.

En definitivas contas, o certo é que, como pensamos que ficou claramente demostrado ao longo deste texto, a prensa escolar constitúe unha fonte de grande interese, potencialidade e validez para encetar e desenvolver calquera proxecto de recompilación da nosa Literatura Popular de Tradición Oral e do noso Patrimonio Cultural Inmaterial.

A Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial da UNESCO, asinada no 2003, define o PCI como un conxunto integrado por cinco categorías principais: usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas artesanais. Consecuentemente, a denominada Literatura Popular de Tradición Oral forma parte desas expresións que conforman o Patrimonio Cultural Inmaterial.

Un dos obxectivos principais do Proxecto CORGORAL a medio prazo é a elaboración dun **Inventario do Patrimonio Cultural Inmaterial do Concello do Corgo**. Este repositorio de recursos culturais, axeitadamente ordenados, clasificados e sistematizados, deberá contar coas diferentes achegas de etnotextos fornecidos pola prensa escolar local. Nunha primeira e moi positiva avaliación cualitativa da mesma, podemos reflectir neste cadro a súa valoración cuantitativa:

Centro Escolar	Cabeceira	Período	Conferidos	Etnotextos
CPI “Ramón Piñeiro”	A Voz da Escola	1980/2007	18	193
E. N. do Corgo	Ecos del Corgo	1981/1985	5	34
CEIP “O Corgo”	Cousas da Escola	1995/2012	13	168
CPI “Ramón Piñeiro”	RAPILÁN	2008/2021	14	100
Total			50	495

Polo tanto, convén asinalar que o estudo pormenorizado da prensa escolar corguesa permitiu identificar un total de catrocentos noventa e cinco etnotextos. Se atendemos á clasificación tipolóxica dos mesmos, agrupando as diferentes

ocorrencias nas categorías de contos (CN), lendas (LN), romances (RM), poesías (PS), pezas de teatro (PT), fórmulas (FR), adiviñas (AD), refráns (RF), trabalinguas (TR) e outros (OU), teríamos o seguinte cadro:

Cabeceira	CN	LN	RM	PS	PT	FR	AD	RF	TR	OU	Total
Ecos del Corgo	1	1	0	0	0	0	5	27	0	0	34
Cousas da Escola	3	3	0	33	2	1	24	89	3	10	168
A Voz da Escola	8	6	0	39	0	0	31	94	3	12	193
RAPILÁN	2	0	0	8	0	10	0	75	0	5	100
TOTAL	14	10	0	80	2	11	60	285	6	27	495

En resumidas contas, dos case que medio milleiro de etnotextos documentados, as tipoloxías predominantes corresponden a refráns (285) e poesías populares (80). Pola contra, as menos significativas serían as pezas de teatro (2) e os romances tradicionais (0).

Xa para rematar, apenas nos resta salientar o feito de que, se xuntarmos a decena de achegas corguesas recollidas nos *Contos populares da provincia de Lugo* (Carvalho, 1963) ás catrocentas noventa e cinco que foron por nós colixidas, o certo é que poderíamos concluír afirmando que **a prensa escolar local constitúe unha fonte fundamental para a recompilación da Literatura Popular de Tradición Oral, sumando máis de medio milleiro de etnotextos que pasarán a integrar o futuro Inventario do Patrimonio Cultural Inmaterial do Concello do Corgo.**

A Coruña, Decembro do 2021

BIBLIOGRAFÍA

-ARES, Nicandro. "Toponimia do Concello do Corgo". *Lvcensia*. 2007, 17, 37-62 [Tamén foi editado no 2021 como tirada á parte polo Excmo. Concello do Corgo, co gallo do Día Nacional de Galicia].

-BLANCO PRADO, José Manuel. "O santuario da Virxe das Virtudes (Pedrafita)". *Corga*, 2011, 2, 58-65.

-BLANCO PRADO, José Manuel. "Etnorituais e ofrendas relixiosas a nivel popular en dúas comunidades do Corgo: Anseán e Castrillón". *Corga*, 2012, 3, 12-21.

-CAL, Rosa. *La prensa alternativa en la zona no urbana de Galicia* (1975-1984). Tese de Doutoramento inédita. Madrid: UCM, 2018.

-CARVALHO CALERO, Ricardo [Coord.]. *Contos populares da provincia de Lugo*. Vigo: Galaxia, 1963.

-CASTRO CASTEDO, Xosé Manuel. *O galego en Queizán* (O Corgo). Tese de Licenciatura inédita. Compostela: USC, 1986.

-CASTRO CASTEDO, Xosé Manuel. "O galego en Queizán. Vocalismo, consonantismo e fonética sintáctica". *Corga*, 2011, 2, 6-17.

-COBAS BRENLLA, Xulio. "Era unha vez...". *A literatura folclórica infantil*. Baiona: Nigra Trea, 2014.

-GARROSA GUDE, José Luís. "Aproximación a algunhas crenzas da parroquia de Franqueán (O Corgo, Lugo)". *Madrygal*, 2000, 3, 51-57.

-GARROSA GUDE, José Luís. "O traballo compilador de Francisco Vázquez Saco: as oracións de elaboración do pan e outras tradicións orais do Corgo". *Corga*, 2011, 2, 66-81.

- LADRA, Lois. “Recuperando a nosa memoria: o castro de Elviña na poesía popular local”. *Boletín dos Amigos do Museo Arqueolóxico da Coruña*, 2003, 5, 9-11.
- LADRA, Lois. “O Proxecto CORGORAL. Unha proposta para a recolla da Literatura Popular de Tradición Oral no concello do Corgo”. *Lvcensia*. 2021a, 62, 119-130 [Tamén foi editado como tirada á parte polo Excmo. Concello do Corgo, co gallo do Día das Letras].
- LADRA, Lois. “O Proxecto CORGORAL: documentar o Patrimonio Cultural Inmaterial en tempos de pandemia”. Comunicación inédita presentada no *IV Congreso Galego de Antropoloxía: Da Xeración Nós á Nova Antropoloxía Galega* (23 de Abril do 2021). 2021b.
- LADRA, Lois. “A prensa escolar como fonte para a recolla e o estudo da Literatura Popular de Tradición Oral”. Relatorio inédito depositado no Concello do Corgo. 2021c.
- OUTEIRO, Mario. “Recollida do Patrimonio Inmaterial no Corgo: unha materia pendente”. *Corga*, 2011, 2, 82-95.
- PARAFITA, Alexandre. *Património imaterial do Douro. Narrações orais. Contos. Lendas. Mitos*. Peso da Régua: Museu do Douro, 2010.
- PEREIRO, Xerardo e PRADO, Santiago. *Patrimonio etnológico: visiones antropológicas*. Madrid: Síntesis, 2021.
- PITA, Alexandra. “A microtoponimia do concello do Corgo”. *Corga*. 2010, 1, 70-75.
- REIGOSA, Antonio. *Guía de campo da Galicia encantada. Dos seres míticos e dos lugares que habitan*. Vigo: Xerais, 2020.
- SCHUBARTH, Dorothé e SANTAMARINA, Antón. *Cancioneiro popular galego*. A Coruña: Fundación Barrié, 1984.
- VÁZQUEZ SACO, Francisco. *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. Compostela: CRPIH, 2003 [1955].

¹Agradecemos a Pilar López, a Rocío Díaz e a Xurxo Rodríguez as facilidades dadas para consultar todos os números da prensa escolar corguesa que nos foran disponibilizados.

²Agradecemos este dato a María Jesús López Loureiro, que prontamente deu resposta ao noso requerimento de información sobre os fondos existentes na Biblioteca Pública Municipal de Láncara.

³Agradecemos esta información a Antonio Cepeda Fandiño, da Área de Documentación do MUPEGA – Museo Pedagóxico de Galicia.

⁴<http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiramonpineirolancara/node/153>

⁵www.facebook.com/cpramonpineiro/

CAPELANÍAS E CAPELÁNS DO CORGO

Antigos arciprestados do Corgo: Maestrescolía, Farnadeiros, Picato e Sarria

Óscar González Murado
PhD en Historia da Igrexa
Director do Arquivo diocesano de Lugo

RESUMO

Analizamos neste apartado a sección das capelanías do concello de O Corgo, cerrando así o censo de sacerdotes do concello. Neste caso aportamos 98 sacerdotes á lista anterior, constituída polos párrocos. Faltarían os patrimoniais ou patrimonistas -que se ordenaban a título de patrimonio-. As capelanías son fundacións feitas normalmente por leigos co obxecto de que se apliquen misas polos defuntos da familia do fundador e ó mesmo tempo becan a un individuo para que poida vivir dese oficio. Descubrimos neste artigo as fundacións do concello do Corgo en igrexas e tamén en ermidas desaparecidas, que tiñan un altar sinalado para a aplicación de misas.

PALABRAS CLAVE

Capelanías- Maestrescolía - Picato - Sarria- Farnadeiros - capeláns- fundacións - ermidas -

As capelanías colativas de sangue son fundacións de familias pudientes ou de eclesiásticos para que se rece pola súa alma e a dos antepasados. E para que se apliquen as misas é necesario ter un crego que o faga e por iso nomean quen ha de ser o capelán ou suxeito que as aplique, cando ese nomeado capelán aínda non é presbítero, é dicir, que pode dicir misa. Normalmente escollen a alguén da súa propia familia ou próximo para que desempeñe esa función. Non era necesario que fose crego senón que estea en disposición de pasar ao estado sacerdotal. Neste último caso ten que buscar un crego que descargue esas misas. Podía darse o caso que ese candidato a capelán non chegase a finalizar o seu percorrido, converténdose en presbítero, xa que crego propiamente é aquel que recibe a

prima clerical tonsura. No caso do concello de O Corgo que estamos a analizar temos algún caso de capeláns que foron nomeados como tales pero que non chegaron a ser presbíteros e incluso se casaron como Francisco de Prado e Quiroga, capelán de San Pedro en Folgosa ou Agustín Gómez, capelán de Santo Antonio de Padua en San Bertolomeu de Chamoso; ou Pedro Pallín capelán de Nosa Señora do Rosario en Arxemil. Unha cousa era que foran capeláns e outra que puideran facer o servizo ao que estaban destinados. Para iso contrataban un presbítero que lle puidese descargar as misas.

Para este traballo o fundador apartaba unha serie de bens, que lle permitirían ao capelán poder vivir, dito doutra maneira creaba un vínculo patrimonial. Por iso ás veces consérvanse no medio topónimos que nos remiten a algunha fundación deste tipo. Aparte do capital para a manutención o fundador da capelanía tamén sinalaba o altar no que tiñan que ser descargadas as misas.

No caso de O Corgo trece destas fundacións estaban vinculadas á igrexa parroquial e sete en altares de diferentes ermidas. Así revélanos a existencia dunha ermida en Demondín, en Hospital (Santo André) unha ermida dedicada a San Roque; unha ermida no lugar do mesmo nome en Franqueán; unha ermida pegada á igrexa de Piñeiro; as ermidas que foron parroquias de San Pedro de Coto e San Xoán de Folgosa. A dinámica é similar a dos dereitos de presentación: vacante a capelanía é o fundador da capelanía ou o seu descendente presenta un candidato, quen é examinado polo bispo e se é apto nomease capelán. Nas igrexas parroquiais tamén queda sinal da súa existencia polas

imaxes presentes ou ben no altar maior ou nos colaterais.

O arco de tempo das fundacións da capelanías, na documentación conservada, é dende o 1633 ata o ano 1789. Cos avatares do século XIX sobre todo a partir da desamortización estas fundacións van languidecendo e desaparecen. Das 22 capelanías temos 11 fundadas no século XVII e 11 no século XVIII. No século XVII concéntranse as fundacións na segunda metade e no século XVIII tamén na segunda metade.

Este achegamento dános unha idea das devocións particulares dos corgueses. Son 22 capelanías das que se conserva documentación na sección de Capelanías do Arquivo Diocesano de Lugo, sección do Provisorato. Estránanos que só haxa 17 parroquias das que se conserven datos. ¿Acaso desapareceu documentación ou non se conservou memoria delas?.

Atopamos a fundación dunha capelanía sen nome, que está na parroquia de Fonteita; temos o caso de tres fundacións que atende o mesmo capelán, tratase das capelanías de San Carlos Borromeo (Lapío), San Xoán Bautista (Santo Estevo de Farnadeiros) e Nosa Señora da Purificación (San Cosme de Manán); e o caso de tres capelanías dedicadas a dous santos: a xa citada fai pouquiño atendida polo mesmo capelán e a fundación de Piñeiro, dedicada á Virxe do Rosario e San Xoán Bautista. No tocante as advocacións ou santos aos que se lle dedican as capelanías observamos

que á Virxe están dedicadas tres capelanías. Neste caso a advocación escollida é o Rosario e a Purificación. Hai tres capelanías dedicadas a Santo Antonio de Padua, seguida de dúas a San Pedro, San Sebastián e San Xoán Bautista. O resto das capelanías (11) están dedicadas a diferentes santos: San Adrián, San Carlos Borromeo, San Diego, San Luís, San Miguel, Santa Isabel, Santa Lucía e Santa María Magdalena. Dentro desta radiografía de santidad observamos como hai santos de todas as épocas: da época apostólica San Pedro e San Xoán Bautista, Santa Isabel e Santa María Magdalena; mártires das persecucións romanas como San Sebastián, Santa Lucía e San Adrián; santos das ordes mendicantes como Santo Antonio de Padua; santos anxos coma San Miguel, que escapan da historicidade.

¿A que responde a elección duns santos ou outros? Pódese deber a diferentes factores como son: o santo padroeiro da parroquia, o nome do fundador que se encomenda o santo do seu nome, ou relacionado con algunha devoción particular. Por exemplo o nome do santo coincide co nome do fundador no caso da de San Diego en San Xoán de Cela, na de San Xoán Bautista na fundación de Piñeiro ou na de Santo Estevo de Farnadeiros. No caso de San Xoán Bautista coincide co titular da antiga igrexa de San Xoán de Folgosa, ou a de San Pedro en San Pedro de Coto. Hai que dicir tamén que unha fundación está na antiga igrexa de San Bertomeu de Chamoso, hoxe ermida dependente de Arxemil.

DEVOCIÓN	Parroquia	Ano de fundación	Fundador	Lugar de Ubicación	
Nosa Señora do Rosario	Gomeán		Jácome López Torrón	Igrexa parroquial	V
San Carlos Borromeo	Lapío	1633	Sebastián López Teijeiro	Igrexa parroquial	S
Nosa Señora da Purificación	San Cosme de Manán	1660	Sebastián López Teijeiro	Igrexa parroquial	V
San Xoán Bautista	San Martiño de Folgosa	1664	Mendo Vázquez y Somoza, cura párroco	Igrexa de san Xoán de Folgosa	S

San Pedro	Santo Estevo de Folgosa	1674	Mendo Vázquez Somoza	Igrexa de San Pedro de Coto	S
San Miguel	Franqueán	1676	Sebastián López do Vale	Igrexa parroquial	S
San Diego	San Xoán de Cela	1677	Diego Arias Somoza	Ermida xunto á igrexa	S
Nosa Señora do Rosario e San Xoán Bautista	Santa María de Piñeiro	1680	Juan de Pradedada e Aguiar	Ermida pegada á igrexa de Piñeiro	M
Santa Lucía	Santa María de Queizán	1680	Pedro Fernández Monasterio	Igrexa parroquial	S
Santa Isabel	Gomeán	1681	Juan Arias de Neira	Igrexa parroquial	S
San Xoán Bautista	Santo Estevo de Farnadeiros	1690	Juan López Carvajales		S
San Sebastián	Santo Estevo de Folgosa	1693	Isabel do Monte	Igrexa parroquial	S
San Luis	San Bertomeu de Chamoso	1714	Juan López de Páramo	Igrexa parroquial	S
San Sebastián	San Pedro de San Andrés de Chamoso	1723	Francisco de Neira e Páramo	Ermida de San Roque, en Ospital	S
San Pedro, Apóstol	Santiago de Fonteita	1723	Andrés Reigosa	Igrexa parroquial	S
San Antonio de Padua	Santiago de Adai	1757	Pedro Fernández de Neira, el Viejo	Igrexa parroquial	S
Nosa Señora do Rosario	San Pedro de Arxemil	1761	Ana Álvarez Sanjurjo	Igrexa parroquial	V
San Adrián	Franqueán	1768	Sebastián López	Ermida na Ermida	S
Santa María Magdalena	San Cristovo de Chamoso	1768	Esteban de Villar	Igrexa parroquial	S
San Antonio de Padua	San Bertomeu de Chamoso	1775	Luis López de Páramo	Capela de Demondín	D
San Antonio de Padua	Marei	1789	Domingo Díaz Castroverde	Igrexa parroquial	S

Táboa 1: Relación de capelanías co fundador, ano de fundación, localización.

1.1 Capelanías.

1.1.1. Maestrescolía. Mazo 1

1.1.1.1. San Martiño de Folgosa

1.1.1.1.1. San Xoán Bautista

1.1.1.1.1.1. Legaxo 1 (1735)

No ano 1735 está vacante a capelanía de San Xoán Bautista, sita na parroquia de San Martiño de Folgosa, por morte de Antonio Saco y Quiroga. Presentase a Mendo Saco y Quiroga, veciño de Seoane, San Martiño de Folgosa. Fora fundada o 5 de febreiro de 1664 por Mendo Vázquez y Somoza, cura párroco de Santo Estevo e San Martiño de Folgosa. O lugar dela era o altar maior da igrexa morta de San Xoán de Folgosa. Nomeara por primeiro capelán a Antonio Pardo Quiroga.

1.1.1.1.1.2 Legaxo 2 (1777)

No ano 1777 falece Mendo Saco y Quiroga. Nomease neste ano a José Quiroga y Riomol, veciño de San Martiño de Folgosa. Nacera no ano 1753 e fora bautizado como José Antonio de la Portaría, fillo de José Lorenzo Quiroga y Riomol e de Josefa Pardo y Neira.

1.1.1.1.1.3 Legaxo 3 (1789)

Falece José de Quiroga y Riomol. O presenteiro é José Teijeiro y Riomol, cura de Santa María de Teixieiro e dono do lugar de Seoane, en San Martiño de Folgosa. Presenta ó seu irmán Juan Quiroga y Riomol.

1.1.1.1.1.4 Legaxo 4 (1810)

No ano 1810 Juan Quiroga y Riomol casa e queda vacante a capelanía. Nomease a Vicente Quiroga y Riomol, veciño de Santo Estevo de Folgosa. Presenta neste ano José Quiroga Riomol, arcediano de Triacastela, coengo da Catedral de Lugo.

1.1.1.1.1.5 Legaxo 5 (1827)

Falece no ano 1827 Vicente Quiroga y Riomol. Presenta neste ano José Quiroga y Riomol a Juan María Pardo y Quiroga, natural de San Pedro de Cadoalla e veciño de Madrid.

1.1.1.1.1.6 Legaxo 6 (1835)

Falece no ano 1835 Juan María Pardo y Quiroga. Nomease como capelán a Ignacio Pardo y Quiroga, veciño de San Pedro de Cadoalla.

1.1.1.1.1.7 Legaxo 7 (1853)

Falece no ano 1853 Ignacio Pardo. Presenta José López Quiroga a Juan Quiroga Riomol, veciño de San Juan de Sirgueiros.

1.1.1.1.1.8 Legaxo 8 (1865)

Juan Quiroga Riomol renuncia á capelanía no ano 1865. Presentan a Jaime Pardo Valcárcel, natural de San Xoán de Sirgueiros.

1.1.1. Maestrescolía. Mazo 2

1.1.1.1. Santo Estevo de Folgosa

1.1.1.1.1. San Sebastián

1.1.1.1.1.1. Legaxo 1 (1693)

Fundada en 1693 por Isabel do Monte, viúva de Martín Toirán, veciña de Santo Estevo de Folgosa. O lugar da fundación é no altar colateral do lado do evanxeo da igrexa parroquial. Nomea por primeiro capelán a Antonio Toirán, seu fillo.

1.1.1.1.1.2. Legaxo 2 (1727)

Antonio Toirán falece no ano 1727. Presenta o titor dos fillos de Francisco Toirán, Manuel Toirán, cura de San Pedro de Bande, a Andrés Álvarez de Armesto, veciño de San Xoán de Muro.

1.1.1.1.1.3 Legaxo 3 (1744)

Andrés Álvarez de Armesto falece no ano 1744. Nomease a Juan Francisco Díaz Toirán, natural de Monte de Silva, Santo Estevo de Folgosa.

1.1.1.1.1.4 Legaxo 4 (1850)

Juan Francisco Díaz Toirán falece no ano 1834. Declarase decaída a capelanía no ano 1850.

1.1.1.1.2. San Pedro

1.1.1.1.2.1 Legaxo 1 (1674)

Fundada na igrexa "morta" de San Pedro de Coto por Mendo Vázquez Somoza, cura de Santo Estevo de Folgosa no ano 1674. O altar da capelanía é o altar maior da antiga igrexa. Nomea por primeiro capelán a Álvaro Pardo de Quiroga, seu sobriño e veciño de San Martiño de Folgosa.

No ano 1731 renuncia á capelanía por ser maior de 83 anos. O seu patrón, Pedro Pardo Vivero, veciño de Furco, Santiago de Cedrón nomea como capelán a José Pardo Vivero. Os Pardo Vivero son sobriños do fundador.

1.1.1.1.2.2 Legaxo 2 (1739)

José Vivero, veciño do lugar de Furco, Santiago de Cedrón, afirma que as misas que se tiñan que celebrar polo testamento de Mendo Vázquez Somoza non poden celebrarse porque a ermida de San Pedro de Coto está en ruínas así como a ermida que fixera reedificar xunto á casa de habitación de Mendo Vázquez. Esta última ermida fora construída polo 1684. Dáselle autorización para dicir as misas onde se atopasen os capeláns.

1.1.1.1.2.3. Legaxo 3 (1760)

José Vivero falece no ano 1760. Nomean a José Saco y Quiroga, cura de San Vicente de Pedreda.

1.1.1.1.2.4. Legaxo 4 (1789)

No ano 1789 falece José Saco y Quiroga. Presenta José Lorenzo Pardo Vivero a Juan García de Robles, veciño de Santa Mariña de Folgosa, Caurel.

1.1.1.1.2.5 Legaxo 5 (1825)

No ano 1825 falece Juan García de Robles. Nomease a Francisco de Prado y Quiroga, natural de Santalla de Guilfrei.

1.1.1.1.2.6 Legaxo 6 (1830)

No ano 1830 casa Francisco de Prado y Quiroga. Nomease a Julián Traseira e Núñez, natural de Santiago de Lugo.

1.1.1.1.2.7. Legaxo 7 (1863)

Falece Julián Traseira no ano 1863. Nomease a Francisco Renard y Trinch, natural de Perelada, diocese de Xirona. Nomeado polo señor bispo José de los Ríos Lamadrid.

1.1.5. Maestrescolía. Mazo 5

1.1.5.1. Santiago de Fonteita

1.1.5.1.1 San Pedro Apóstolo

1.1.5.1.1.1 Legaxo 1 (1723)

Acompaña a esta fundación unha solicitude de cura feito por Sebastián de Neira, cura de Fonteita, dun crego que lle axude no ano 1723. Menciona a Pedro Manuel Reigosa e Quiroga. Fundada o 12 de xullo de 1723 por Andrés de Reigosa, veciño do lugar de Faxilde, Santa Mariña de Pumarega, a favor do seu fillo Manuel. Trátase dunha capelanía vitalicia da advocación de San Pedro Apóstolo. Mediante esta fundación completase a congrua.

1.1.5.1.2 Sen advocación

1.1.5.1.2.1 Legaxo 1

Fundada por Pedro Antonio Ferreiro, natural do lugar de Vilaboa, Fonteita, e residente na vila e corte de Madrid por medio de testamento o 14 de setembro de 1784. Nomea por primeiro capelán a Andrés Ferreiro Díaz, párroco de San Salvador de Lanzós, bispado de Mondoñedo. Separa dos seus bens 70.000 reais e ten como carga a celebración de 26 misas rezadas cada ano.

1.1.5.2 San Bartolomeu de Chamoso

1.1.5.2.1 San Antonio de Padua

1.1.5.2.1.1 Legaxo 1 (1775)

O 24 de marzo de 1775 Luís López de Páramo, veciño do lugar Demondín, San Bartolomeu de Chamoso, funda unha capelanía dedicada a San Antonio na capela de Demondín que ten o outorgante nos termos da mesma parroquia. Nomea por primeiro capelán a Pedro López de Páramo, clérigo de prima tonsura.

1.1.5.2.1.2 Legaxo 2 (1815)

Pedro López de Páramo falece o 9 de setembro de 1813. Queda a capelanía vacante. Nomease a Gregorio de Páramo e Neira ou López de Páramo, veciño de Demondín.

1.1.5.2.1.3 Legaxo 3 (1820)

Gregorio López de Páramo falece o 24 de agosto de 1819. Juan López de Páramo como padrón presenta a Agustín Gómez, veciño da cidade de Lugo e natural de San Lourenzo de Albeiros.

1.1.5.2.1.4 Legaxo 4 (1823)

Agustín Gómez o 2 de abril de 1823 casa con Anita González, na igrexa de San Xurxo de A Coruña. Queda a capelanía vacante. Presentase a Antonio López de Bande, natural de Santo Estevo de Farnadeiros. No ano 1827 renuncia a capelanía sen tomar posesión. Presentase a Juan Vicente de Goy, veciño de Santiago de Lugo, quen ano 1834 era capelán da capelanía do Santo Anxo da Garda, sita na Catedral de Lugo. Polo tanto Goy renuncia. Neste ano presentase a Antonio María de Goy, veciño da cidade de Lugo. Desta vez queda como capelán.

1.1.5.2.2 San Luís

1.1.5.2.2.1 Legaxo 1

Fundada por Juan López de Páramo, veciño de Demondín, o 7 de marzo de 1714. Nomea como primeiro capelán ao seu fillo Luís López de Páramo. É unha capelanía ad vitam de advocación de San Luís instituída no altar colateral do lado da epístola na igrexa parroquial de San Bartolomeu de Chamoso.

1.1.5.3 San Pedro de San Andrés de Chamoso

1.1.5.3.1 San Sebastián

1.1.5.3.1.1 Legaxo 1

Fundada o 5 de marzo de 1723 por Francisco de Neira e Páramo, veciño do Hospital, freguesía de San Andrés. Dedicada a San Sebastián. Institúea na ermida de San Roque, sita no lugar de Hospital. Presenta como primeiro capelán a Manuel de Neira Páramo Montenegro, irmán do padrón.

1.1.5.4 Santiago de Adai

1.1.5.4.1 San Antonio de Padua

1.1.5.4.1.1 Legaxo 1

No ano 1757 Pedro Fernández de Neira el Viejo cos seus fillos Pedro Fernández de Neira y Quiroga e Esteban Fernández de Neira fundan unha capelanía de San Antonio de Padua, dentro da igrexa parroquial, no altar colateral dedicado a Santa Ana, ao lado da epístola. Presentan como primeiro capelán a Juan de Neira y Quiroga, fillo de Pedro Fernández de Neira y Quiroga.

1.1.5.4.1.2 Legaxo 2

No ano 1766 Juan de Neira é cura de San Xulián de Vilachá de Mera e polo tanto deixa a capelanía. Presentase a Manuel González Núñez, veciño de Santiago de Miranda.

1.1.5.4.1.3 Legaxo 3

No ano 1774 Manuel González Núñez deixa a capelanía por pasar ao beneficio de San Miguel de Páramo. Presentase a Antonio Cedrón y Valcarce, veciño de Santiago de Adai.

1.1.5.4.1.4 Legaxo 4

No ano 1800 falece Antonio Somoza. Presentase a Juan Fernández de Neira, cura párroco de San Pedro de Seteventos.

1.1.5.4.1.5 Legaxo 5

Antonio Cedrón y Valcarce pasa a ser cura de Santiago de Laxosa no ano 1791. Presentase para capelán a Antonio Somoza, veciño de Adai.

1.1.5.4.1.6 Legaxo 6

Falece Juan Fernández de Neira no ano 1809. Presentase a Ramón Somoza, veciño de San Fiz de Cangas.

1.1.5.5 Santa María de Queizán

1.1.5.5.1 Santa Lucía

1.1.5.5.1.1 Legaxo 1

No ano 1680 Pedro Fernández de Monasterio e Catalina Fernández, veciños de San Paio de Arcos, fundan unha capelanía na igrexa de Queizán, no altar colateral no lado da epístola, en honor de Santa Lucía. Nomean como primeiro capelán ao seu fillo Froilán Fernández.

1.1.6. Maestrescolía. Mazo 6

1.1.6.1. San Cristovo de Chamoso

1.1.6.1.1 Santa María Madalena

1.1.6.1.1.1 Legaxo 1

O 28 de setembro de 1768 Esteban de Villar, veciño da casa de Souto, San Cristovo, e Antonio Fernández, veciño de San Andrés de Chamoso, fundan a capelanía de Santa María Magdalena no altar maior da igrexa parroquial. Nomean como primeiro capelán a Pedro Villar, de San Cristovo.

1.1.6.1.1.2 Legaxo 2

O 12 de abril de 1819 falece Pedro Villar. O padrón é Diego Fernández de San Andrés de Chamoso e presenta a José Fernández Castroverde, de Santa Catalina de Anseán.

1.1.6.2 San Pedro de Arxemil

1.1.6.2.1 Nosa Señora do Rosario



Imaxe da Virxe do Rosario no altar colateral da igrexa de San Pedro de Arxemil

1.1.6.2.1.1 Legaxo 1

O 21 de marzo de 1761 Ana Álvarez Sanjurjo, viúva de Juan López Torrón, de San Bartolomeu de Chamoso co seu fillo Ángel López Torrón fundan unha capelanía da Virxe do Rosario na igrexa de Arxemil. Nomea por primeiro capelán a José López Torrón, seu fillo.

1.1.6.2.1.2 Legaxo 2

José López Torrón falece o 7 de setembro de 1809. Presentase a Pedro Pallín y Monasterio, de San Martiño de Carballido. Casa Pedro Pallín no ano 1817 con María Álvarez de San Andrés de Barredo. Ao quedar vacante a capelanía presentan a un irmán de Pedro chamado Manuel María. O certo é que se nomea a outro José López Torrón.

1.1.6.2.1.3 Legaxo 3

José López Torrón aparece casado no ano 1833 e polo tanto queda a capelanía vacante. Presenta o padrón a Juan López Torrón, veciño de San Bartolomeu de Chamoso.

1.1.6.3 Santa María de Piñeiro

1.1.6.3.1. Nosa Señora do Rosario e San Xoán Bautista



Portada tapiada da igrexa de Piñeiro, que daba acceso ao altar no que estaba presumiblemente o altar da capelanía de San Xoán Bautista e do Rosario.

1.1.6.3.1.1 Legaxo 1

Fundada o 18 de setembro de 1680 por Juan de Pradedo e Aguiar, cura de San Vicente de Pedreda e San Xillao de Rubiás. Institúe esta capelanía na ermida que está fabricada pegada xunto á igrexa de Santa María de Piñeiro. Era natural desta parroquia. O primeiro capelán foi Benito López, de San Pedro de Ronfe. O segundo foi Jacob Camaño e despois Mateo de Pradedo.

1.1.6.3.1.2 Legaxo 2

No ano 1682 renuncia á capelanía Benito López por ter congrua suficiente. Presentase a Jacob López de Caamaño, veciño de San Miguel de Codesos, arcebispado de Santiago de Compostela. Jacob falece como capelán no ano 1741. Nomease neste caso a Mateo de Pradedo Aguiar y Montenegro, cura da vila de Castro de Vega, diocese de León.

1.1.6.3.1.3 Legaxo 3

Mateo Pradedo falece en 1748. Presenta María Pradedo, muller de Bernardo Rivera y Guitián, rexedor da cidade de Lugo, a Juan Fernández Pradedo, veciño de Santa Mariña de Sarria. Aparece na aprobación do nomeamento como Juan Antonio Fernández Freijo.

1.1.6.3.1.4 Legaxo 4

Juan Antonio Fernández falece no ano 1781. Presentan a Juan Cavarcos Pradedo, veciño da casa de couto de Soutomerille.

1.1.6.3.1.5 Legaxo 5

Juan Cavarcos contrae matrimonio no ano 1785. Nomease a Blas Pérez Pradedo, veciño de San Pedro Fiz de Muxa.

1.1.6.3.1.6 Legaxo 6

Falece Blas Pérez no ano 1809. Nomease a Antonio Gandoy e Pradedo, veciño de San Pedro de Santa Comba.

1.1.6.3.1.7 Legaxo 7

Antonio Gandoy pasa a ser cura de San Fiz de Paradela no ano 1829. Nomease a Antonio Reija, veciño de Lugo.

1.1.6.3.1.8 Legaxo 8

Falece Antonio Reija no ano 1855. Presentase a Manuel María Fernández, natural de Santiago de Lugo.

1.1.6.3.1.10 Legaxo 10

Falece Manuel María Fernández no ano 1865. Nomean a José Carreira Varela, natural de Santiago de Meilán.

1.1.6.3.1.11 Legaxo 11

Falece José Carreira en decembro do ano 1867. Nomease a Manuel Fernández Somoza, veciño de Lugo. No ano 1881 extínguese a capelanía por falta de bens.

1.1.2. Picato. Mazo 1

1.1.2.1. Santiago de Gomeán

1.1.2.1.1. Nosa Señora do Rosario

1.1.2.1.1.1. Legaxo 1 (1740)

Fundada por Jácome López Torrón, cura de Gomeán. No ano 1712 renuncia á capelanía o seu sobriño Pedro Gómez Torrón, veciño de Santa María Magdalena de Pena, quen sucedera a Juan Díaz de Aguiar no ano 1684. No ano 1712 nomean como sucesor a Pedro Gómez Torrón, seu sobriño.

En 1740 falece Pedro Gómez Torrón. Nomease a Pedro Álvarez Torrón, clérigo de menores ordenes, veciño de San Pedro de Riomol.

1.1.2.1.1.2 Legaxo 3 (1760)

No ano 1760 deixa a capelanía Pedro Álvarez de la Barrera por pasar a ser cura de Santo Estevo de Furís. Nomease a José Varrera y Torrón, de San Pedro de Riomol.

1.1.2.1.1.4 Legaxo 4 (1814)

No ano 1811 falece José Varrera en San Mamede de Pentes, bispado de Ourense, de accidente. Oponse á capelanía Ramón Quiroga y Porras, posuidor do beneficio simple de San Martín de Río e natural de Santa Eufemia de Vilarmosteiro.

1.1.2.1.2 Santa Isabel

1.1.2.1.2.1 Legaxo 1

É unha capelanía vitalicia. Fundada no ano 1681 por Juan Arias de Neira, veciño de Gomeán, a favor de Gregorio Arias de Neira, seu fillo. Fundada no altar colateral ao lado da epístola na igrexa parroquial.

1.1.2.2 Santa María de Marei

1.1.2.2.1 San Antonio de Padua

1.1.2.2.1.1 Legaxo 1

Fundada o 10 de maio de 1789 por Domingo Díaz Castoverde e Tomás Díaz Castoverde, seu irmán crego. Fundada na igrexa parroquial de Marei.

1.1.2.3 Santa María de Franqueán

1.1.2.3.1 San Miguel



Imaxe de San Miguel, conservada na igrexa de Franqueán, que pertencería á capelanía deste santo.

1.1.2.3.1.1 Legaxo 1 (1676)

Fundada o 16 de marzo de 1676 por Sebastián López do Vale, veciño de Gomeán, e Pedro Pérez, seu xenro, de Santa Xuliana, Santa María do Monte en honor de San Miguel. É no altar do lado dereito da igrexa parroquial. Nomean como primeiro capelán a Sebastián Díaz, fillo de Sebastián López do Vale.

1.1.2.3.2 San Adrián

1.1.2.3.2.1 Legaxo 1 (1768)

Fundada por Sebastián López, veciño de Santa María de Franqueán, o 27 de setembro de 1768. Fundada na ermida do mesmo nome no lugar da Ermida, xunto á casa onde vive o outorgante. Se faltara a ermida pasaría á igrexa parroquial ao altar de San Miguel. Nomea ao seu irmán José Ignacio López como primeiro capelán.

1.1.2.3.2.2 Legaxo 2 (1805)

José Ignacio López Hermida falece en Madrid o 3 de xuño de 1804. A súa partida de defunción atopase no arquivo da igrexa parroquial de Santa Cruz, da vila de Madrid. Nomease a José Domingo López Hermida, natural de Franqueán.

1.1.3. Farnadeiros. Mazo 1

1.1.3.1. San Miguel de Lapío

1.1.3.1.1 San Carlos Borromeo



Capela lateral da igrexa de Lapío, onde estaba emprazada a capelanía de San Carlos Borromeo.

1.1.3.1.1.1 Legaxo 1 (1671)

Fundada o 20 de xullo de 1633 por Sebastián López Teijeiro, tesoureiro e cóengo da catedral de Mondoñedo. A advocación é de San Carlos Borromeo, arcebispo de Milán. Nomeou por primeiro capelán a Sebastián López. Tiña a obriga o capelán de facer un arco de cantería e as imaxes co retablo, as cales marca a fundación: “Se a de hacer en la pared un arco de piedra de cantería y de fuera de dicha iglesia se a de hacer una capilla y en ella un altar con un retablo y dos imágenes la una del glorioso San Carlos Borromeo, arzobispo de Milán que ha de estar al lado derecho y la otra San Sebastián y a de estar al lado izquierdo y el retablo e imágenes doradas y pintadas y en el llano de dicha capilla se han de poner dos sepulturas grandes de piedra de cantería o de otro material equivalente en las que se han de trasladar los huesos de sus padres y parientes que entán enterrados en la dicha parroquial iglesia y poner en ella los rótulos que pareciere conveniente”.

1.1.3.1.1.2 Legaxo 2 (1673)

Falece Sebastián López Teijeiro no ano 1673. Nomean a Julián Vázquez Teijeiro, veciño de San Pedro de Santa Comba

1.1.3.2. San Cosme e San Damián de Manán de Abaixo



Imaxe de nosa señora da Purificación, hoxe Virxe do Carme, obxecto de culto da capelanía do mesmo nome.

1.1.3.2.1 Nosa Señora da Purificación

1.1.3.2.1.1 Legaxo 1 (1705)

Fundada no ano 1660 por Sebastián López Teijeiro, veciño do lugar de Cobreiro¹, e primeiro capelán da de San Carlos Borromeo de San Miguel de Lapío. Nesa escritura di que pretende poñer imaxe da Nosa Señora da Purificación na igrexa parroquial de Manán de Abaixo.

No ano 1705 vaca por morte de Juan Nieto a capelanía da Purificación e sucédelle Domingo Osorio, veciño de Santa María Magdalena de Sabarei.

1.1.3.3 Santo Estevo de Farnadeiros



Imaxe de San Xoán Bautista, provinte do altar do mesmo nome e fundación.

1.1.3.3.1 San Xoán Bautista

1.1.3.3.1.1 Legaxo 1 (1710)

Fundada por Juan López Carvajales no ano 1690, veciño de San Estevo de Farnadeiros, e Juan Díaz, veciño de San Pedro de Cerceda. Nomea ao seu fillo Gregorio Carvajales, quen renuncia no ano 1710, por ser vicario de Santiago de Saa de Páramo. Presentan a Antonio Palmero y Pardo, veciño de Santa Eulalia de Cuiña.

¹Dise que é vicario de Santa María Magdalena de Cobreiro.

1.1.3.3.1.2 Legaxo 2 (1713)

Antonio Palmeiro no ano 1713 deixa a capelanía porque élle imposible cumprir coas obrigacións propias, xa que goza dunha capelanía da Catedral de Lugo. Nomease a José de Rego, veciño de Santa María de Sar, diocese de Santiago de Compostela.

1.1.3.3.1.3 Legaxo 3 (1716)

No ano 1716 José de Rego renuncia á capelanía. Nomease a Antonio Manuel Froilán Fernández de Castro, veciño da cidade de Lugo, fillo de Froilán Fernández Santalla e de Josefa Mourenza de Castro.

1.1.3.3.1.4 Legaxo 4 (1745)

No ano 1732 Antonio Manuel Froilán deixa a capelanía xa que pasa a ser capelán de outras dúas capelanías na vila de Madrid. Nese ano dáselle o título a Bernardo López de Neira, veciño da cidade de Lugo, quen no ano 1737 deixa a capelanía sen tomar posesión. Accede neste ano Bernardo de Neira e Castro, quen deixa a capelanía no ano 1745 por pasar ao beneficio de San Pedro de Noceda de Courel. Este ano toma posesión dela Antonio de Neira y Castro, veciño da cidade de Lugo.

No ano 1759 deixa a capelanía Ángel de Asorey y Mella, veciño de San Miguel de Galegos, e nomease a Gonzalo Arias, veciño de San Xoán de Santa Comba.

1.1.3.3.1.5. Legaxo 5 (1753)

No ano 1753 deixa a capelanía Antonio de Neira e Castro. Accede a ela Ángel de Asorey y Mella, veciño de Tuimil, San Miguel de Galegos.

1.1.3.3.1.6 Legaxo 6 (1759)

No ano 1759 deixa a capelanía Ángel de Asorey, aducindo ter bens dos que vivir

1.1.3.3.1.7 Legaxo 7 (1777)

Gonzalo Arias de Ulloa deixa a capelanía porque pasa ao beneficio de San Xoán de Santa Comba no ano 1777. Nomean a José Díaz, veciño de San Xoán de Cela.

1.1.3.3.1.8 Legaxo 8 (1804)

José Díaz pasa a ser cura de San Vicente de Rubián de Cima no ano 1804. Nomean a Ignacio López de Prado, natural de San Cristovo de Martín.

1.1.3.3.1.9 Legaxo 9 (1807)

Ignacio López falece no ano 1806 en Anseán na casa do seu irmán Juan López de Prado, cura de Anseán. Nomease a José Capón, natural de Santa María Magdalena de Escoureda.

1.1.4. Mazo 2

1.1.4.1 Santo Estevo de Farnadeiros e San Cosme de Manán de Abaixo

1.1.4.1.1. San Carlos Borromeo e San Xoán Bautista

1.1.4.1.1.1. Legaxo 1 (1692)

Vaca a capelanía por morte de Julián Vázquez Teijeiro no ano 1692. Nomease a Domingo Osorio como capelán, natural de Santa María Magdalena de Sabarei.

1.1.4.1.1.2. Legaxo 2 (1723)

Vaca por morte de Domingo Osorio e Neira, capelán das capelanías de San Carlos Borromeo de Lapío e San Xoán Bautista de Manán de Abaixo.

1.1.4.1.1.3 Legaxo 3 (1731)

Vaca no ano 1731 por morte de Francisco de Otero. Presentase a Pascual de Neira y Osorio, veciño de Santa Cruz de Picato.

1.1.4.1.1.4 Legaxo 4 (1768)

Falece no ano 1768 Pascual de Neira y Osorio.

Presentan a Pedro Basilio López, natural do Placer, San Fiz de Paradela.

1.1.5 Mazo 3

1.1.5.1. Santo Estevo de Farnadeiros e San Miguel de Lapío

1.1.5.1.1 San Carlos Borromeo e Nosa Señora da Purificación

1.1.5.1.1.1 Legaxo 5 (1806)

Falece Pedro Basilio López no ano 1806. Presenta Pedro López Teijeiro, morador casa de Vilasuso ou Pombal e San Pedro de Farnadeiros a Francisco Lamela Teijeiro, capelán da Catedral de Lugo.

1.1.5.1.1.2. Legaxo 6 (1814)

Falece Francisco Lamela o 21 de agosto de 1812. Nomease a Joaquín Vila y Cedrón, veciño de Lugo.

1.1.5.1.1.3 Legaxo 7 (1825)

Joaquín Vila pasa a ser cura de Santa Mariña de Cabreiros, diocese de Mondoñedo no ano 1825.

1.1.5.1.1.4 Legaxo 8 (1858)

No ano 1858 falece José de la Vega y Armesto. Presentase a Manuel López, veciño de San Fiz de Paradela e párroco de Santa María Magdalena de Manán. Non lle deixan ser capelán por incompatibilidade co seu cargo.

1.1.4. Sarria. Mazo 5

1.1.4.5. San Xoán de Cela

1.1.4.5.1 San Diego

1.1.4.5.1.1 Legaxo 1

Fundada na ermida que está xunto á igrexa de San Xoán de Cela no ano 1677 por Diego Arias Somoza, cura de San Xoán de Cela, Santiago de Camposo e San Pedro de Maceda. O

emprazamento da ermida era pegada á igrexa pola parte de abaixo. Nomea como capelán a Pedro Saco de Quiroga.

Os padróns serán os sucesores na casa de Caira, en Santiago de Amoexa.

1.1.4.5.1.2 Legaxo 2

Pedro Saco de Quiroga, veciño de San Xulián de Mourelos, capelán, renuncia á capelanía no ano 1672. Nomean como capelán a Diego Arias.

1.1.4.5.1.3 Legaxo 3

Diego Arias falece no ano 1679 e nomease como capelán a Francisco Antonio Somoza, veciño de San Martiño de Laiosa.

1.1.4.5.1.4 Legaxo 4

Francisco Antonio Somoza deixa a capelanía no ano 1686 por pasar a ser cura de Santo Estevo de Rivas de Miño. Nomean a Melchor Saco y Quiroga, veciño de San Martiño de Torre.

1.1.4.5.1.5 Legaxo 5

Melchor Saco y Quiroga pasa no ano 1703 ó beneficio de San Xillao de Ponte de Veiga. Nomease a Diego Arias Varela Sotomayor, veciño de Santiago de Amoexa, non sen un ruidoso preito con Roque Méndez, veciño de San Xoán de Remesar. Diego Arias falece no ano 1728. Sucédelle Juan Manuel Méndez, veciño de San Sadurniño de Piñeiro.

1.1.4.5.1.6 Legaxo 6

Falece no ano 1750 Juan Manuel Méndez. Sucédelle Antonio Guitián Somoza y Pallares, veciño de San Félix de Laxe.

1.1.4.5.1.7 Legaxo 7

Falece Antonio Guitián Somoza en 1825. Nomean a Antonio Varela Somoza, cura párroco de Santiago de Madelos, bispado de Ourense.

Capeláns organizados por orde alfabética

1	Álvarez de Armesto, Andrés	1727-†1744	C, Maestrescolía, II, SE Folgosa, San Sebastián, I. 2
2	Álvarez de la Barrera, Pedro	-1760	C, Picato, I, Gomeán, Nosa Señora do Rosario, I. 3
3	Álvarez Torrón, Pedro	1740-	C, Picato, I, Gomeán, Nosa Señora do Rosario, I. 1
4	Arias de Neira, Gregorio	1681-	C, Picato, I, Gomeán, Santa Isabel, I. 1
5	Arias de Ulloa, Gonzalo	1759-1777	C, Farnadeiros, I, SEFarnadeiros, San Xoán Bautista, I. 4, 7
6	Arias Varela Sotomayor, Diego	1703	C, Sarria, V, SXCela, San Diego, I. 5
7	Arias, Diego	1672-†1679	C, Sarria, V, SXCela, San Diego, I. 2
8	Asorey y Mella, Ángel de	1753-1759	C, Farnadeiros, I, SEFarnadeiros, San Xoán Bautista, I. 4-6
9	Capón, José	1806-	C, Farnadeiros, I, SEFarnadeiros, San Xoán Bautista, I. 9
10	Carreira Varela, José	1865- †1867	C, Maestrescolía, VI, Piñeiro, Nosa Señora do Rosario e San Xoán Bautista, I. 10
11	Carvajales, Gregorio	1690-1710	C, Farnadeiros, I, SEFarnadeiros, San Xoán Bautista, I. 1
12	Cavarcos Pradedada, Juan	1781-1785	C, Maestrescolía, VI, Piñeiro, Nosa Señora do Rosario e San Xoán Bautista, I. 4
13	Cedrón y Valcarce, Antonio	1774-1791	C, Maestrescolía, V, Adai, San Antonio de Padua, I. 3,5
14	Díaz Castroverde, Tomás	1789-	C, Picato, I, Marei, San Antonio de Padua, I. 1
15	Díaz de Aguiar, Juan	-1684	C, Picato, I, Gomeán, Nosa Señora do Rosario, I. 1
16	Díaz Toirán, Juan Francisco	1744-†1834	C, Maestrescolía, II, SE Folgosa, San Sebastián, I. 3-4
17	Díaz, José	1777-1804	C, Farnadeiros, I, SEFarnadeiros, San Xoán Bautista, I. 7
18	Díaz, Sebastián	1676-	C, Picato, I, Franqueán, San Miguel, I. 1
19	Fernández Castroverde, José	1819-	C, Maestrescolía, VI, SCChamoso, Santa María Magdalena, I. 2
20	Fernández de Castro, Antonio Manuel	1716-1732	C, Farnadeiros, I, SEFarnadeiros, San Xoán Bautista, I. 3
21	Fernández de Neira, Juan	1800-†1809	C, Maestrescolía, V, Adai, San Antonio de Padua, I. 4, 6
22	Fernández Freijo, Juan Antonio	1748-†1781	C, Maestrescolía, VI, Piñeiro, Nosa Señora do Rosario e San Xoán Bautista, I. 3
23	Fernández Somoza, Manuel	1867-1881	C, Maestrescolía, VI, Piñeiro, Nosa Señora do Rosario e San Xoán Bautista, I. 11
24	Fernández, Froilán	1680-	C, Maestrescolía, V, Queizán, Santa Lucía, I. 1
25	Fernández, Manuel María	1855-†1865	C, Maestrescolía, VI, Piñeiro, Nosa Señora do Rosario e San Xoán Bautista, I. 8
26	Ferreiro Díaz, Andrés	1784-	C, Maestrescolía, V, Fonteita, Anónimo, I. 1
27	Gandoy y Pradedada, Antonio	1809-1829	C, Maestrescolía, VI, Piñeiro, Nosa Señora do Rosario e San Xoán Bautista, I. 6
28	García de Robles, Juan	1789-†1825	C, Maestrescolía, II, SE Folgosa, San Pedro, I. 4

29	Gómez Torrón, Pedro	1684-1712	C, Picato, I, Gomeán, Nosa Señora do Rosario, I. 1
30	Gómez Torrón, Pedro	1712-†1740	C, Picato, I, Gomeán, Nosa Señora do Rosario, I. 1
31	Gómez, Agustín	1819-1823	C, Maestrescolía, V, SBChamoso, San Antonio de Padua, I. 3
32	González Núñez, Manuel	1766-1774	C, Maestrescolía, V, Adai, San Antonio de Padua, I. 2
33	Goy, Antonio María de	1834-	C, Maestrescolía, V, SBChamoso, San Antonio de Padua, I. 4
34	Goy, Juan Vicente de	1827-1834	C, Maestrescolía, V, SBChamoso, San Antonio de Padua, I. 4
35	Gutián Somoza y Pallares, Antonio	1750-†1825	C, Sarria, V, SXCela, San Diego, I. 6
36	Lamela Teijeiro, Francisco	1806-†1812	C, Farnadeiros, II, SEFarnadeiros-Lapío, San Carlos Borromeo e Purificación, I. 5
37	López de Bande, Antonio	1823-1827	C, Maestrescolía, V, SBChamoso, San Antonio de Padua, I. 4
38	López de Caamaño, Jacob	1682-†1741	C, Maestrescolía, VI, Piñeiro, Nosa Señora do Rosario e San Xoán Bautista, I. 2
39	López de Neira, Bernardo	1732-1737	C, Farnadeiros, I, SEFarnadeiros, San Xoán Bautista, I. 4
40	López de Páramo, Luis	1714-	C, Maestrescolía, V, SBChamoso, San Luis, I. 1
41	López de Páramo, Pedro	1775-†1813	C, Maestrescolía, V, SBChamoso, San Antonio de Padua, I. 1
42	López de Prado, José Ignacio	1804-†1806	C, Farnadeiros, I, SEFarnadeiros, San Xoán Bautista, I. 8
43	López Hermida, José Domingo	1804-	C, Picato, I, Franqueán, San Adrián, I. 2
44	López Teijeiro, Sebastián	1633-†1673	C, Farnadeiros, I, Lapío, San Carlos Borromeo, I. 1
45	López Torrón, José	1761-†1809	C, Maestrescolía, VI, Arxemil, Nosa Señora do Rosario, I. 1
46	López Torrón, José	1817-1833	C, Maestrescolía, VI, Arxemil, Nosa Señora do Rosario, I. 2
47	López Torrón, Juan	1833-	C, Maestrescolía, VI, Arxemil, Nosa Señora do Rosario, I. 3
48	López, Benito	1680-1682	C, Maestrescolía, VI, Piñeiro, Nosa Señora do Rosario e San Xoán Bautista, I. 1
49	López, José Ignacio	1768-†1804	C, Picato, I, Franqueán, San Adrián, I. 1
50	López, Pedro Basilio	1768-†1806	C, Farnadeiros, II, SEFarnadeiros-SCManán, San Carlos Borromeo e Xoán Bautista, I. 4
51	Méndez, Juan Manuel	-†1750	C, Sarria, V, SXCela, San Diego, I. 6
52	Neira Páramo Montenegro, Manuel de	1723-	C, Maestrescolía, V, SPSAChamoso, San Sebastián, I. 1
53	Neira y Castro, Antonio de	1745-1753	C, Farnadeiros, I, SEFarnadeiros, San Xoán Bautista, I. 4-5
54	Neira y Castro, Bernardo de	1737-1745	C, Farnadeiros, I, SEFarnadeiros, San Xoán Bautista, I. 4
55	Neira y Osorio, Pascual de	1731-†1768	C, Farnadeiros, II, SEFarnadeiros-SCManán, San Carlos Borromeo e Xoán Bautista, I. 3-4
56	Neira y Quiroga, Juan de	1757-1766	C, Maestrescolía, V, Adai, San Antonio de Padua, I. 1
57	Nieto, Juan	-†1705	C, Farnadeiros, I, SCManán, Nosa Señora da Purificación, I. 1

58	Osorio, Domingo	1705-	C, Farnadeiros, I, SCManán, Nosa Señora da Purificación, I. 1
59	Osorio, Domingo	1692-†1723	C, Farnadeiros, II, SEFarnadeiros-SCManán, San Carlos Borromeo e Xoán Bautista, I. 1-2
60	Otero, Francisco de	-†1731	C, Farnadeiros, II, SEFarnadeiros-SCManán, San Carlos Borromeo e Xoán Bautista, I. 3
61	Pallín y Monasterio, Pedro	1809-1817	C, Maestrescolía, VI, Arxemil, Nosa Señora do Rosario, I. 2
62	Palmero y Pardo, Antonio	1710-1713	C, Farnadeiros, I, SEFarnadeiros, San Xoán Bautista, I. 1Bautista, I. 4, 7
63	Páramo e Neira, Gregorio	1813-†1819	C, Maestrescolía, V, SBChamoso, San Antonio de Padua, I. 2
64	Pardo de Quiroga, Álvaro	1674-1731	C, Maestrescolía, II, SE Folgosa, San Pedro, I. 1
65	Pardo Quiroga, Antonio	1664-	C, Maestrescolía, I, Folgosa, San Xoán Bautista, I. 1
66	Pardo Valcárcel, Jaime	1865-	C, Maestrescolía, I, Folgosa, San Xoán Bautista, I. 8
67	Pardo Vivero, José	1731-†1760	C, Maestrescolía, II, SE Folgosa, San Pedro, I. 1, 3
68	Pardo y Quiroga, Ignacio	1835-†1853	C, Maestrescolía, I, Folgosa, San Xoán Bautista, I. 6-7
69	Pardo y Quiroga, Juan María	1827-†1835	C, Maestrescolía, I, Folgosa, San Xoán Bautista, I. 5
70	Pérez Pradedo, Blas	1785-†1809	C, Maestrescolía, VI, Piñeiro, Nosa Señora do Rosario e San Xoán Bautista, I. 5
71	Pradedo Aguiar y Montenegro, Mateo	1741-†1748	C, Maestrescolía, VI, Piñeiro, Nosa Señora do Rosario e San Xoán Bautista, I. 2
72	Prado y Quiroga, Francisco de	1825-1830	C, Maestrescolía, II, SE Folgosa, San Pedro, I. 5
73	Quiroga Riomol, Juan	1853-1865	C, Maestrescolía, I, Folgosa, San Xoán Bautista, I. 7
74	Quiroga y Porras, Ramón	1811-	C, Picato, I, Gomeán, Nosa Señora do Rosario, I. 4
75	Quiroga y Riomol, José	1777-†1789	C, Maestrescolía, I, Folgosa, San Xoán Bautista, I. 2-3
76	Quiroga y Riomol, Juan	1789-1810	C, Maestrescolía, I, Folgosa, San Xoán Bautista, I. 3
77	Quiroga y Riomol, Vicente	1810-†1827	C, Maestrescolía, I, Folgosa, San Xoán Bautista, I. 4
78	Rego, José de	1713-1716	C, Farnadeiros, I, SEFarnadeiros, San Xoán Bautista, I. 2
79	Reigosa, Manuel de	1723-	C, Maestrescolía, V, Fonteita, San Pedro Apóstol, I. 1
80	Reija, Antonio	1829-†1855	C, Maestrescolía, VI, Piñeiro, Nosa Señora do Rosario e San Xoán Bautista, I. 7
81	Renard y Trinch, Francisco	1863-	C, Maestrescolía, II, SE Folgosa, San Pedro, I. 7
82	Saco de Quiroga, Pedro	1677-	C, Sarria, V, SXCela, San Diego, I. 1
83	Saco y Quiroga, Antonio	-1735	C, Maestrescolía, I, Folgosa, San Xoán Bautista, I. 1
84	Saco y Quiroga, José	1760-†1789	C, Maestrescolía, II, SE Folgosa, San Pedro, I. 3
85	Saco y Quiroga, Melchor	1686-1703	C, Sarria, V, SXCela, San Diego, I. 4
86	Saco y Quiroga, Mendo	1735-†1777	C, Maestrescolía, I, Folgosa, San Xoán Bautista, I. 1

87	Somoza, Antonio	1791-†1800	C, Maestrescolía, V, Adai, San Antonio de Padua, I. 4-5
88	Somoza, Francisco Antonio	1679-1686	C, Sarria, V, SXCela, San Diego, I. 3
89	Somoza, Ramón	1809-	C, Maestrescolía, V, Adai, San Antonio de Padua, I. 6
90	Toirán, Antonio	1693-†1727	C, Maestrescolía, II, SE Folgosa, San Sebastián, I. 1
91	Traseira y Núñez, Julián	1830-†1863	C, Maestrescolía, II, SE Folgosa, San Pedro, I. 6
92	Varela Somoza, Antonio	1825-	C, Sarria, V, SXCela, San Diego, I. 7
93	Varrera y Torrón, José	1760-†1811	C, Picato, I, Gomeán, Nosa Señora do Rosario, I. 3
94	Vázquez Teijeiro, Julián	1673-	C, Farnadeiros, I, Lapío, San Carlos Borromeo, I. 2
95	Vázquez Teijeiro, Julián	-†1692	C, Farnadeiros, II, SEFarnadeiros-SCManán, San Carlos Borromeo e Xoán Bautista, I. 1
96	Vega y Armesto, José de la	-†1858	C, Farnadeiros, III, SEFarnadeiros-Lapío, San Carlos Borromeo e Purificación, I. 8
97	Vila y Cedrón, Joaquín	1812-1825	C, Farnadeiros, III, SEFarnadeiros-Lapío, San Carlos Borromeo e Purificación, I. 6
98	Villar, Pedro	1768-†1819	C, Maestrescolía, VI, SCChamoso, Santa María Magdalena, I. 1

CAPELANÍAS ORGANIZADAS POR PARROQUIAS

1. Santiago de Adai

1.1. San Antonio de Padua

Neira y Quiroga, Juan de	1757-1766	56
González Núñez, Manuel	1766-1774	32
Cedrón y Valcarce, Antonio	1774-1791	13
Somoza, Antonio	1791-†1800	87
Fernández de Neira, Juan	1800-†1809	21
Somoza, Ramón	1809-	89

2. San Pedro de Arxemil

2.1. Nosa Señora do Rosario

López Torrón, José	1761-†1809	45
Pallín y Monasterio, Pedro	1809-1817	61
López Torrón, José	1817-1833	46
López Torrón, Juan	1833-	47

3. San Xoán de Cela

3.1 San Diego

Saco de Quiroga, Pedro	1677-	82
Arias, Diego	1672-†1679	7
Somoza, Francisco Antonio	1679-1686	88
Saco y Quiroga, Melchor	1686-1703	85
Arias Varela Sotomayor, Diego	1703	6
Gutián Somoza y Pallares, Antonio	1750-†1825	35
Méndez, Juan Manuel	-†1750	51
Varela Somoza, Antonio	1825-	92

4. Santo André de Chamoso

4.1 San Sebastián

Neira Páramo Montenegro, Manuel de	1723-	52
------------------------------------	-------	----

5. San Bertomeu de Chamoso

5.1 San Luis

López de Páramo, Luis	1714-	40
-----------------------	-------	----

5.2 San Antonio de Padua

López de Páramo, Pedro	1775-†1813	41
Páramo e Neira, Gregorio	1813-†1819	63
Gómez, Agustín	1819-1823	31
Goy, Antonio María de	1834-	33
Goy, Juan Vicente de	1827-1834	34
López de Bande, Antonio	1823-1827	37

6. San Cristovo de Chamoso

6.1 Santa María Magdalena

Villar, Pedro	1768-†1819	98
Fernández Castroverde, José	1819-	19

7. Santo Estevo de Farnadeiros

7.1. San Xoán Bautista

Carvajales, Gregorio	1690-1710	11
Palmero y Pardo, Antonio	1710-1713	62
Rego, José de	1713-1716	78
Fernández de Castro, Antonio Manuel	1716-1732	20
López de Neira, Bernardo	1732-1737	39
Neira y Castro, Bernardo de	1737-1745	54
Neira y Castro, Antonio de	1745-1753	53
Asorey y Mella, Ángel de	1753-1759	8
Arias de Ulloa, Gonzalo	1759-1777	5
Díaz, José	1777-1804	17
López de Prado, José Ignacio	1804-†1806	42
Capón, José	1806-	9

8. Santo Estevo de Folgosa

8.1 San Pedro

Pardo de Quiroga, Álvaro	1674-1731	64
Pardo Vivero, José	1731-†1760	67
Saco y Quiroga, José	1760-†1789	84
García de Robles, Juan	1789-†1825	28
Prado y Quiroga, Francisco de	1825-1830	72
Traseira y Núñez, Julián	1830-†1863	91
Renard y Trinch, Francisco	1863-	81

8.2 San Sebastián

Toirán, Antonio	1693-†1727	90
Díaz Toirán, Juan Francisco	1744-†1834	16
Álvarez de Armesto, Andrés	1727-†1744	1

9. San Martiño de Folgosa

9.1. San Xoán Bautista

Pardo Quiroga, Antonio	1664-	65
Saco y Quiroga, Antonio	-1735	83
Saco y Quiroga, Mendo	1735-†1777	86
Quiroga y Riomol, José	1777-†1789	75
Quiroga y Riomol, Juan	1789-1810	76
Quiroga y Riomol, Vicente	1810-†1827	77
Pardo y Quiroga, Juan María	1827-†1835	69
Pardo y Quiroga, Ignacio	1835-†1853	68
Quiroga Riomol, Juan	1853-1865	73
Pardo Valcárcel, Jaime	1865-	66

10. Santiago de Fonteita

10.1. Sen identificar

Ferreiro Díaz, Andrés	1784-	26
-----------------------	-------	----

10.2. San Pedro, Apóstol

Reigosa, Manuel de	1723-	79
--------------------	-------	----

11. Santa María de Franqueán

11.1. San Miguel

Díaz, Sebastián	1676-	18
-----------------	-------	----

11.2. San Adrián

López, José Ignacio	1768-†1804	49
López Hermida, José Domingo	1804-	43

12. Santiago de Gomeán

12.1. Nosa Señora do Rosario

Díaz de Aguiar, Juan	-1684	15
Gómez Torrón, Pedro	1684-1712	29

Gómez Torrón, Pedro	1712-†1740	30
Álvarez Torrón, Pedro	1740-	3
Álvarez de la Barrera, Pedro	-1760	2
Varrera y Torrón, José	1760-†1811	93
Quiroga y Porras, Ramón	1811-	74

12.2. Santa Isabel

Arias de Neira, Gregorio	1681-	4
--------------------------	-------	---

13. Lapío

13.1 San Carlos Borromeo

López Teijeiro, Sebastián	1633-†1673	57
Vázquez Teijeiro, Julián	1673-	4358

14. San Cosme de Manán

14.1 Nosa Señora da Purificación

Nieto, Juan	-†1705	44
Osorio, Domingo	1705-	58

15. Marei

15.1 San Antonio de Padua

Díaz Castroverde, Tomás	1789-	14
-------------------------	-------	----

16. Piñeiro

16.1 Nosa Señora do Rosario e San Xoán Bautista

López, Benito	1680-1682	48
López de Caamaño, Jacob	1682-†1741	38
Pradedada Aguiar y Montenegro, Mateo	1741-†1748	71
Fernández Freijo, Juan Antonio	1748-†1781	22
Cavarcos Pradedada, Juan	1781-1785	12
Pérez Pradedada, Blas	1785-†1809	70

Gandoy y Pradedo, Antonio	1809-1829	27
Reija, Antonio	1829-†1855	80
Fernández, Manuel María	1855-†1865	25
Carreira Varela, José	1865- †1867	10
Fernández Somoza, Manuel	1867-1881	23

17. Queizán

17.1 Santa Lucía

Fernández, Froilán	1680-	24
--------------------	-------	----

18. Santo Estevo de Farnadeiros e Lapío

18.1 San Carlos Borromeo e Nosa Señora da Purificación

Lamela Teijeiro, Francisco	1806-†1812	36
Vila y Cedrón, Joaquín	1812-1825	97
Vega y Armesto, José de la	-†1858	96
Vázquez Teijeiro, Julián	-†1692	95

19. Santo Estevo de Farnadeiros e San Cosme de Manán

19.1 San Carlos Borromeo e San Xoán Bautista

Osorio, Domingo	1692-†1723	59
Otero, Francisco de	-†1731	60
Neira y Osorio, Pascual de	1731-†1768	55
López, Pedro Basilio	1768-†1806	50

O ROMÁNICO DO CORGO

Outeiro Iglesias, Mario

marioouteiro@edu.xunta.gal

Enxeñeiro Técnico Industrial (esp. en Química Industrial) e Enxeñeiro Químico.

Profesor de Ensino Secundario (esp. de Física e Química e Tecnoloxía) no IES Pedregal de Irimia (Meira), onde é director.

*Ningunha das igrexas do Corgo ten singularidades de especial interese, pero todas elas si forman un apreciable conxunto dun sinxelo románico rural. **Xaime Delgado Gómez***

RESUMO

Neste artigo describiremos as dez igrexas que conservan algún elemento románico do concello do Corgo (xa que unhas foron máis modificadas que outras nos seguintes séculos á súa construción). Farase agrupando as igrexas en tres conxuntos, próximos xeograficamente, co fin de seren percorridas en bicicleta, en coche ou a pé (neste caso en tres días distintos).

Pese a parecer un traballo moi técnico direi que está pensado para ser consumido por todos os públicos, grazas á abundancia de imaxes e a explicación inicial dos conceptos arquitectónicos básicos empregados ao longo do artigo. Por outra banda, os distintos comentarios intermedios (e a presenza dalgún mapa sinxelo) facilitarannos a mobilidade polo concello do Corgo aínda que non coñezamos moito a súa xeografía.

Finalmente a presenza de don Xaime Delgado Gómez no artigo está máis que xustificada por ser el unha das persoas que máis investigou o noso románico. Este traballo está baseado nunha serie de fichas que o crego me deu hai, polo menos, unha década e serve de homenaxe a un dos grandes defensores do patrimonio lucense.

PALABRAS CLAVE

Románico, igrexas, Xaime Delgado, O Corgo, Cabreiros, Campelo, Fonteita, Franqueán, Castrillón, Gomeán, O Alto, Camposo, Cela, Quinte.

1 LIMIAR

Ao longo deste artigo fragmentado en tres partes (ou rutas) pretendo que a xente interesada na cultura do románico se achegue a dez fermosas

e sinxelas igrexas do concello do Corgo. Como dicía o estudoso do románico lucense, D. Xaime Delgado, “ningunha delas ten singularidades de especial interese, pero todas elas si forman un apreciable conxunto dun sinxelo románico rural”. Farémolo a modo de guía de viaxe, nunha ruta deseñada para percorrer en bicicleta ou vehículos a motor pola súa lonxitude, corenta quilómetros, e polas súas condicións, estradas todas asfaltadas.

Ademais, se así o desexa, o/a lector/a poderá percorrer a pé cada unha das tres rutas propostas nas que se divide o traxecto, xa que a distancia (sen contar o tempo para ver as igrexas) está calculada para ser percorrida entre hora e media e dúas horas (entre 7,5 e 9 km). Calquera das tres rutas admitiría algunha variante para escapar do asfalto pero, sen dúbida, alongaría os traxectos e sería dificultosa de seguir para as persoas que non coñezan ben o concello, por non estar sinalizadas.

Este artigo ten como base tres artigos xornalísticos que publiquei no xornal El Progreso os venres 9, 16 e 23 de agosto de 2013, na columna “Tribuna política”, que á súa vez estiveron baseados no traballo minucioso de don Xaime Delgado Gómez, un dos grandes estudosos do románico da provincia de Lugo (por iso comezaremos o artigo coa súa biografía).

No artigo distinguiremos a descrición da ruta do que son as explicacións propiamente das igrexas xa que empregaremos a cursiva para a primeira. As rutas irán acompañadas de sinxelos planos do Instituto Xeográfico Nacional a escala 1:200.000, mentres que as explicacións do románico corgués estarán adobiadas por distintas fotografías e uns conceptos arquitectónicos básicos ao comezo.

2 BIOGRAFÍA DE XAIME DELGADO

Como avancei no limiar este artigo está baseado no traballo investigador realizado por un crego lucense dun coñecemento enciclopédico e profundo: Xaime (ou Jaime) Delgado Gómez, que finou hai nove anos. Xaime naceu no 1933 na parroquia de Castelo (Taboada), na cal investigou unha das xoias do patrimonio inmaterial da nosa provincia: as fachas do folión de Castelo, que hoxe emerxe como festa a comezos de setembro no castro da parroquia (e que recomendo moi encarecidamente).



Imaxe 2.1. Foto de Xaime Delgado

Xaime foi crego e capelán do hospital lucense, profesor no Seminario de Lugo, investigador (fixo, e publicou, a súa tese de doutoramento sobre o Complexo de Temes), membro asesor e comisario en distintas comisións provinciais relacionadas co patrimonio, conferenciante, autor de varios libros de investigación, de máis de un centenar de artigos en revistas especializadas e máis de 300 de divulgación cultural.

Dous anos antes de morrer publicou o que para min é o seu mellor libro: “A Biblia na iconografía pétrea lucense”, que editou o servizo de publicacións da Deputación de Lugo no 2010 e que contou con

prólogo do escritor Lois Diéguez. O libro conta cunha calidade estética excepcional (como todo o que pasa polas mans de Xoán Ramiro Cuba), que anima a coñecer os froitos dunha longa traxectoria investigadora e que recolle 27 estudos de imaxes cristiás espalladas por toda a provincia.



Imaxe 2.2. Portada do libro “A Biblia na iconografía pétrea lucense”

Xaime é desa caste de eclesiásticos lucenses amantes do noso pasado e que dedicou toda a súa vida a investigar e a divulgar, como Francisco Vázquez Saco, os irmáns Nicanor e Isaac Rielo Carballo, Enrique Cal Pardo ou Nicandro Ares Vázquez (os tres últimos, falecidos nos últimos catro anos). O seu traballo meticuloso facilitou o punto de partida a outros moitos investigadores no campo da historia, a arqueoloxía, a etnografía ou a filoloxía.

Non lembro xa o meu primeiro encontro con don Xaime pero penso que foi poucos anos antes de morrer. El sabía que eu era un amante de todo o que estivese relacionado co meu concello natal, polo que un día visitoume cun agasallo. Trouxérame encadernadas as fichas que el posuía sobre as igrexas románicas do concello, a maiores dalgún exemplar dos seus libros (algo que ten repetido noutras ocasións). A documentación,

que gardo como un tesouro, tenme servido para divulgar o patrimonio municipal e esta anécdota vén a ilustrar o importante que é o traballo na sombra dos investigadores para que as persoas que nos dedicamos á divulgación (nos centros de ensino, nos xornais, nas asociacións...) teñamos información concreta e veraz que transmitir.

3 CONCEPTOS ARQUITECTÓNICOS BÁSICOS


3.1 GLOSARIO

Neste apartado trataremos de aclarar aqueles conceptos arquitectónicos básicos que aparecen posteriormente no artigo. Farémolo en forma de pequeno dicionario terminolóxico (ordenado, como non, por orde alfabética) e adobiado con algunha que outra imaxe e fotografía explicativa:

Ábsida: construción de planta xeralmente semicircular, cuberta cunha bóveda ou semicúpula, que sobresaia na parte posterior dun templo e onde se sitúa o altar maior.

Arco: elemento construtivo con forma xeralmente curva, que serve de soporte ou de ornamento. Reparte os empuxes exercidos sobre el mediante as doelas. No artigo aparecen os seguintes tipos de arco:

- **apuntado:** vai comprimindo a luz dende o arranque, para rematar en ángulo á altura da clave.
- **de ferradura:** ensancha a súa luz nas doelas centrais, superando o espazo entre columnas, para converxer enseguida cara o medio punto (a curva é máis ampla que un semicírculo).
- **de medio punto:** equivale a un semicírculo; é o arco por antonomasia.
- **triumfal:** arco destacado pola súa aparencia e ornato, na maior parte das veces de medio punto, que coroa a entrada da cabeceira (ou presbiterio).



Imaxe 3.1.1. Tipos de arcos

Arquivolta: moldura esculpida nas doelas dos arcos concéntricos, seguindo a curvatura do arco.

Base: parte inferior dunha columna.

Baquetón: tipo de moldura redonda, en forma de tallo, vertical e normalmente disposta en fileira con outras, empregada especialmente na arquitectura gótica, aínda que tamén se empregou na románica.

Bóveda: estrutura arqueada, de cantaría ou cachotaría, que cubre o espazo comprendido entre dous muros ou varios piares, formando a cuberta dunha construción. Por ser a bóveda a proxección dun arco, a forma deste determina a estrutura de aquela. No artigo falamos da bóveda de canón (ou medio punto), froito da proxección frontal en liña recta ou curvilínea dun arco de medio punto.

Cabeceira: parte dunha igrexa onde está o altar maior (tamén chamada presbiterio).

Cachotería: obra feita con cachotes (pedra irregular).


Cantaría: pedra de granito de forma rectangular, con seis caras sen picar, que se utiliza na construción (tamén chamado perpiaño).

Canzorro: pedra que sobresaia da parede para soste-la unha viga por un extremo, unha

cambota, unha solaina, unha cornixa, un balcón etc., en ocasións decorada con figuras humanas, animais, vexetais ou xeométricas.

Capitel: peza con ornamentos situada na parte superior da columna.

Columna: elemento xeralmente de forma cilíndrica, con moita máis altura ca diámetro, composto de base, fuste e capitel, sobre o que se apoia o teito ou outras partes do edificio, aínda que ás veces se emprega só como adorno.



Imaxe 3.1.2. Partes dunha típica porta nunha igrexa románica (Franqueán)

Cúpula: parte superior en forma de media esfera dalgúns edificios. Polo tanto, unha semicúpula (tamén chamada bóveda de forno) é a cuarta parte dunha esfera e a metade dunha cúpula.

Doela: cada unha das pedras que, labradas en forma de cuña, forman un arco, bóveda etc.

Espadana: campanario dunha soa parede, que se eleva xeralmente sobre a fachada principal e ten un ou máis vans.


Frontispicio: fachada principal dun edificio, ou parte dianteira dun moble e doutros obxectos.

Fuste: parte central da columna, entre a base e o capitel.

Lintel: peza horizontal, xeralmente de pedra ou madeira, que limita pola parte superior o oco dunha porta ou ventá.

Muro testeiro: muro da cabeceira cando é plano ou recto (é dicir, cando a cabeceira é de planta cadrada ou rectangular).

Nave: espazo amplo e alongado que forma o interior dun edificio, normalmente cuberto por unha bóveda ou algo similar.



Imaxe 3.1.3. Planta dunha típica igrexa románica (O Alto) coas súas partes

Sancristía: dependencia dunha igrexa, ou parte anexa a ela, onde se gardan obxectos de adorno, de culto ou necesarios para o seu funcionamento, e onde se visten os sacerdotes.

Sartego: sepulcro de pedra.

Tímpano: espazo situado sobre o lintel e baixo as arquivoltas, que pode contar con decoración esculpida en relevo e que no románico é, predominantemente, semicircular.

Ventá seteira: ventá (fiestra ou xanela) longa e estreita (tamén chamada troneira), abucinada (máis ancha por dentro que por fóra) por un ou ambos panos do muro, habitual en antigos castelos e construcións militares para -ademais de proporcionar algo de luz e ventilación ao interior- disparar por ela frechas ou balas.

3.2 BREVE INTRODUCCIÓN Á ARTE ROMÁNICA

A arte románica foi o estilo predominante na Galiza (e na Europa Occidental) durante os séculos XI, XII e XIII. De feito, as dez igrexas do Corgo que estudaremos nos seguintes apartados podémolas encadrar na segunda metade do século XII. Este estilo expandiuse dende Francia a través do Camiño de Santiago. Foi un produto artístico que aglutinou a unha serie de nacións, cunha clara pegada cristiá, baixo uns parámetros arquitectónicos bastante homoxéneos.

O termo acuñouno, por vez primeira, Charles de Gerville en 1820 por analoxía coas linguas románicas que sucedían ao latín, ao igual que esta expresión artística sucedía á arte antiga.

Algunhas características da arte románica son:

- O emprego do arco de medio punto.
- Pedra esquadrada pero non puída.
- Cabeceiras de semitambor (ábsidas).
- Cubertas con bóvedas pétreas de canón e forno.
- Portas monumentais.
- Existencia de ventás de medio punto abucinadas.
- Canzorros soportando os beirís (habitualmente decorados).

O románico atopa na Galiza a súa máxima expresión na Catedral de Santiago de Compostela, con conxuntos escultóricos como o Pórtico da Gloria que é dos máis senlleiros de Europa. Non se quedan moito atrás os mosteiros medievais da Ribeira Sacra, cunha alta densidade de templos diseminados entre as provincias de Lugo e Ourense (Santo Estevo e Santa Cristina de Ribas de Sil, Santo Estevo de Ribas de Miño, San Miguel de Eiré...).

O románico foi substituído polo gótico, usado na súa maioría en conventos e catedrais nos séculos XIV e XV pero con pequena implantación nos pequenos templos rurais.

4 RUTA 1: CABREIROS, CAMPELO E FONTEITA

Comezaremos pola igrexa de Cabreiros (Santa Mariña). Unha igrexa á que se accede pola N VI, apartando á man dereita (vindo de Lugo) xusto ao comezar a Legua Dereita, que é como se coñeceu de sempre á recta do Corgo, de aproximadamente 6666 m. A igrexa atópase a pouco máis dun quilómetro dende o cruce. Ao chegar á urbanización da Santa Mariña hai que coller a rúa da Igrexa. Está a carón do pazo dos Andrade, espectacular edificación estragada por unha mala restauración inacabada.

Nesta primeira ruta, de 9 km de lonxitude, veremos as tres primeiras igrexas: Cabreiros, Campelo e Fonteita.



Imaxe 4.1. Mapa da Ruta 1, en violeta (obtido do IGN a escala 1:200.000)

4.1 IGREXA DE CABREIROS (SANTA MARIÑA)

Trátase dunha igrexa adobiada por 5 sartegos antropoides altomedievais, dos moitos que existiron labrados na pena existente na súa parte traseira. Un templo que salvo o frontispicio e a sancristía, situada no muro lateral norte da ábsida, mantense bastante fiel ao deseño orixinal. Tanto a existencia dos sartegos como a propia titular da igrexa (Santa Mariña) fannos pensar na existencia anterior doutra igrexa altomedieval.



Imaxe 4.1.1. Dous dos cinco sartegos existentes na parte posterior da igrexa

Na nave, destacan a porta lateral sur (actualmente tapiada) que ten arco de medio punto e na que debeu de haber orixinalmente un pequeno soportal exterior. Existen tamén dezaseis bastos canzorros (once no muro norte e cinco no sur), tres ventás seteiras (unha en cada fachada) e o arco triunfal (cunha arquivolta bastante apuntada).

Na ábsida, de planta rectangular, existen sete canzorros e unha ventá seteira (hoxe tapiada exteriormente e oculta tralo retablo) no muro testeiro que seguramente sexa o elemento románico máis rechamante de toda a igrexa (arco de medio punto apoiado nuns capiteis dunhas columnas hoxe desaparecidas).^o



Imaxe 4.1.2. Frontispicio da igrexa de Cabreiros

Retornamos á estrada N VI, antigo camiño real de acceso a Galiza mandado construír por Carlos III, en dirección Madrid. Na casa do concello apartamos á esquerda e seguimos sen desviarnos ata a igrexa de Campelo (San Xiao) a pouco máis de 7 km da primeira igrexa.

4.2 IGREXA DE CAMPELO (SAN XIAO)

Esta igrexa conserva con bastante literalidade a súa primitiva fábrica, destacando na nave a porta de entrada (de arco apuntado) catro ventás seteiras (unha por lado), vinte e oito canzorros (divididos á metade nos dous laterais), así coma o arco triunfal. Na ábsida, de planta rectangular, existen seis canzorros (todos no lateral norte) e unha sinxela ventá seteira no muro testeiro.



Imaxe 4.2.1. Igrexa de Campelo

Como na maior parte das igrexas do concello, está rodeada polo cemiterio parroquial. Dentro do adro destaca a sepultura de Francisco Otero Besteiro, artista polifacético nacido no Mesón do Caldeiro. Francisco formouse en Madrid e no estranxeiro e realizou unha considerable obra plástica que está espallada por museos e espazos públicos. Morreu aos 61 anos, o 21 de maio de 1994, por unha doenza cardíaca e foi enterrado en Campelo nunha “tumba-mosca” que el construíra en 1976. É fillo predilecto do concello do Corgo.



Imaxe 4.2.2. Sepultura de Francisco Otero Besteiro

Para rematar a primeira etapa da ruta, continuaremos a estrada na mesma dirección, cruzando frontalmente a estrada de Castroverde. No barrio de Chavín atopamos a igrexa parroquial de Fonteita (Santiago), situada a tan só 2 km da anterior.

4.3 IGREXA DE FONTEITA (SANTIAGO)

A nave do templo foi ampliada destruíndose a fachada orixinal e creando un novo frontispicio. Nela destacan uns sinxelos canzorros, unha ventá seteira no muro sur e o arco triunfal. A ábsida consta dun tramo recto de planta rectangular, cuberto con bóveda de canón, seguido dunha cabeceira semicircular, cuberta cunha semicúpula ou bóveda de forno. Conta con sinxelos canzorros e unha moi fermosa ventá seteira no centro da curvatura absidal (rodeada por dúas columnas que soportan un arco de medio punto con varias arquivoltas).



Imaxe 4.3.1. Ábsida da igrexa de Fonteita

Pero a sorpresa desta igrexa agóchase no seu interior, na cal se atoparon, nunha reforma realizada en 1973, unhas pinturas murais (situadas por Jesús Guerra Mosquera no último terzo do século XVI) protagonizadas polo anxo San Miguel en dúas escenas, dispostas á par. Nunha delas aparece como capitán da milicia celeste cravando a súa lanza nun anxo malo ou demo. Na outra está pesando as almas para logo presentalas ao Altísimo



Imaxe 4.3.2. Pinturas murais da ábsida da igrexa de Fonteita

5 RUTA 2: FRANQUEÁN, CASTRILLÓN, GOMEÁN E O ALTO

Seguindo a estrada local, en dirección a Tórdea (outra fermosa igrexa románica pertencente xa a Castroverde), colleremos o primeiro cruzamento á dereita ao rematar o barrio de Chavín. Pasando por San Lourenzo e Vilar remataremos no núcleo de Franqueán (Santa María), situada a tan só 4,3 km da anterior.

Nesta segunda ruta, de 7,5 km de lonxitude, veremos as catro seguintes igrexas: Franqueán, Castrillón, Gomeán e O Alto.



Imaxe 5.1. Mapa da Ruta 2, en violeta (obtido do IGN a escala 1:200.000)

5.1 IGREXA DE FRANQUEÁN (SANTA MARÍA)

Esta igrexa, de fábrica románica, nas sucesivas reformas perdeu a ábsida primitiva pero mantén intactos algúns dos elementos máis característicos deste estilo arquitectónico. Feita de boas cantarías graníticas dispostas en fiadas horizontais, mantén orixinal a súa fachada con excepción da moderna espadana. Destacan nela a fermosa porta e unha ventá seteira decorada (coroadada por un arco de medio punto sobre dúas columnas).

A porta (imaxe 3.2), coroadada por dúas arquivoltas de medio punto que descansan sobre un par de columnas, está cinguida por outro arco semicircular exento de decoración. Os catro capiteis están decorados con motivos vexetais. Enriba do lintel da porta hai un tímpano con inscrición referente á data de consagración do templo. Xaime Delgado propón: “En la era (hispánica) ducentésima décima sexta después de la milésima (año 1216) tiempo en el que era rey Fernando (II) (...). Julio (lo anotó, lo esculpió) y en el nombre del Señor Jesucristo, Severio Diácono en honor de Santa María (...)”. Restados os 38 anos que a era hispánica se anticipa á cristiá, dános o ano 1178.



Imaxe 5.1.1. Na imaxe superior está fotografada a parte interior do tímpano da igrexa de Franqueán. Na imaxe inferior aparece a inscrición na súa totalidade publicada no xornal *El Progreso* (3 de outubro de 1976) polo grupo DJALIKYAH (grupo de estudantes maristas dirixido por Ricardo López Pacho)

Os muros laterais da nave contan con ventás seteiras e unha serie de sinxelos canzorros. No interior cabe destacar o arco triunfal que descansa en semicolumnas pegadas ao muro

e que contan con capiteis con motivos vexetais. Tamén chaman a atención as pinturas relativas á escena da Anunciación. Nas mesmas, un anxo, xeonllo en terra, sinala a María que está orando axeonllada nun reclinatorio borroso baixo a divina pomba (Espírito Santo). Por último, no muro lateral sur existiu unha porta que deu acceso a unha posterior sancristía que foi derrubada nos anos 30 do século pasado porque interrompía as procesións litúrxicas arredor do templo (momento no que se aproveitou para desfacer a ábsida orixinal e transformala na actual).



Imaxe 5.1.2. Igrexa de Franqueán

Segundo Xaime Delgado debeu de existir previamente unha igrexa-mosteiro de monxes, fundada no alto medievo (moi anterior ao ano mil), posta baixo a protección de Santa María. De igual xeito habería outra igrexa-mosteiro de monxas visigótica e previa á construción da igrexa románica veciña do Castrillón (baixo a protección de San Salvador). É posíbel que ambos xurdiran dun eremitorio emprazado no lugar da Ermida, pertencente á parroquia de Franqueán.

Continuamos camiño da moi próxima igrexa de Castrillón (San Salvador), situada a pouco máis de quilómetro e medio de distancia en dirección a Gomeán.

5.2 IGREXA DE CASTRILLÓN (SAN SALVADOR)

Pese a ser suprimida como parroquia en 1890, Castrillón, mantén a súa capela practicamente na súa construción románica orixinal. Ten unha nave rectangular e unha ábsida de reducido tamaño,

máis estreita e baixa (típico do románico), con cabeceira semicircular. A porta da fachada está coroada por un arco de medio punto e sobre ela a típica ventá seteira. Estás ventás tamén se aprecian en cadanseu alzado lateral e no muro da ábsida. Así mesmo ten catorce canzorros lisos na nave, iguais cos da ábsida. Dentro destaca o arco triunfal de dobre arquivolta de medio punto coa súa ventá seteira enriba.



Imaxe 5.2.1. Lateral da igrexa de Castrillón

Pero se a igrexa é interesante moito máis o é o entorno xa que está situada na croa do castro que é homónimo coa parroquia, rodeada dunha frondosa carballeira, cun anaco de miliario formando parte do altar exterior, a carón dunha abundosa fonte e onde se celebra a coñecida romaría do San Bernabé.



Imaxe 5.2.2. Frontispicio e miliario reconvertido en altar exterior da igrexa de Castrillón

A quilómetro e medio, alcanzaremos a igrexa parroquial de Gomeán (Santiago). Apartando de fronte, na primeira curva, chegamos ata a N VI, xiramos á dereita e collemos a primeira pista á esquerda.

5.3 IGREXA DE GOMEÁN (SANTIAGO)

Trátase dun exemplar de traza románica sinxela que se conserva bastante similar á orixinal salvo o frontispicio que foi substituído por outro. En cada muro lateral da nave poden apreciarse un par de ventás seteiras carentes de decoración, así como unha serie de rústicos canzorros. A ábsida é tipicamente románica, máis baixa e estreita ca nave, co seu tramo recto (cuberto con bóveda de canón) seguido da semicircular cabeceira (con bóveda de forno). Dentro conserva o típico banco de pedra engadido ao interior dos muros. Dende dentro tamén se pode confirmar a existencia orixinal dunha ventá no centro da cabeceira, máis difícil de apreciar na actualidade dende fóra. Os canzorros da ábsida son iguais cos da nave. No interior cómpre salientar o seu arco triunfal con dúas arquivoltas en arco de medio punto.



Imaxe 5.3.1. Igrexa de Gomeán

Na contigua Casa do Pacio existiu unha capela dun precoz románico (hoxe integrada na vivenda) que foi anterior á construción da igrexa parroquial. Nas súas inmediacións existe un castro e unha fonte cun estanque feito en pedra.

Continuaremos a estrada xirando dúas veces á esquerda ata chegar á carballeira do campo da Feira (a carón da antiga escola), onde volveremos a xirar á esquerda. Unha vez chegados ao Alto

(Santalla) collemos o segundo cruzamento á esquerda e alí, a catro quilómetros e medio da anterior, atoparémonos cunha das máis fermosas igrexas da ruta.

5.4 IGREXA DE ALTO (SANTALLA)

Conserva esta igrexa a súa fábrica románica case na súa integridade. Está formada por unha nave rectangular cuberta de madeira a dobre vertente seguida dunha ábsida formada por tramo recto e cabeceira semicircular. Non son da época a espadana e a sancristía (pegada ao muro norte). Como elementos románicos da nave destaca o frontispicio no que se abre unha bastante erosionada porta principal, coroada por arquivolta de medio punto perfilada por outro arco decorado con dobre baquetón emparellado. Ten un tímpano liso semicircular. Sobre a porta abre o muro unha ventá seteira. Na parede sur ábrese tamén unha porta con elementos arquitectónicos similares á anterior. En cada muro lateral consérvase unha ventá seteira e algún que outro canzorro liso e basto.

No interior chama a atención o arco triunfal formado por dúas arquivoltas lisas e de sección rectangular apoiado nun muro pilastra que curiosamente non é vertical. Este baixa en plano inclinado cunha separación na base do muro que é 40 cm menor que as bases do arco.

A ábsida consta de tramo recto cuberto por bóveda de canón e unha cabeceira semicircular cuberta con bóveda de forno. Este corpo conserva na súa totalidade os canzorros orixinais e non se aprecia a ventá seteira que seguramente debeu existir no centro da cabeceira.



Imaxe 5.4.1. Fachada Sur e ábsida da igrexa do Alto

A pesares do xa relatado o que máis destaca nesta igrexa son as súas impresionantes pinturas da nave e ábsida (merecentes sen dúbida dun artigo específico). As desta última, de maior calidade, representan os catro evanxelistas cos seus símbolos na bóveda de canón e nos muros laterais catro escenas de Nadal. No centro, detrás do retablo neoclásico, probablemente se atopan as pinturas relativas ao xuízo final como o insinúan dous anxos que se ven a cada lado tocando trompetas. Na nave aparecen pinturas dun viacrucis e outras dúas escenas do século XVI: unha relativa a San Roque e outra á coroación da virxe.



Imaxe 5.4.2. Pinturas murais da igrexa do Alto (foto de Peter Schneider, cedida pola A.C. Arumes do Corgo)

6 RUTA 3: CAMPOSO, CELA E QUINTE

Continuaremos ruta en dirección a Marei (pasando por Vilar, Vilanova, Mariño, Outeiro – alí xiramos á esquerda- e Barreiros) para coller a estrada de “circunvalación” de Lugo (DP 1611) en dirección a Maceda. Unha vez sobrepasemos o desvío da estrada de Sarria, xiramos á esquerda atravesando o fermoso barrio de Laxes ata chegar a Camposo (Santiago), dez quilómetros despois.

Na terceira, e última, ruta, de preto de 9 km de lonxitude, veremos as tres últimas igrexas: Camposo, Cela e Quinte.



Imaxe 6.1. Mapa da Ruta 3, en violeta (obtido do IGN a escala 1:200.000)

6.1 IGREXA DE CAMPOSO (SANTIAGO)

Cómpre resaltar a sinxeleza deste templo que conserva ben a súa construción orixinal salvo a porta principal, xa renacentista (pero ben integrada no conxunto). O corpo absidal e a fachada teñen boa cantaría granítica ao contrario cos muros da nave feitos de cachotaría. Na nave é importante salientar tres elementos: unha ventá seteira no muro norte, os canzorros e o arco triunfal aberto no muro testeiro.

A ábsida está formada polo típico tramo recto e cabeceira semicircular. Exteriormente destacan a ventá seteira e os canzorros: dous deles no lado sur con forma de proa e outro cun rolo cilíndrico. A ventá seteira está rematada en arco de medio punto soportado por dúas pequenas columnas con capiteis adornados por follas lisas.



Imaxe 6.1.1. Ábsida da igrexa de Camposo

Continuando pola mesma estrada xiramos á dereita inmediatamente antes da impresionante e medieval Ponte de Neira. Ao pouco, volvemos a xirar á dereita para chegar á igrexa parroquial de Cella (San Xoán), a dous quilómetros e medio da anterior.

6.2 IGREXA DE CELA (SAN XOÁN)

É esta unha igrexa moi modificada que só conserva, da orixinal fábrica románica, catro canzorros no muro norte e dous no muro sur. No muro do adro da igrexa hai un sinxelo (e incompleto) vía crucis feito con pedras de cantaría dunha soa peza.



Imaxe 6.2.1. Vía crucis da igrexa Cella

Para rematar a ruta volveremos á estrada principal (Lugo-Páramo) en dirección Lugo (cruzaremos de fronte a estrada provincial DP 1611). Ao chegar a Quinte (Santalla), xiramos á esquerda ata atopar a igrexa parroquial, a preto de seis quilómetros e medio da anterior.

6.3 IGREXA DE QUINTE (SANTALLA)

Esta igrexa (houbo outra no alto medievo), aínda que de fábrica románica, perdeu o orixinal frontispicio e sufriu reformas noutros dos seus elementos arquitectónicos. Só conserva na súa integridade orixinal o muro testeiro no que se abre o arco triunfal e unha ventá seteira. O arco ten forma de ferradura, rememorando tempos prerrománicos. Está formado por unha dobre arquivolta de medio punto de sección rectangular con arestas vivas. As columnas que o soportan

teñen capiteis bastos e pouco definidos, ambos cunha especie de arcos e bólas debaixo, estando en conxunto mellor organizado o dereito. Sobre o arco triunfal a ventá seteira está oculta interiormente pero é visible no exterior sobre o lousado da ábsida. A ábsida, a diferenza da nave, segue a conservar algún canzorro liso e un esculpido en forma de bóla.




Imaxe 6.3.1. Igrexa de Quinte

O máis salientable no muro sur é unha porta con arco de medio punto por dentro, pero oculto ao exterior. Son curiosos os gravados no lintel da porta, que conta con cinco triángulos: tres deles apuntando cara abaixo e os intermedios cara arriba. Dentro dos triángulos están inscritos uns sinxelos debuxos: unha cruz latina (o da esquerda), círculos e cuñas.



Imaxe 6.3.2. Inscricións no lintel da porta sur

No interior destacan as súas pinturas murais (seis escenas). Dúas delas atópanse nas caras interiores dos apoios do arco triunfal: San Pedro (esquerda) e San Pablo (dereita). Mirando de fronte o muro (a ambos lados do arco triunfal) podemos ver na parte superior esquerda unha torre cara a cal camiña San Pedro cunha chave na man dereita e unha persoa espida agarrada á man esquerda. No mesmo lado, pero abaixo, atopamos dous cabaleiros (un deles, presuntamente, Santiago Matamouros) e aos pés do primeiro cabalo un home deitado e sen cabeza, acompañado dunha cabeza (ou un home máis). No lado dereito (na parte superior) temos un dragón fabuloso e xusto debaixo aparece a cabeza dunha muller moza (probabelmente a Virxe da Anunciación). Xaime Delgado sitúa cronoloxicamente estas pinturas no s. XVI.



Imaxe 6.3.3. Deseño (probábel) das pinturas de Quinte (Xaime Delgado, Lucensia)

7 CONCLUSIÓNS

A conclusión principal resumiuna moi ben Xaime Delgado ao tratar de dicir que ningunha das igrexas propostas tiña calidade suficiente para ser estudada nunha facultade de historia pero que as dez igrexas corguesas formaban un conxunto a ter en conta dentro do sinxelo románico rural galego. Algunhas delas agochan tesouros en forma de pinturas murais ou tallas de madeira. Outras foron xa ampliadas e modificadas en séculos posteriores e polo tanto conservan unha mestura de estilos máis ou menos acertada.

Tamén hai diferenzas en canto ao seu estado de conservación, sendo este, en xeral, aceptábel. Suxerimos que se realice un plan de actuación conxunto para mellorar non só o seu estado (realizado por empresas con experiencia e supervisado por técnicos especialistas) senón tamén a súa posta en valor, xa que moitas veces son os propios veciños/as os que ignoran a importancia do seu templo parroquial.

8 BIBLIOGRAFÍA

MONOGRAFÍAS

DEL CASTILLO LÓPEZ, Ángel. Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1987.

DELGADO GÓMEZ, Jaime. El románico de Lugo y su provincia. A Coruña: Edinosa, 1996-1999.

DELGADO GÓMEZ, Xaime. A Biblia na iconografía pétrea lucense. Lugo: Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo, 2010.

GARCÍA, Xosé Lois. Simboloxía do Románico de Chantada. Lugo: Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo, 2010.

GONZÁLEZ AGUIAR, Begoña. A presenza do mestre Mateo no Sur da provincia de Lugo. O taller de Portomarín e os seus colaboradores. Lugo: Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2014.

XIZ, Xulio. O Corgo, amplo horizonte. Lugo: Concello do Corgo, 2007.

ARTIGOS EN REVISTAS

OUTEIRO IGLESIAS, Mario. “Estudo das sepulturas antropoides altomedievais”. Corga, 2010, nº 1, páxs. 12-25.

DELGADO GÓMEZ, Jaime. “Las pinturas murales de la iglesia de Santa Eulalia de Quinte”. Lucensia, 2010, nº 41, páxs. 339-348.

PÁXINAS WEB

<https://www.glosarioarquitectonico.com> [Consultado: 06/11/2021].

<https://www.slideshare.net/mencargar/vocabulario-arte-romnico> [Consultado: 06/11/2021].

<http://galegos.galiciadigital.com/gl/jaime-delgado-gomez> [Consultado: 03/11/2021].

<https://academia.gal/diccionario> [Consultado: 01/11/2021].

OUTROS

Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo. Deputación Provincial de Lugo.

Boletín do Museo Provincial de Lugo. Deputación Provincial de Lugo.

Inventario Artístico de Lugo y su provincia. Ministerio de Cultura. Dirección General de Bellas Artes y Archivos. Centro Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica. Madrid.

Proxecto de PXOM do Concello do Corgo. Antonio de Vega Rodríguez e outros. Concello do Corgo.

Mapa a escala 1:200.000 do concello do Corgo. Instituto Geográfico Nacional (IGN).

Artigos do xornal “El Progreso”.

Gran Enciclopedia Gallega.

MEMORIA DE ACTIVIDADES DA A.C. ARUMES DO CORGO (2019)

Agradecemos ao grupo Xacobeo de Sarria a organización das seguintes rutas de sendeirismo (nas que participamos convidados por eles): Porto do Son-Noia-Ruta das praias, Ribeira Sacra-Conca do Miño, as dúas rutas para coñecer a Ecovía do Vez, a Cova de Valporquero e o Museo da fauna salvaxe, Pedras Negras, O Grove e Illa da Toxa e Penas de Rodas e Miradoiro da Terra Chá.

EXCURSIÓN Á PROVINCIA DE LEÓN

Visita a Ponferrada e á “Festa do botillo” en Bembibre (declarada de Interese Turístico de Castela e León (sábado, 23 de febreiro).

CELEBRACIÓN DO ENTROIDO

Xantar de confraternización (sábado, 2 de marzo).

RUTA DE SENDEIRISMO: PORTO DO SON-NOIA-RUTA DAS PRAIAS

Levouse a cabo o domingo, 10 de marzo, cun percorrido de 15 km. Partimos de Porto do Son, pasando pola praia de Caveiro, Faro de Caveiro, Punta Agueira, praia de Agueira, praia do Pozo, praia de Coira, Portosín, praia das Gaivotas, praia Noia Pequena, Punta Redondela, praia de Boa, praia pequena de Boa, praia do Testal, ata o porto do Testal.

Pola tarde tivemos visita guiada ás minas de San Finx de Lousame, con parada no Mosteiro de San Xusto de Toxosoutos e na súa ferverza.



XI ENCONTRO ASTUR-GALAICO

Celebrouse o domingo, 7 de abril, organizado pola Asociación Cultural Roteiros de Pol. A xuntanza consistiu nun roteiro a pé, xantar e unha actuación musical.



RUTA DE SENDEIRISMO: RIBEIRA SACRA-CONCA DO MIÑO

Levouse a cabo o domingo, 14 de abril. Comezou a ruta cun percorrido a pé de 3 km (ida e volta) para visitar a Ferverza de Augacaída (concello de Pantón). Despois houbo visita guiada ao Museo Etnográfico de Arxeriz (O Saviñao) con parada no seu castro. Continuamos con parada no miradoiro do Cabo do Mundo Miño (O Saviñao). Xantamos na adega-restaurante “A Cova”.

Pola tarde visitamos a praia fluvial da Cova (O Saviñao). Despois realizamos unha visita guiada ao Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Miño (O Saviñao). Finalizamos con outra visita guiada a adega Amedo (Chantada), con degustación dos seus viños.



RUTA DE SENDEIRISMO PARA COÑECER A ECOVÍA DO VEZ (PORTUGAL)

Realizámola o domingo, 12 de maio, cun percorrido de 15 km polos pasadizos do río Vez. Partimos do pobo de Sistelo (chamado o pequeno Tíbet portugués e considerada a primeira das setes marabillas de Portugal, na categoría de aldea rural) ata Arcos de Valdevez (onde xantamos). Pola tarde visitamos o Palacio de Breijoeira, cunha degustación de albariño de produción propia.



XII ENCONTRO DE ASOCIACIÓNS

Celebrouse o sábado, 25 maio, organizada pola Asociación Arcas de Sarria. Ás 9:15 h houbo concentración de participantes no Malecón do río Sarria, a carón da Ponte Alfonso IX. Houbo dous percorridos: un curto e outro máis longo de 11 km. Despois de xantar gozamos dunha velada musical a cargo do dúo Raiceira.



EXCURSIÓN Á COVA DE VALPORQUERO E MUSEO DA FAUNA SALVAXE (LEÓN)

Levouse a cabo o domingo, 2 de xuño. Pola mañá: visita guiada ao museo da fauna salvaxe e visita ao parque zoolóxico con percorrido guiado en vehículo especial para observación de animais en semiliberdade.



RUTA: PEDRAS NEGRAS, O GROVE E ILLA DA TOXA

A ruta celebrouse o domingo, 30 de xuño.

Mañá: ruta de aproximadamente 12 km que percorre o litoral oeste da península de O Grove (dende San Vicente do Mar, seguindo polo seu paseo de Pedras Negras, ata punta Moreiras, batería militar de costa do Grove, lagoa de Bodeira, área arqueolóxica do Adro Vello, Museo do Salazón...).

Mediodía: ruta en catamarán pola Ría de Arousa (entre o Grove e a Toxa, illa de Arousa e Cambados), con explicación sobre o cultivo do mexillón, ostras e vieiras. Degustación de mexillóns. Comida de mediodía no mesmo catamarán.

Tarde: visita libre á Illa da Toxa.



VI XUNTANZA DE VERÁN DOS SOCIOS E FAMILIARES DA A.C. ARUMES

Levouse a cabo o domingo, 4 de agosto en Castrillón con numerosa afluencia de socios.

RUTA DA ECOVIA DO VEZ: 2ª PARTE (PORTUGAL)

Realizouse o domingo, 22 de setembro. Fixemos a ruta que parte da Ponte medieval de Vilela ata a Ponte da Barca, pasando polo fermoso paseo fluvial de Arcos de Valdevez e as súas praias. Visitamos a Ponte Vella de Arcos de Valdevez, un lugar de gran atracción turística e o parque do río Vez. A comida levouse a cabo en Ponte da Barca. Pola tarde visitamos o Pazo de Giela.

XORNADAS DE RECOÑECIMENTO E EXPOSICIÓN DE COGOMELOS

Como é habitual os días 22 e 23 de novembro levouse a cabo unha nova edición das xornadas micolóxicas de Arumes. O primeiro día celebrouse a parte teórica a cargo de José Antonio Castro Ferreiro (membro da xunta directiva da Asociación Micolóxica Lucus). O segundo, houbo unha saída de campo guiada con posterior selección e recoñecemento de cogomelos.



RUTA POR PENAS DE RODAS E O MIRADOIRO DA TERRA CHÁ

A ruta celebrouse o 24 de novembro polas admiradas paraxes do poeta nacional galego: Manuel María.



XIII CERTAME LITERARIO “TERRAS DE CHAMOSO”

Osábado, 21 de decembro, no Centro Sociocultural do Corgo, celebrouse a entrega de premios do XIII Certame Literario “Terras de Chamoso”. Os premiados desta edición foron:

CATEGORÍA: INFANTIL

Modalidade: poesía

1º premio: Erika Trashorras Pérez, de Trashorras (Castroverde), pola obra “Un mundo distinto”.

2º premio: Adrián Río Taboada, de Lugo, pola obra “Galicia, a miña terra”.

Modalidade: relato

1º premio: Valle Reija Lamela, de Lugo, pola obra “A malla xa chegou”.

2º premio: Javier Dorado Lenza, da Esperela (Baleira), pola obra “Entrás á casa... e está baleira”.

Premio “A Legua Dereita”: Valle Reija Lamela, de Lugo, pola obra “A malla xa chegou”.



CATEGORÍA: XUVENIL

Modalidade: poesía

1º premio: Sandra Rodríguez Macía, de Monforte de Lemos, pola obra “Teño un baleiro dentro de min”.

2º premio: Brais Viso Romero, de Ourense, pola obra “As Terras do Miño”.

Modalidade: relato

1º premio: Beatriz Gómez Coelho, de Couso (Cervantes), pola obra “Chove por nós”.

2º premio: Sandra Rodríguez Macía, de Monforte de Lemos, pola obra “O colar de cunchas”.





CATEGORÍA: ADULTOS

Modalidade: poesía

- 1º premio: Martiño Maseda Lozano, de Xoibán (Vilalba), pola obra “A fala das mans”.
- 2º premio: Xosé Antón Núñez Álvarez, “Toño Núñez”, de Lugo, pola obra “Patacas”.
- 1º accésit: Emilio Silva Otero, de Romeán (Lugo), pola obra “Ruínas paralelas”.

Modalidade: relato

- 1º premio: Rosario Valcárcel Mato, de A Caeira (Poio), pola obra “Espello”.
- 2º premio: Emilio Silva Otero, de Romeán (Lugo), pola obra “Non haberá máis silencio”.



DOCUMENTACIÓN PARA A ENTREGA DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN

D./Dña

NIF: Teléfono:

Enderezo:

C.P.: Concello Provincia:

Correo-e:

Entrega a seguinte documentación co fin de tramitar a inscrición como Socio/a Numerario/a ou Xuvenil do CENTRO DE ESTUDIOS DO CORGO (CEC):

- Impreso de solicitude de ingreso no CEC debidamente asinado.
- Copia simple do DNI
- Traballo de investigación seguindo as normas de publicación establecidas (dúas copias en papel e unha en formato dixital).
- Anexos (dúas copias en papel e unha en formato dixital).
- Autorización de cesión dos dereitos de autor.
- Consentimento do pai/nai/titor legal (nas persoas entre 14 e 18 anos).
-

En, a de de

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO



SOLICITUDE DE INSCRICIÓN COMO SOCIO/A NUMERARIO/A OU XUVENIL

D./Dna

NIF: Data de nacemento: / /

Enderezo:

C.P.: Concello: Provincia:

Tfno. fixo: Tfno. móbil:

Correo-e:

Título do estudo:

Formación académica:

Experiencia laboral:

Forma de recibir comunicacións da Asociación: Correo electrónico Correo postal

Solicita formar parte como Socio/a Numerario/a ou Xuvenil do CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO conforme aos seus estatutos.

En, a de de

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO



CESIÓN DE DEREITOS DE AUTOR

O Centro de Estudos do Corgo (en diante CEC) é unha Asociación sen ánimo de lucro.

D./Dna (en diante: "o autor)

NIF:

Enderezo:

C.P.: Concello: Provincia:

Convén o seguinte:

PRIMEIRO: Antecedentes

- 1) O CEC ten como fins a promoción de diferentes estudos (patrimonio natural, material e inmaterial, arte, lingua e literatura, xeografía e historia, economía, sociedade e educación...) sobre o concello do Corgo e a súa divulgación entre os habitantes do concello.
- 2) O CEC realizará (para acadar os fins anteriores) unha recopilación de toda a información posíbel sobre o concello do Corgo nun arquivo/biblioteca (en papel e en formato dixital), así como a publicación dunha revista anual (por escrito) e dun sitio web con artigos sobre O Corgo.
- 3) O autor (en caso de varios autores, especificar no Anexo I) realizou un estudo titulado:

.....
obra que formará parte do uso referido no numeral anterior.

- 4) Polo presente contrato regúlase a forma e condicións da cesión dos dereitos correspondentes que o autor realiza a favor do CEC, que se regulará nun todo polas disposicións contidas nas cláusulas seguintes.

SEGUNDO: Cesión dos dereitos

O autor cédelle ao CEC, quen adquire, os dereitos que lle corresponden sobre o estudo, incluíndo os dereitos de edición e publicación.


TERCEIRO: Regalías

A cesión á que se refire a cláusula anterior realízase a título gratuito, polo que o CEC non lle deberá aboar ao autor regalías de ningunha especie.

CUARTO: Obrigas do CEC.

O CEC non poderá, en ningún caso ou circunstancia:

- a) Ceder total ou parcialmente, en foma directa ou indirecta, os dereitos adquiridos a través da presente formalidade, a favor de ningún terceiro e baixo ningunha modalidade.
- b) Facer ningún agregado, supresión nin modificación á obra sen o consentimento previo, expreso e escrito do autor.



QUINTO: Dereitos do CEC.

Ademais da edición, publicación e impresión da obra como parte do uso referido na cláusula primeira, o CEC poderá libremente:

- a) Determinar o tipo de impresión, formato, clase de papel, encadernación e demais características físicas do estudo, así como o formato do sitio web;
- b) Realizar actividades de promoción e publicidade dos estudos;
- d) Utilizar o nome e a imaxe do autor con fins publicitarios e de promoción, exclusivamente en relación á obra obxecto deste contrato.

SEXTO: Garantía de lexitimidade

O autor garante que a obra goza de “libre dispoñibilidade” (no caso de varios autores, da “dispoñibilidade conxunta”) dos dereitos que cede.

En caso de impugnación dos dereitos autorais ou reclamacións instadas por terceiros relacionadas con contido ou a autoría da obra, a responsabilidade que puidese derivarse será exclusivamente de cargo do autor.

SÉTIMO: Mandato de protección

O autor autoriza ao CEC a perseguir os responsábeis de edicións clandestinas e fraudulentas, así como para exercer a defensa dos dereitos autorais obxecto desta cesión, se for preciso.

OITAVO: Liberdade do autor

O autor ten liberdade de autorizar a terceiros a realización doutras edicións da obra, así como de ceder os dereitos de autor a favor de terceiros.

NOVENO: Modificación e resolución do contrato

Este contrato poderá modificarse ou rescindir-se de mutuo acordo das partes, así como rescindir-se unilateralmente sempre e cando a outra parte incumpra gravemente as súas cláusulas.

En....., a de de

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO



ANEXO I (Cesión de dereitos de autor)

COAUTOR 1:

D./Dna

..... NIF:

Enderezo:

C.P.: Concello Provincia:

COAUTOR 2:

D./Dna

..... NIF:

Enderezo:

C.P.: Concello Provincia:

En, a de de

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO



AUTORIZACIÓN FAMILIAR PARA MENORES DE IDADE

D./Dña.....

NIF:..... Teléfono:

Enderezo:.....

C.P.:..... Concello:..... Provincia:.....

Tfno. fixo:..... Tfno. móbil:.....

Correo-e:.....

Pai, nai ou titor/a legal (rísquense as que non procedan) do menor:

..... con NIF:

Afirmo coñecer os Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno que rexen o Centro de Estudos do Corgo (CEC) e autorizo o meu fillo/a a facerse Socio/a Xuvenil da devandita Asociación.

A maiores autorizo a CEC a publicar a imaxe do menor en calquera das actividades relacionadas cos fins do Artigo 5 dos Estatutos, en calquera dos formatos posibles (páxina web do CEC, fotografías para revistas ou publicacións, filmacións...)

En....., a..... de..... de.....

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

Idioma. Só se admite o galego como idioma vehicular da revista. Empregarase sempre a última normativa aceptada pola Real Academia Galega, aparecendo as palabras non adaptadas á mesma entre comiñas.

Extensión. Os traballos presentados terán unha extensión ou outra dependendo do número de redactores:

- 1 persoa: entre 5 e 20 páxinas.
- 2 persoas: entre 10 e 30 páxinas.
- 3 persoas: entre 15 e 40 páxinas.

Os Anexos presentados non serán publicábeis na revista e formarán parte do arquivo-biblioteca do CEC.

Estrutura. O artigo presentado ten que contar cos seguintes apartados:

- Título (máximo de 80 caracteres contando espazos en branco).
- Identificación do(s) autor(es) por orde de importancia ou alfabético de apelidos acompañado do correo-e dos mesmos, o título profesional e o centro de traballo.
- Agradecementos (opcional).
- Resumo (máximo de 150 palabras).
- Palabras clave (entre 3 e 10).
- Introducción/limiar.
- Corpo do traballo cos apartados que se consideren oportunos.
- Conclusións.
- Referencias bibliográficas.

Formato:

- Tipo de documento: Word (recoméndase tamén entregar o mesmo documento en formato pdf).
- Letra: Arial, cor automático (negro), tamaño 12 puntos, salvo que se indique o contrario (títulos...).
- Marxes: superior, inferior e laterais de 3 cm.
- Aliñación: xustificada sen sangría na primeira liña.
- Espaciado: anterior e posterior de 0 puntos e interliñado sinxelo. Espacio entre parágrafos dunha liña en branco.
- Recomendase non empregar o subliñado para resaltar partes do texto.
- Título: maiúsculas, centrado, cor verde escuro e tamaño de letra de 16 puntos.
- Identificación do(s) autor(es): apelidos e nome (separado por coma).
- Datos do(s) autor(es): tamaño de letra de 10 puntos.
- Agradecementos: tamaño de letra de 10 puntos.
- Títulos de apartados (RESUMO, PALABRAS CLAVE, INTRODUCCIÓN/LIMIAR, CONCLUSIÓN, BIBLIOGRAFÍA...) irán en maiúscula, negra e sen punto ao final. Se se numeran os apartados (a partir da introdución) empregaranse as normas ISO (1 / 1.1 / 1.1.1 / 2 / 2.1 / 2.1.1 etc.).

- Numeración de páxinas: borde inferior dereito incluíndo a primeira páxina (non se fará portada).
- Notas a pé de páxina: tamaño de letra de 10 puntos.

Imaxes. O texto pode ir acompañado por ilustracións, fotos ou gráficos, sempre orixinais ou acompañados do permiso do editor ou autor para a súa publicación. Para ser impresas con calidade, deberán ter unha resolución mínima de 300 ppp. Admitiranse como formatos de imaxe TIFF ou JPG. Incluíranse no documento e en arquivos separados, indicando con claridade o lugar no que deben inserirse no texto.

Bibliografía. Clasificada por orde alfabética, axustárase ás seguintes normas:

- Monografías: APELIDO(S), Nome. *Título do libro*. Lugar de edición: editorial, ano de edición.
- Partes de monografías: APELIDO(S), Nome. "Título da parte". En: Responsabilidade da obra completa. *Título da obra*. Lugar de edición: editorial, ano de edición.
- Artigos en revistas: APELIDO(S), Nome. "Título do artigo". *Título da revista*. Edición. Ano, número, páxinas.
- Recursos electrónicos en internet: Responsábel principal. *Título*. Data de publicación. <URL> (data de acceso).

Unidades de medida. Empregarase o Sistema Internacional de Unidades (SI) e non o sistema anglosaxón de unidades.

Principios éticos e legais. Non se publican textos con contido que promova algún tipo de discriminación social, racial, sexual ou relixiosa; nin artigos que xa fosen publicados integramente noutros lugares.

A revista non se fai cargo das imaxes, textos e traballos dos autores que serán responsábeis legais do seu contido.

En caso de conflito legal con algún aspecto dun traballo publicado, o demandante debe demostrar de xeito fidedigno e mediante denuncia, o presunto delicto ou falta cometido polos autores. O resultado anunciarase na revista.

Os artigos poden ser reproducidos sempre que se cite claramente a súa procedencia e o servizo sexa gratuíto. En servizos de pagamento deberán pedir expresamente permiso e aboar os dereitos correspondentes á revista e aos autores.

Seguindo as norma Vancouver o artigo estará asinado por aquelas persoas que efectivamente participaron na súa elaboración, reservándose a revista o dereito de investigar a participación concreta dalgun ou todos os seus membros.

A comprobación de que un autor intentou plaxiar algún traballo nesta ou outra publicación fará que automaticamente sexan rexeitados, a partir deste momento, os traballos nos que figure o devandito autor.



cenṭro de estudios do corḡo

ARZUMES
ASOCIACIÓN CULTURAL
do corḡo

